



DIARIO OFICIAL

de **GALICIA**

Martes, 1 de xuño de 2004  
Taxa 0,84 € (IVE incluído)

**SUMARIO**

	<u>Páxs.</u>
<b>III. OUTRAS DISPOSICIÓNS</b>	
<b>CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA</b>	
— Orde do 21 de maio de 2004 pola que se clasifica como benéfico-social a <i>Fundación Galega para a Dinamización do Emprego.</i>	7.745
<b>CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA</b>	
— Orde do 3 de maio de 2004 pola que se autoriza o cambio de denominación do CEIP de Lalín (Pontevedra).	7.746

- Páxs.
- Orde do 4 de maio de 2004 pola que se autoriza o cambio de denominación do CEIP de Rubiá (Ourense). 7.746
- Corrección de erros.-Orde do 5 de maio de 2004 pola que se resolve o concurso público convocado na Orde do 5 de decembro de 2003, pola que se regula a concesión de subvencións a asociacións e institucións privadas sen fin de lucro para fomentar o uso social da lingua galega. 7.746
- Orde do 24 de maio de 2004 pola que se modifica a oferta de ciclos formativos, por ciclo completo, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. 7.746
- Orde do 24 de maio de 2004 pola que se modifica a oferta modular de ciclos formativos, polo réxime de persoas adultas, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2004-2005. 7.748

#### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Resolución conxunta do 24 de maio de 2004, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e da División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, pola que se ordena a publicación do pacto suscrito pola Administración sanitaria coas centrais sindicais CC.OO., CIG, UGT, CSI-CSIF e SAE, de selección temporal de persoal estatutario para vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde. 7.751

#### **CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

- Resolución do 26 de abril de 2004, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o depósito e a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, da Sentenza do Xulgado do Social número catro da Coruña sobre impugnación do convenio colectivo do Concello de Culleredo. 7.777
- Resolución do 30 de abril de 2004, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, do convenio colectivo do sector de industrias de carpintería e ebanistería. 7.779

#### **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

- Resolución do 18 de maio de 2004 pola que se modifica a delegación de sinatura da postestade certificante do secretario xeral en determinados órganos. 7.785

#### **IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS**

##### **CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Páxs.
- Orde do 24 de maio de 2004 pola que se nomean os membros do tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala de estatísticos. 7.786
- Resolución do 14 de maio de 2004, do tribunal que vulga as probas selectivas para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, grupo B, escala técnica de finanzas, convocado por Orde do 10 de decembro de 2002, pola que se fai pública a relación definitiva de aspirantes aprobados na fase de oposición. 7.786

##### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Orde do 28 de maio de 2004 pola que se convoca procedemento selectivo de acceso ao corpo de inspectores de Educación. 7.787

##### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**

- Orde do 19 de maio de 2004 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Medio Ambiente, anunciado pola Orde do 9 de marzo de 2004. 7.800

#### **V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**

##### **XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO SETE DE VIGO**

- Edicto (536/2003-J). 7.801

##### **XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO TRES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

- Edicto (261/2003). 7.801
- Edicto (27/2004). 7.801

##### **XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

- Edicto (57/2003). 7.802

**VI. ANUNCIOS****a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

- Anuncio do 7 de maio de 2004, da Delegación Territorial de Pontevedra, polo que se relacionan aperturas de trámites de audiencia pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Álvarez Balbóna, Ángeles e tres máis). 7.802
- Anuncio do 7 de maio de 2004, da Delegación Territorial de Pontevedra, polo que se relaciona resolución de recurso de reposición pendente de notificar e se empraza o interesado que se sinala para ser notificado por comparecencia (Rodríguez Saavedra, María Jesús). 7.803
- Anuncio do 7 de maio de 2004, da Delegación Territorial de Pontevedra, polo que se relacionan requirimentos de documentación pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (*Recreativos Carlo, S.L.*). 7.803
- Anuncio do 7 de maio de 2004, da Delegación Territorial de Pontevedra, polo que se relacionan liquidacións complementarias pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Loira Cabodevila, Manuel e tres máis). 7.804

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA**

- Resolución do 25 de maio de 2004 pola que se anuncia a licitación do concurso, polo procedemento aberto, das asistencias técnicas de clave AC/00/065.01 e dúas máis. 7.804

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO**

- Acordo do 22 de abril de 2004, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/41-3). 7.805

Páxs.Páxs.

- Resolución do 19 de abril de 2004, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/40-3). 7.806
- Resolución do 20 de abril de 2004, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/42-3). 7.806
- Resolución do 12 de maio de 2004 pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución, se recoñece a condición de instalación acollida ao réxime especial e se declara a utilidade pública, en concreto, do Parque Eólico Buio, así como a compatibilidade e incompatibilidade do Parque Eólico Buio con diversos dereitos mineiros na provincia de Lugo. (Expediente 076-EOL). 7.807
- Resolución do 18 de maio de 2004, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se somete a información pública o proxecto sectorial L.A.T. 66 kV Parque Eólico Serra da Loba-Sub. Sidegasa, declarado como de incidencia supramunicipal por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 5 de maio de 2004. 7.817

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL**

- Aviso do 28 de abril de 2004, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se anuncia a toma de posesión provisional dos predios da zona de concentración parcelaria de Cereixo e de Carnés (Vimianzo-A Coruña). 7.818

**CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO**

- Resolución do 25 de maio de 2004 pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto, por concurso e trámite urxente, da obra de restauración e ordenación dos espazos exteriores nas illas de San Simón e San Antón, 2ª fase, Redondela (Pontevedra). 7.818

**CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

- Resolución do 24 de maio de 2004, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se anuncia concurso, por procedemento aberto e trámite de urxencia, para proceder á contratación con carácter de contrato administrativo especial dos servizos de cafetería en centros dependentes desta delegación provincial. 7.819

	<u>Páxs.</u>		<u>Páxs.</u>
<b>EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS</b>		<b>b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL</b>	
— Resolución do 25 de maio de 2004 pola que se anuncia a información pública do anteproxecto de abastecemento aos concellos de Cervo e Burela, Cervo e Burela (Lugo), de clave OH.227.315/ex.	7.820	<b>CONCELLO DE BARRO</b>	
<b>ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA</b>		— Anuncio da aprobación inicial do Plan Parcial SU-R-3 en Santo Antoniño-Perdecanaí.	7.823
— Cédula do 11 de maio de 2004 pola que se notifica resolución de procedemento administrativo sancionador do expediente 10/2004, devolta polo servizo de correos porque intentada a notificación non se puido efectuar.	7.820	— Anuncio da aprobación inicial do Plan Parcial SU-R-4 en Santo Antoniño-Perdecanaí.	7.824
— Cédula do 11 de maio de 2004 pola que se notifica resolución de procedemento administrativo sancionador do expediente 05/2004, devolta polo servizo de correos porque intentada a notificación non se puido efectuar.	7.821	<b>CONCELLO DE CAMBRE</b>	
<b>INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO</b>		— Anuncio de poxa de inmovible público patrimonial.	7.824
— Resolución do 25 de maio de 2004 pola que se anuncia concurso aberto para a adquisición de 250 vivendas en fase de proxecto en diversas localidades de Galicia-2004.	7.822	— Anuncio de poxa de obras.	7.824
— Cédula do 3 de maio de 2004, da Área Provincial de Pontevedra, polo que se notifica a Manuel Rodríguez Boubeta o inicio do expediente de desafuizamento por non ocupación, acordado no expediente de desafuizamento administrativo (expediente DO-021/03).	7.823	<b>CONCELLO DE CURTIS</b>	
<b>INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO</b>		— Anuncio de concurso.	7.824
— Anuncio do 6 de maio de 2004 polo que se emprazan os interesados para seren notificados por comparecencia.	7.823	<b>CONCELLO DE GONDOMAR</b>	
		— Anuncio.	7.825
		<b>CONCELLO DE MEAÑO</b>	
		— Anuncio.	7.825
		— Anuncio.	7.826
		<b>CONCELLO DE MIÑO</b>	
		— Anuncio de contratación de obra.	7.826
		<b>CONCELLO DE VIVEIRO</b>	
		— Anuncio de contratación.	7.827
		<b>DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO</b>	
		— Anuncio de contratación.	7.827
		<b>c) OUTROS ANUNCIOS</b>	
		<b>SOCIEDADE DE IMAXE E PROMOCIÓN TURÍSTICA DE GALICIA, S.A.</b>	
		— Anuncio do 25 de maio de 2004 polo que se anula a convocatoria dunha praza de persoal laboral fixo.	7.828



DIARIO OFICIAL  
de **GALICIA**

#### **EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN**

Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia,  
Relacións Institucionais e Administración Pública  
Edificio San Caetano - Santiago de Compostela

Teléfonos: 981 54 42 68 - 981 54 42 70

Fax: 981 54 42 72 - 981 54 42 73

<http://www.xunta.es>

e-mail: [dog@xunta.es](mailto:dog@xunta.es)

ISSN 1.130-9229

Depósito legal C. 73-1982

#### **IMPRIME**

La Voz de Galicia, S.A.  
Avda. da Prensa, 84-85. Pol. Ind. de Sabón.  
15142-Arteixo (A Coruña)

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Orde do 21 de maio de 2004 pola que se clasifica como benéfico-social a Fundación Galega para a Dinamización do Emprego.*

Visto o expediente de clasificación da *Fundación Galega para a Dinamización do Emprego*, con domicilio en Vigo (Pontevedra).

Supostos de feito.

1. A fundación formulou solicitude de clasificación para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A *Fundación Galega para a Dinamización do Emprego* foi constituída en escritura pública outorgada en Santiago de Compostela, o día vinte e nove de setembro de dous mil tres, ante o notario Carlos de la Torre Deza, co número de protocolo mil cento oito, por Xesús Mosquera Sueiro, Eusebio Justo Santos, Xesús E. Seixo Fernández e José Antonio Neira Cortés; interveñen Xesús Mosquera Sueiro, en representación da Unión Xeral de Traballadores de Galicia; Xesús E. Seixo Fernández, en representación da Confederación Intersindical Galega; Eusebio Justo Santos, en representación do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia, e José Antonio Neira Cortés, en representación da Confederación de Empresarios de Galicia. Esta escritura foi emendada por outra posterior do vinte e nove de marzo de dous mil catro, outorgada ante o mesmo notario e co número de protocolo catrocentos setenta.

3. A fundación ten como obxecto, segundo establece o artigo seis dos estatutos, a realización de actividades dirixidas a promover a formación, a cualificación profesional e o emprego, especialmente nas pequenas empresas.

Concretamente a través da planificación, organización e xestión de accións de formación ocupacional, orientación laboral e profesional e prospección de recursos ociosos ou infrautilizados e de proxectos empresariais e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego, así como a difusión e estímulo das potenciais oportunidades de creación de actividades entre desempregados. E por último, calquera outra acción que o padroado decida en cumprimento do fin establecido no parágrafo anterior.

4. O padroado da fundación estará integrado por Antonio Fontenla Ramil como presidente; Xesús Mosquera Sueiro como vicepresidente; José Ardavín Álvarez, Eduardo Jiménez Domínguez, José María Hidalgo González, José Manuel Fernández Alvarinho, Francisco Rodríguez García, José Benito Núñez López, Xan María Castro Paz, Eusebio Justo Santos,

Xoán Xosé Bouzas Aboi e Serafín Otero Fernández como vocais.

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de todas as consellerías eleva ao conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública proposta de clasificación como benéfico-social da *Fundación Galega para a Dinamización do Emprego*, dado o seu obxecto e finalidade, polo que, véndose cumpridos os requisitos exixidos na Lei 7/1983, do 22 de xuño, e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da lei anterior, de réxime das fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, procede a súa clasificación como benéfico-social e a súa adscrición á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

Fundamentos de dereito.

1. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei, e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. De acordo co disposto no artigo 32.2º c) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, corresponde a esta consellería a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, quen exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

3. Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día 18 de maio de 2004.

Vista a Constitución española de 1978, o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril); a Lei 7/1983, do 22 de xuño, e a Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da anterior, de réxime das fundacións de interese galego, así como as demais normas de desenvolvemento e de xeral aplicación.

Na súa virtude,

**DISPOÑO:**

Clasificar como benéfico-social a *Fundación Galega para a Dinamización do Emprego* e adscribirla á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2004.

Jaime Pita Varela  
Conselleiro da Presidencia Relacións  
Institucionais e Administración Pública

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 3 de maio de 2004 pola que se autoriza o cambio de denominación do CEIP de Lalín (Pontevedra).*

Tendo en conta o artigo 8 punto 1º do anexo do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21 de outubro), así como os correspondentes informes, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, esta consellería

### DISPÓN:

Autorizar o cambio de denominación do colexio que no anexo se relaciona.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2004.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

### ANEXO

Provincia: Pontevedra.

Concello: Lalín.

Localidade: Lalín.

Código do centro: 36004101.

Denominación: Colexio de Educación Infantil e Primaria de Lalín.

Nova denominación: Colexio de Educación Infantil e Primaria Xesús Golmar.

*Orde do 4 de maio de 2004 pola que se autoriza o cambio de denominación do CEIP de Rubiá (Ourense).*

Tendo en conta o artigo 8 punto 1º do anexo do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21 de outubro), así como os correspondentes informes, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, esta consellería

### DISPÓN:

Autorizar o cambio de denominación do colexio que no anexo se relaciona.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2004.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

### ANEXO

Provincia: Ourense.

Concello: Rubiá.

Localidade: Rubiá.

Código do centro: 32011901.

Denominación: Colexio de Educación Infantil e Primaria de Rubiá.

Nova denominación: Colexio de Educación Infantil e Primaria Virxe do Camiño.

*Corrección de erros.-Orde do 5 de maio de 2004 pola que se resolve o concurso público convocado na Orde do 5 de decembro de 2003, pola que se regula a concesión de subvencións a asociacións e institucións privadas sen fin de lucro para fomentar o uso social da lingua galega.*

Advertidos erros na devandita orde, publicada no DOG nº 93, do 14 de maio de 2004, cómpre efectuar as oportunas correccións:

Na páxina 6.825, expediente nº 2004/000452-0, onde di: «por ter escaso ou nulo contido en galego», deberá dicir: «non acadar suficiente prioridade».

Na páxina 6.835, expediente nº 2004/001197-0, onde di: «base B: actividades de dinamización sobre filatelia», deberá dicir: «base B: actividades de dinamización».

*Orde do 24 de maio de 2004 pola que se modifica a oferta de ciclos formativos, por ciclo completo, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.*

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aprobou o Estatuto de autonomía de Galicia, e o Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, recoñécenlle á nosa Comunidade Autónoma as competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en todos os niveis e graos, modalidades e especialidades, de acordo cos preceptos emanados da Constitución e das leis que lle sexan de aplicación, competencias que foron asumidas polo Decreto 114/1982, do 1 de setembro e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no seu artigo 2.

No marco destas competencias e da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co propósito de actualizar a cualificación dos cidadáns, persegue como un dos obxectivos básicos para a formación profesional e as artes aplicadas e deseño o de lles dar unha resposta puntual e axeitada aos requirimentos de formación profesional provenientes do mundo productivo.

O Decreto 88/1999, do 11 de marzo (DOG do 13 de abril), polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros, establece no artigo 5 que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adecuará as ensinanzas de formación profesional ás peculiaridades e características das persoas adultas.

Así mesmo, o Plan Galego de Formación Profesional, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 27 de xuño de 2001, considera a cualificación profesional dos cidadáns como unha medida esencial para darlles resposta ás necesidades do tecido produtivo, o que redundará nun aumento da empregabilidade e facilitará a libre circulación das persoas nas mesmas condicións de competitividade profesional que as dos países máis avanzados do noso contorno.

Neste contexto, a necesidade de manter en todo momento actualizada a oferta educativa dos centros xustifica a súa revisión periódica de xeito que o alumnado que remata o ensino secundario obrigatorio e as diferentes modalidades de bacharelato, así como as persoas adultas, posúan unha oferta de ciclos formativos de graos medio e superior diversificada e adaptada as súas necesidades e ás demandas do mercado laboral.

De acordo co Decreto 454/2003, do 26 de decembro (DOG do 19 de xaneiro de 2004), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, tendo en conta o informe da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e de conformidade

coa proposta da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, esta consellería

#### *DISPÓN:*

Primeiro.-Autorizar a implantación dos ciclos formativos en réxime ordinario, por ciclo completo, nos centros relacionados no anexo I, a partir do curso 2004-2005.

Segundo.-Suprimir os ciclos formativos polo réxime ordinario e para as persoas adultas, por ciclo completo, nos centros relacionados no anexo II, a partir do curso 2004-2005.

Terceiro.-Requirirase un mínimo de 10 alumnos para poder impartir os ditos ciclos formativos, non contabilizándose para estes efectos o alumnado repetidor. Un número menor de alumnos exige a autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para poñer en funcionamento esta ensinanza, non podendo, mentres tanto, formalizar ningunha matrícula. Esta condición do número mínimo de alumnos debe ser posto en coñecemento dos interesados no momento da súa preinscripción.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízanse as direccións xerais de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, de Centros e Ordenación Educativa e de Persoal para tomar as medidas precisas para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2004.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

### *ANEXO I*

Concello	Código	Centro	Código	Ciclo
Cariño	15021755	IES Cabo Ortegal	CM14001	CM Explotación de sistemas informáticos
Coruña, A	15005397	IES Fernando Wirtz Suárez	CM14001	CM Explotación de sistemas informáticos
A Coruña	15024513	IES Someso	CS08001	CS Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción
A Coruña	15024513	IES Someso	CS08002	CS Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas
A Coruña	15024513	IES Someso	CS08003	CS Realización e plans de obra
Coruña, A	15022607	IES Ánxel Casal-Monte Alto	CM20001	CM Atención sociosanitaria
Coruña, A	15022607	IES Ánxel Casal-Monte Alto	CS19011	CS Audioprótese
Coruña, A	15027770	IES A Sardiñeira	CS18006	CS Industrias de proceso químico
Ferrol	15006778	IES Rodolfo Ucha Piñeiro	CM14001	CM Explotación de sistemas informáticos
Rianxo	15026807	IES Félix Muriel	CS06002	CS Xestión comercial e márketing
Santiago de C.	15015767	IES Monte de Conxo	CS10001	CS Construcións metálicas
Santiago de C.	15021482	IES San Clemente	CM14001	CM Explotación de sistemas informáticos
Zas	15027368	IES Maximino Romero de Lema	CM14001	CM Explotación de sistemas informáticos
Guitiriz	27016200	IES de Guitiriz	CS04001	CS Administración e finanzas
Monforte de Lemos	27007260	CFEA de Monforte de Lemos	CM01005	CM Explotacións gandeiras
Ribadeo	27010921	CFEA Pedro Murias	CM01005	CM Explotacións gandeiras
Ourense	32008902	IES A Carballeira	CM14001	CM Explotación de sistemas informáticos
Ourense	32009131	IES Universidade Laboral	CS17002	CS Mantemento de equipamento industrial
Cangas	36019475	IES de Rodeira	CS09004	CS Sistemas de telecomunicación e informáticos

Concello	Código	Centro	Código	Ciclo
Gondomar	36020261	IES Terra de Turonio	CM02001	CM Condución de actividades físicodeportivas no medio natural
Lalín	36013758	IES Laxeiro	CS17002	CS Mantemento de equipamento industrial
Marín	36015159	IES Chan do Monte	CM14001	CM Explotación de sistemas informáticos
Neves, As	36019402	IES Pazo da Mercé	CM14001	CM Explotación de sistemas informáticos
Redondela	36019566	IES de Chapelá	CM20001	CM Atención sociosanitaria
Vigo	36011634	IES Politécnico	CS08003	CS Realización e plans de obra
Vigo	36011634	IES Politécnico	CS17002	CS Mantemento de equipamento industrial
Vigo	36011634	IES Politécnico	CS17004	CS Prevención de riscos profesionais

## ANEXO II

Concello	Código	Centro	Réxime	Código	Ciclo
Cee	15003224	IES Fernando Blanco	Ordinario	CS09001	CS Instalacións electrotécnicas
Coruña, A	15022607	IES Ánxel Casal-Monte Alto	Ordinario	CS08003	CS Realización e plans de obra
Coruña, A	15005397	IES Fernando Wirtz Suárez	Ordinario	CS08001	CS Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción
Coruña, A	15005397	IES Fernando Wirtz Suárez	Ordinario	CS08002	CS Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas
Ferrol	15006778	IES Rodolfo Ucha Piñeiro	Adultos	DM04001	DM Xestión administrativa
Rianxo	15026807	IES Félix Muriel	Ordinario	CM06001	CM Comercio
Zas	15027368	IES Maximino Romero de Lema	Ordinario	CM06001	CM Comercio
Mondoñedo	27006966	IES San Rosendo	Ordinario	CM15001	CM Fabricación á medida e instalación de carpintería e moble
Monforte de Lemos	27015311	IES A Pinguela	Ordinario	CM06001	CM Comercio

*Orde do 24 de maio de 2004 pola que se modifica a oferta modular de ciclos formativos, polo réxime de persoas adultas, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2004-2005.*

A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aprobou o Estatuto de autonomía de Galicia, e o Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de educación, recoñécenlle á nosa Comunidade Autónoma as competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en todos os niveis e graos, modalidades e especialidades, de acordo cos preceptos emanados da Constitución e das leis que lle sexan de aplicación, competencias que foron asumidas polo Decreto 114/1982, do 1 de setembro, e asignadas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no seu artigo 2.

No marco destas competencias e da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, co propósito de actualizar a cualificación dos cidadáns, persegue como un dos obxectivos básicos para a formación profesional o de lles dar unha resposta puntual e axeitada aos requirimentos de formación profesional provenientes do mundo produtivo.

A Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, establece no seu artigo 7.6º que o sistema educativo garantirá que as persoas

adultas poidan adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

O Decreto 88/1999, do 11 de marzo (DOG do 13 de abril), polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros, establece no artigo 5 que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adecuará as ensinanzas de formación profesional ás peculiaridades e características das persoas adultas.

Así mesmo, o Plan Galego de Formación Profesional considera a cualificación profesional dos cidadáns como unha medida esencial para lles dar resposta ás necesidades do tecido produtivo, o que redundará nun aumento da empregabilidade e facilitará a libre circulación das persoas nas mesmas condicións de competitividade profesional que as dos países máis avanzados do noso contorno.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria presenta a oferta de ciclos formativos para as persoas adultas, por módulos soltos, sendo consciente de que esta modalidade facilita a cualificación profesional, xa que ofrece a posibilidade de abordar a realización dun ciclo formativo en máis tempo e cun horario vespertino, e permite dar resposta ás demandas que suscitan o mercado laboral ou os colectivos específicos. Para realizalo, dunha maneira máis áxil e eficaz, en función das necesidades que vaian xurdindo, é aconsellable que a autorización dos ciclos formativos, por módulos soltos, se realice con carácter anual para cada curso académico.



Con base no anterior, e de acordo co Decreto 454/2003, do 26 de decembro (DOG do 19 de xaneiro de 2004), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, tendo en conta o informe da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e de conformidade coa proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, esta consellería

**DISPÓN:**

Primeiro.-Suprimir a oferta modular de ciclos formativos, polo réxime de adultos, autorizada a partir do curso 2002-2003 ata a data actual.

Segundo.-Autorizar a oferta modular de ciclos formativos, polo réxime de adultos, para o curso 2004-2005, nos módulos e centros que se ralacionan no anexo.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízanse as direccións xerais de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, de Centros e Ordenación Educativa e de Persoal para adoptar as medidas precisas para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2004.

Celso Currás Fernández

Conseleiro de Educación e Ordenación Universitaria

**ANEXO**

Concello	Código	Centro	Código	Ciclo	Módulos
A Coruña	15027800	IES Imaxe e Son	ZS07001	CS Realización de audiovisuais e espectáculos	Representacións escénicas e espectáculos Realización en multimedia
			ZS07003	CS Imaxe	Iluminación de espazos escénicos Imaxe fotográfica
	15027770	IES A Sardiñeira	ZS18004	CS Industrias de proceso químico	Organización e xestión en industrias de procesos Relacións no contorno de traballo Formación en centros de traballo Proxecto integrado Formación e orientación laboral
	15005269	IES Urbano Lugo	ZM09001	CM Equipamentos electrónicos de consumo	Instalacións básicas Electrónica dixital Sistemas electrónicos de información Calidade
Ferrol	15006754	IES Marqués de Suanzes	ZM09002	CM Equipamentos e instalacións electrotécnicas	Calidade Seguridade nas instalacións eléctricas Instalacións singulares en vivendas e edificios Administración, xestión e comercialización na pequena empresa Formación en centros de traballo
			ZM09001	CM Equipamentos electrónicos de consumo	Equipamentos de son Equipamentos de imaxe Formación en centros de traballo
			ZM10001	CM Soldadura e caldeiraría	Seguridade na industria de construcións metálicas Montaxe en construcións metálicas Soldadura en atmosfera protexida Formación en centros de traballo
	15006778	IES Rodolfo Ucha Piñeiro	ZM04001	CM Xestión administrativa	Comunicación, arquivo e operación de teclado Aplicacións informáticas Principios de xestión Contabilidade xeral e tesouraría
Santiago de Compostela	15032391	Centro Nacional de Formación Ocupacional de Santiago	ZS15002	CS Producción de madeira e moble	Xestión de almacén en industrias da madeira e moble Procesos en industrias da madeira Transformación de madeira e cortiza Fabricación e instalación de carpintería e moble Acabamento industrial en carpintería e moble Plans de seguridade en industrias da madeira e moble
Castro de Rei	27015891	IES da Terra Chá José Trapero Pardo	ZM13001	CM Elaboración de produtos lácteos	Envasado e embalaxe Operacións e control de almacén Sistemas de control e auxiliares dos procesos Leites, produtos lácteos e procesos Formación en centros de traballo Formación e orientación laboral
Chantada	27003175	IES Val do Asma	ZM16002	CM Electromecánica de vehículos	Motores
			ZS04001	CS Administración e finanzas	Contabilidade e fiscalidade Aplicacións informáticas e operatoria de teclado
Lugo	27006528	IES As Mercedes	ZM06001	CM Comercio	Administración e xestión dun pequeno establecemento comercial Operacións de almacenaxe Aplicacións informáticas de propósito xeral Formación e orientación laboral Relacións no equipamento de traballo Operacións de venda Animación do punto de venda Inglés

Concello	Código	Centro	Código	Ciclo	Módulos
	27015773	IES A Piringalla	ZS04001	CS Administración e finanzas	Xestión de aprovisionamento Aplicacións informáticas e operatoria de teclado Contabilidade e fiscalidade Xestión comercial e servizos de atención ao cliente Administración pública Xestión financeira Auditoría Recursos humanos
Monforte de Lemos	27007260	CFEA de Monforte de Lemos	ZM13002	CM Elaboración de viños e outras bebidas	Hixiene e seguridade na industria alimentaria Operacións e control de almacén Materias primas, produtos e procesos na industria de bebidas Formación e orientación laboral
	27015311	IES A Pinguela	ZM06001	CM Comercio	Aplicacións informáticas Animación do punto de venda Operacións de venda Inglés
ZS04001			CS Administración e finanzas	Recursos humanos Aplicacións informáticas e operacións de teclado Contabilidade e fiscalidade Xestión de aprovisionamento Xestión financeira Auditoría Administración pública Produtos e servizos financeiros e de seguros Proxecto empresarial Proxecto integrado Xestión comercial e servizos de atención ao cliente Formación e orientación laboral Formación en centros de traballo	
Ribadeo	27010945	IES Porta da Auga	ZM08001	CM Acabamentos de construción	Pinturas e vernices Paneis prefabricados
			ZM08004	CM Operacións e mantemento de maquinaria de construción	Excavacións e demolicións
Viveiro	27013636	IES María Sarmiento	ZM04001	CM Xestión administrativa	Aplicacións informáticas Xestión administrativa da compravenda Xestión administrativa de persoal Contabilidade xeral e tesouraría Comunicación, arquivo da información e operacións de teclado Formación e orientación laboral Principios de xestión administrativa pública Produtos e servizos financeiros e de seguros básicos
Illa de Arousa, A	36020209	Instituto Galego de Formación en Acuicultura	ZM03002	CM Operacións de cultivo acuícola	Técnicas de cultivo de crustáceos Técnica de cultivos auxiliares Parámetros e condicións de cultivo Instalacións e equipamentos de cultivo Formación e orientación laboral Relacións no equipamento de traballo Formación en centros de traballo
Marín	36015159	IES Chan do Monte	ZM04001	CM Xestión administrativa	Contabilidade xeral e tesouraría Comunicación, arquivo de información e operacións de teclado Xestión administrativa de persoal Produtos e servizos financeiros e de seguros públicos Principios de xestión administrativa pública Formación e orientación laboral Formación en centros de traballo
Nigrán	36015184	IES Escolas Proval	ZM09001	CM Equipamentos electrónicos de consumo	Instalacións básicas Sistemas electrónicos de información
Sanxenxo	36019256	IES Vilalonga	ZM04001	CM Xestión administrativa	Comunicación, arquivo de información e operacións de teclado Aplicacións informáticas Xestión administrativa de persoal Contabilidade Xestión administrativa da compravenda
			ZS04001	CS Administración e finanzas	Recursos humanos Contabilidade e fiscalidade Aplicacións informáticas e operacións de teclado Xestión financeira Xestión comercial e atención ao cliente Xestión de aprovisionamento
Redondela	36019566	IES de Chapela	ZS19003	CS Dietética	Microbioloxía e hixiene alimentaria Control alimentario Dietoterapia Educación sanitaria e promoción da saúde Relacións no contorno de traballo Proxecto integrado Formación en centros de traballo

Concello	Código	Centro	Código	Ciclo	Módulos
	36016656	IES Pedro Floriani	ZM04001	CM Xestión administrativa	Aplicacións informáticas Xestión administrativa da compravenda Xestión administrativa de persoal
Tui	36014544	IES Francisco Sánchez	ZM06001	CM Comercio	Administración dun pequeno establecemento comercial Aplicacións informáticas de propósito xeral Operacións de almacenaxe
			ZM09002	CM Equipamentos e instalacións electrotécnicas	Instalacións eléctricas de interior Automatismos e cadros eléctricos
Vigo	36017430	IES Ricardo Mella	ZS04001	CS Administración e finanzas	Contabilidade e fiscalidade
	36024525	CFO de Coia	ZS17002	CS Mantemento de equipamento industrial	Montaxe e mantemento do sistema mecánico Montaxe e mantemento dos sistemas eléctrico e electrónico Técnicas de fabricación para o mantemento e a montaxe Representación gráfica en maquinaria Elementos de máquinas Plans de seguridade no mantemento e a montaxe de equipamentos e instalacións Relacións no contorno de traballo Formación e orientación laboral
Vilagarcía de Arousa	36019669	IES Armando Cotarelo Valledor	ZM04001	CM Xestión administrativa	Comunicación, arquivo de información e operacións de teclado Principios de xestión administrativa pública Aplicacións informáticas Formación e orientación laboral
			ZS14002	CS Administración de sistemas informáticos	Sistemas informáticos monousuario e multiusuario Redes de área local Relacións no contorno de traballo

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Resolución conxunta do 24 de maio de 2004, da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e da División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, pola que se ordena a publicación do pacto suscrito pola Administración sanitaria coas centrais sindicais CC.OO., CIG, UGT, CSI-CSIF e SAE, de selección temporal de persoal estatutario para vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.*

No marco da mesa sectorial de persoal das institucións sanitarias do Sergas, coa finalidade de establecer un sistema de selección temporal para o persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, negociáronse os pactos publicados nos DOG do 13 de abril de 1993, do 12 de maio de 1994, do 21 de decembro de 1995, do 10 de marzo de 1997 e do 4 de febreiro de 2000.

Prorrogada automaticamente a vixencia do último pacto e tras a denuncia da organización sindical CIG, no seo da mesa sectorial do 22 de decembro 2003, iniciáronse as negociacións dun novo pacto regulador do sistema de selección temporal de persoal estatutario das institucións dependentes do Servizo Galego de Saúde.

Tras o mencionado proceso negociador acadouse o pacto que se publica, suscrito entre a Administración sanitaria de Galicia e as centrais sindicais CC.OO., CIG, UGT, CSI-CSIF e SAE. A negociación foi celebrada de conformidade co artigo 35 da Lei

9/1987, do 9 de xuño, pola que se regulan os órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas.

Para xeral coñecemento, de acordo co disposto no artigo 36 da citada Lei 9/1987, faise necesaria a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude,

### RESOLVEN:

Acordar a publicación do pacto de selección temporal de diversas categorías de persoal estatutario para vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde que se inclúe xunto con esta resolución.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2004.

Manuel Antonio Silva Romero  
Secretario xeral da Consellería  
de Sanidade

José Ignacio Lema Piñeiro  
Director xeral da División  
de Recursos Humanos

Pacto de selección temporal de persoal estatutario para vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde asinado entre a Administración sanitaria e as organizacións sindicais CC.OO., CIG, UGT, CSI-CSIF e SAE

En Santiago de Compostela o 6 de maio de 2004, no marco da mesa sectorial de negociación do persoal de institucións sanitarias do Sergas, de conformidade coas facultades conferidas no artigo 35 da Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións

públicas, así como das competencias outorgadas á referida mesa sectorial polo acordo entre a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as organizacións sindicais da mesa xeral. Tras o proceso negociador mantido no seno da Mesa Sectorial Sanitaria, subscríbese este pacto de selección temporal de persoal estatutario para vinculacións temporais nas institucións sanitarias do Sergas, co contido que a seguir se expón:

#### I. Normas xerais.

##### 1. Vixencia do pacto.

1º Este pacto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás o previsto na norma xeral 2, réxime transitorio para os supostos comprendidos na norma xeral 12.3 e 12.5.

Para a selección dos aspirantes, unha vez publicado no DOG este pacto, a División de Recursos Humanos efectuará unha convocatoria xeral concenente ás categorías que se determinen, logo de informe da comisión central de seguimento do pacto. A selección dos aspirantes desa convocatoria rexeráse polos baremos de méritos e criterios ordenadores previstos neste pacto, ben que as novas listas que se confeccionen non terán virtualidade ata a data prevista para a súa entrada en vigor, de conformidade co que se preveña na respectiva convocatoria.

2º Este pacto terá vixencia dun ano a partir da data da súa entrada en vigor, con prórroga automática por idéntico ou idénticos períodos, de non mediar denuncia expresa por ningunha das partes cando menos con tres meses de antelación ao seu termo.

De existir denuncia da vixencia deste pacto, prorrogarase a súa efectividade ata a formalización do novo pacto ou norma que o substitúa, tras a negociación correspondente.

##### 2. Réxime transitorio.

1º En canto non se publiquen as listas definitivas das categorías que se convoquen, para efectuar os chamamentos que resulten precisos aplicaranse as listas confeccionadas en desenvolvemento do pacto do 4 de febreiro de 2000 (Resolución do 28 de decembro de 2001, DOG nº 13, do 18 de xaneiro 2002).

2º A selección de persoal temporal para a cobertura de postos de traballo correspondentes ás RPT de funcionarios da Lei 17/1989, da clase de saúde pública, realizarase de conformidade co pacto do 4 de febreiro de 2000 e coas listaxes elaboradas con base nel e vixentes na data de publicación deste pacto, que se manterán ata a data de finalización dos procesos selectivos, actualmente convocados ou que se convoquen, ao final dos cales no seo da mesa sectorial negociárase o sistema de selección temporal específico para estes postos.

3º O réxime previsto para as vinculacións de curta duración na norma xeral 12.3 será de aplicación á entrada en vigor das novas listaxes da categoría que corresponda elaborados ao abeiro deste pacto.

4º A selección do persoal temporal das categorías de médicos de familia e de ATS/DUE para a cobertura das necesidades no ámbito das urxencias extra-hospitalarias será de aplicación no momento en que se publiquen as listaxes definitivas a que se refire a norma xeral 12.5, agás nos casos previstos nas regras transitorias que se rexerán polas súas disposicións específicas.

5º Cada un dos exercicios que integren a fase de oposición, para todas aquelas categorías que ata a data non foron obxecto de OPE formalizada ou que o sexan no futuro polo Sergas, incluírase co grao de proporcionalidade e na ponderación que corresponda dentro da estrutura dos seus baremos, logo do acordo da comisión central de seguimento do pacto adoptado no momento que se executen as OPE correspondentes.

De conformidade co acordado pola mesa sectorial na súa reunión do 6 de xuño de 2002, en ningún caso serán tidos en conta para os efectos de baremo na epígrafe de OPE os resultados obtidos nos procesos selectivos convocados ao amparo do disposto na Lei 16/2000, do 21 de novembro, pola que se establece un proceso extraordinario de consolidación de emprego e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias.

##### 3. Ámbito de aplicación do pacto.

3.1. Territorial: será de aplicación en toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

3.2. Persoal: afectará a todas as vinculacións temporais, a través dos nomeamentos que se formalicen, das categorías de persoal estatutario.

##### 4. Sistema de nomeamentos.

As listas elaboraranse por categoría profesional e ámbito territorial de área de xestión sanitaria, agás nos casos do persoal técnico e persoal de xestión da función administrativa, as categorías de persoal informático pertencentes aos grupos A, B, logopedas, técnico superior e técnico de grao medio que, de conformidade co que establezan as respectivas convocatorias, poderán ser de ámbito distinto (de comunidade autónoma, provincial ou o que se especifique para cada caso).

##### 5. Formalización das solicitudes.

###### 5.1. Convocatoria.

Publicado este pacto no *Diario Oficial de Galicia*, convocaranse os aspirantes, mediante resolución da División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* (en diante DOG), nos taboleiros de anuncios das direccións provinciais do Sergas e dos centros de xestión de atención primaria e especializada e na páxina web do Sergas ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

Igualmente, daráselle a publicidade adecuada á convocatoria, a través da inserción na prensa dun anuncio dela.

## 5.2. Prazo e lugar de presentación das solicitudes.

Formalizada a convocatoria e, nos termos que nela se prevexan, os aspirantes disporán dun prazo máximo de entre 15 e 20 días naturais a partir do seguinte á data da publicación desta no DOG, para a presentación da súa solicitude no modelo normalizado, en unión da documentación que sexa pertinente.

As solicitudes poderán presentarse nas direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde e nos centros de xestión.

## 5.3. Requisitos dos aspirantes.

Na data en que expire o prazo para a presentación das instancias, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

-Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder a idade da xubilación.

-Acreditar a nacionalidade española ou dun país da Unión Europea (en diante UE) ou, de ser o caso, dispor de autorización para poder residir e traballar legalmente en España.

-Posuír a titulación que, segundo se fai constar no modelo de instancia, habilita para o exercicio da profesión correspondente ou estar en condicións de obtela dentro do prazo de presentación de solicitudes.

-Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que deriven do correspondente nomeamento.

-Os demais requisitos recollidos no artigo 30 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde (BOE 301, do 17 de decembro).

Non serán admitidas a trámite as solicitudes dos aspirantes que fosen excluídos das listas confeccionadas en aplicación dos pactos do 1 de abril de 1993 (DOG do 13 de abril), do 27 de abril de 1994 (DOG do 12 de maio), do 21 de decembro de 1995 (DOG do 19 de xaneiro), do 28 de febreiro de 1997 (DOG do 10 de marzo), e do 4 de febreiro de 2000 (DOG do 25 de febreiro) polas causas previstas nos citados pactos, con excepción do previsto na norma xeral 11.2.3.

## 5.4. Acreditación de méritos avaliábeis.

Os méritos admisibles e valorables serán unicamente os causados ata o día inmediato anterior á data de publicación da convocatoria, sempre que se acrediten no prazo de presentación das solicitudes.

A acreditación dos méritos alegados requirirá a incorporación de documentos auténticos, sen prexuízo da posible compulsa que, sobre as copias fotoestáticas deles, sexa realizada polo persoal competente.

Non será necesaria a presentación de documentos acreditativos dos méritos que consten no expediente do aspirante por figuraren na anterior convocatoria do pacto na mesma categoría.

## 5.5. Formulación das solicitudes.

5.5.1. Cada aspirante aos nomeamentos a que se refire este pacto solicitará a súa inclusión nos ámbitos e categorías sinalados nos modelos de solicitude.

No suposto de que un aspirante incumprise as regras previstas no citado modelo e, se así se detectase a través dos mecanismos de control, excluírase inmediatamente de calquera listaxe das solicitadas. No modelo normalizado de solicitude advertirase, de modo claro e inequívoco, a aplicación desta medida.

A citada exclusión acordarase baixo os seguintes criterios:

-No caso de detectarse duplicidade de áreas ou ámbitos territoriais incompatibles entre si, optarase por manter o interesado na listaxe da área ou ámbito territorial en que figuraba na anterior convocatoria, deixando sen efectividade a solicitude respecto da outra.

-De non figurar nas listaxes da última convocatoria, optarase polo sinalado polo interesado en último lugar.

-De detectarse duplicidade en categorías incompatibles entre si, optarase por manter o interesado na listaxe da categoría na que figurase na anterior convocatoria, deixando sen efectividade a solicitude respecto da outra.

De non figurar nas listaxes da última convocatoria, optarase polo sinalado polo interesado en último lugar.

-Se o interesado presentase solicitude nas diferentes direccións provinciais prevalecerá a posterior sobre a anterior.

5.5.2. Os aspirantes que figuren ademais nas listas que se manteñan viventes para o acceso a postos de traballo incluídos na relación de postos de traballo Lei 17/1989, poderán optar pola súa baixa nas citados listaxes facéndoo constar na cuadrícula específica da solicitude, das categorías estatutarias da mesma titulación. A baixa nas listaxes terá efectividade coa publicación expresa das listaxes definitivas da categoría solicitada.

## 6. Elaboración das listas.

### 6.1. Regra xeral.

6.1.1. As listaxes de aspirantes aos nomeamentos temporais elaboraranse pola estrita orde de puntuación que resultará da aplicación do baremo establecido para as categorías.

6.1.2. Unha vez que se teña realizada a baremación, publicaranse as listas provisórias, por categorías e ámbito territorial respectivo, nos taboleiros de anuncios das direccións provinciais do Sergas e dos centros asistenciais dependentes delas, incluíndo relación dos aspirantes admitidos coa súa puntuación e orde de prelación, así como dos excluídos, indicando as causas da súa exclusión.

Contra as listaxes provisórias, os interesados poderán formular reclamación perante a dirección provincial do Sergas, no prazo máximo de 10 días hábiles a partir do día seguinte á data de publicación.

6.1.3. Resultas as reclamacións, publicaranse as listas definitivas do xeito establecido para as provisórias.

Contra as listas definitivas, os aspirantes poderán presentar recurso dealzada perante a División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde a data seguinte á da súa publicación.

6.1.4. As comisións provinciais de seguimento, cando así o soliciten, serán informadas do seguimento do proceso para a elaboración das listaxes de cada categoría e ámbito.

## 6.2. Prórroga do pacto.

De prorrogarse a vixencia deste pacto, vehicula-se unha nova oferta para a selección dos aspirantes ás vinculacións temporais durante o último trimestre de cada ano natural que corresponda.

A primeira oferta que se produza por esta causa efectuarase a partir do último trimestre do ano 2005 e sucesivos anos.

## 6.3. Supostos especiais.

6.3.1. Incorporación automática de novos aspirantes.

Co obxecto de garantir a dispoñibilidade de profesionais nas categorías de médicos de familia, pediatras, matronas e enfermeiros/as (ATS/DUE) e cociñeiros, mediante a incorporación dos novos titulados e doutros profesionais, os profesionais, que aspiren aos chamamentos para vinculacións temporais poderán presentar a súa solicitude, sen necesidade dunha convocatoria previa, durante os quince primeiros días de marzo, xullo e outubro, que deberán dirixir ás direccións provinciais do Sergas. Estas listaxes manteranse vixentes ata a resolución da seguinte convocatoria xeral ordinaria da correspondente categoría.

Para estes efectos as direccións provinciais divulgarán na segunda quincena do mes anterior un recordatorio da apertura do citado prazo entre os sindicatos, colexios profesionais, escolas de enfermería, servizos e unidades de atención primaria, e nos taboleiros de anuncios das propias direccións provinciais e centros de xestión. Así mesmo, publicarán o oportuno anuncio nun ou varios medios de difusión do ámbito territorial respectivo. Así mesmo, terán ao dispor dos interesados os modelos normalizados de solicitude.

Coas solicitudes presentadas, realizarase a valoración dos expedientes presentados consonte o baremo da categoría que se publica con este pacto e procederá a publicación das listaxes provisórias de puntuacións que poderán ser obxecto de reclamación no prazo de 5 días. As direccións provinciais resol-

verán as reclamacións que se presenten no prazo doutros cinco días desde a súa recepción.

A listaxe que resulte pasará a integrar as listaxes xerais da derradeira convocatoria ao cabo da lista, con indicación do período de solicitude -mes (marzo, xullo, outubro) e ano- e pola orde derivada do citado prazo e da prelación que resultase da avaliación.

Idéntico tratamento outorgarase á listaxe que resulte dos aspirantes que optasen por acceder pola quenda de promoción interna.

### 6.3.2. Convocatorias por indispoñibilidade.

No caso de indispoñibilidade de profesionais nunha lista das categorías convocadas, as direccións provinciais ou, de ser o caso, a División de Recursos Humanos, poderán realizar unha nova oferta para o acceso de aspirantes ás vinculacións temporais desta, logo do seu tratamento na comisión central de seguimento deste pacto.

De tratarse de indispoñibilidade absoluta, procederase a incorporar aos aspirantes pola orde de prelación que resulte ao cabo da lista realizadas con base nas disposicións anteriores.

De tratarse de indispoñibilidade eventual ou para un período concreto e determinado, elaborarse unha lista subsidiaria da principal á cal se acudirá exclusivamente nos casos en que conorra a citada indispoñibilidade.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, as direccións provinciais terán a dispor dos interesados os modelos normalizados das ditas solicitudes.

Coas solicitudes recibidas, que deberán reunir os requisitos a que se refire o parágrafo 5.3., a dirección provincial elaborará a listaxe correspondente mediante un procedemento simplificado en que unicamente se valorará a formación académica dos aspirantes.

A listaxe provisional publicaranse no taboleiro de anuncios da dirección provincial; contra ela poderase presentar reclamación no prazo de 5 días perante a dirección provincial, que resolverá no prazo máximo de 15 días.

Resultas as reclamacións, publicaranse, nos citados taboleiros as listaxes definitivas, contra as cales caberá interpoñer recurso de alzada perante a División de Recursos Humanos do Sergas no prazo dun mes desde a data da súa publicación.

As novas listas que se elaboren ao abeiro desta epígrafe serán subsidiarias da principal e, de ser o caso, as subseguintes que se publiquen ata a nova convocatoria ordinaria serán subsidiarias entre si por orde cronolóxica.

### 6.3.3. Indispoñibilidade transitoria na área de aspirantes dunha categoría.

Ata a publicación definitiva das listaxes mencionadas nos parágrafos anteriores, no caso de indispoñibilidade de aspirantes nunha determinada cate-

goría, acudirse á utilización de listas das áreas de xestión máis próximas.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, considéranse áreas de xestión máis próximas as que se determinan, respecto de cada área concreta, nos respectivos modelos de solicitude.

6.3.4. Novas categorías e readaptación de categorías.

No caso de creación dunha categoría de persoal estatutario ou de non ter convocada algunha das existentes no prazo previsto para a convocatoria xeral, realizarase unha convocatoria cos baremos que corresponda tras a negociación na comisión central de seguimento deste pacto.

No caso de readaptación de categorías ofertadas que supoñan a eliminación doutras anteriores ou a reclasificación dunha ou varias das existentes nunha nova, preveranse no seo da mesa sectorial os mecanismos de adaptación das listaxes das categorías existentes ás novas categorías.

6.4. Baixa automática do persoal estatutario fixo.

O persoal estatutario fixo de novo ingreso en virtude do remate dun proceso selectivo será dado de baixa automaticamente como aspirante ás vinculacións temporais no momento en que se abra o prazo de toma de posesión das prazas adxudicadas.

7. Xestión das listas.

7.1. A determinación das necesidades de vinculación compételles aos directores xerentes dos respectivos centros sanitarios, de acordo coas súas competencias de xestión normativamente recoñecidas, sen prexuízo da preceptiva información sobre os nomeamentos efectuados, que periodicamente debe facilitarse ás xuntas de persoal de área, nos termos recoñecidos no artigo 9 da Lei 9/1987, do 12 de xuño, de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das administracións públicas (BOE nº 145, do 18 de xuño) e, así mesmo, nos artigos concordantes da Lei orgánica 11/1985, de liberdade sindical.

As comisións provinciais de seguimento tamén poderán solicitar a citada información aos directores xerentes, que deberán facilitala nun prazo razoable.

7.2. A xestión das listas e os chamamentos dos aspirantes levarase a cabo nas direccións provinciais do Sergas, a través dun proceso informatizado, respecto de todas as categorías incluídas neste pacto.

Emporiso, as xerencias de atención primaria poderán exercer tal cometido respecto do persoal facultativo de medicina de familia, odontólogos e pediatras verbo dos distintos ámbitos da súa competencia.

Cando as circunstancias o aconsellen, polo momento, inmediatez e perentoriedade para efectuar o chamamento dun aspirante, os centros de atención especializada e de atención primaria efectuarán directamente tal chamamento, con respecto absoluto

dos criterios de selección previstos neste pacto. Para tal efecto, a dirección provincial correspondente dará cumprida e periódica información da situación e estado das listas, coa explicitación da orde de chamamento dos aspirantes, coordinando axeitadamente o proceso cos centros sanitarios.

7.3. Para efectuar os chamamentos seguirase rigorosamente a orde de puntuación acreditada polos aspirantes en cada ámbito, sen prexuízo dos supostos de suspensión previstos na norma xeral oitava, e dos supostos especiais da norma xeral 12.

Para a formalización de nomeamentos de duración igual ou superior ao ano chamarase, en todo caso, ao aspirante que acredite a maior puntuación na lista da área sanitaria que corresponda, sempre que non estea xa vinculado por outro nomeamento de duración igual ou superior ao citado período.

De acordo co anterior, cando un aspirante figura con dereito preferente, pola puntuación que acredite, para ocupar praza vacante con carácter interino ou para formalizar outro vínculo de duración prevista igual ou superior ao ano, e se atope vinculado por un nomeamento de duración inferior, será requirido para ocupar a citada praza vacante ou para formalizar outra vinculación de duración igual ou superior ao ano.

7.4. Para as vinculacións programadas, e sempre que exista un prazo suficiente de 48 horas, os aspirantes serán avisados mediante carta ou telegrama. No resto dos supostos en que exista premura na vinculación, avisarase telefonicamente.

En todo caso, quedará constancia da data e hora en que cada aspirante sexa requirido, mediante dilixencia expedida para o efecto, levándose un libro de rexistro das chamadas efectuadas.

7.5. De constatare un erro material ou de feito no chamamento e posterior vinculación en prol dun aspirante que pola súa orde de puntuación non lle corresponde, procederase, no prazo dos 15 días seguintes, á revogación do nomeamento expedido por tal circunstancia.

De tal actuación notificarase o antes posible á comisión provincial de seguimento correspondente.

8. Duración dos vínculos formalizados.

8.1. Os aspirantes que acrediten un período de traballo de 360 días ou superior, nun prazo de tres anos, en virtude deste ou anterior pacto, non serán chamados para subscribir novos vínculos de duración inferior a un ano nun período de tres meses, desde a data de finalización do último vínculo en virtude do cal se acumule o referido período de traballo.

Para estes efectos os meses contaránse por mes natural ou, no seu defecto, pola agrupación de días traballados, a razón dun mes por cada 30 días de prestación de servizos.

Esta regra será de aplicación ao cómputo do tempo de traballo, así como do período de suspensión que, de ser o caso, se estivese aplicando aos aspirantes, desde a entrada en vigor do pacto, con independencia de que o citado cómputo comezase baixo a vixencia do pacto anterior.

8.2. Esta medida de suspensión dos chamamentos non será de aplicación no caso de que, por razóns conxunturais, non existan profesionais suficientes nalgunha listaxe das categorías convocadas e, de ser o caso, área sanitaria, sen prexuízo da continuidade da aplicación da medida unha vez que se superen as citadas circunstancias.

Así, de procederse á convocatoria extraordinaria prevista por indisponibilidade, entenderase aplicable esta medida de suspensión.

8.3. Finalizado o período de suspensión dos chamamentos, os servizos prestados comezarán a computarse para os efectos de completar un novo período de 360 días que dea lugar á aplicación novamente da medida de suspensión.

Non se poderán acumular períodos de suspensión dos chamamentos. En todo caso, a citada suspensión non será superior a tres meses, nun período de doce desde a aplicación da medida.

8.4. Sen prexuízo do reflectido non parágrafos anteriores, coa finalidade de acadar unha maior mobilidade das listas en función das peculiaridades que concorran nalgunha área sanitaria ou provincia, as comisións provinciais poderán propoñer, mediante acordo adoptado de conformidade co previsto na disposición décima deste pacto, o establecemento do sistema que consideren máis conveniente para conseguir a aludida maior mobilidade das listas.

Tal proposta de sistema só poderá referirse aos vínculos de duración inferior aos 12 meses e requirirá para a súa efectividade a ratificación da comisión central de seguimento.

Sen prexuízo do anterior, a comisión central de seguimento do pacto acordará as medidas necesarias para a aplicación destas medidas de suspensión.

## 9. Promoción profesional temporal.

9.1. Convocaranse listas específicas co obxecto de reservar o 50% das necesidades a cubrir nos respectivos centros ou complexos sanitarios, para a formalización de vínculos de interinidade en praza vacante e demais que se estimen, inicialmente, de duración igual ou superior a dous meses, para o persoal estatutario fixo con praza en propiedade de igual ou inferior grupo ao da categoría obxecto de vinculación, que leve polo menos dous anos en servizo activo como persoal fixo.

De concorrer a circunstancia, debidamente constatada, de que a categoría solicitada para promocionar non exista ou sexa obxecto de oferta reducida no centro de xestión ou complexo de que depende o solicitante, a promoción estenderase á área sanitaria ou complexo correspondente.

9.2. Para estes efectos, confeccionaranse unhas listas por centro de xestión ou área sanitaria, segundo corresponda, coa mesma vixencia das anteriores e coa aplicación dos criterios de selección e restantes prescricións establecidas neste pacto.

9.3. Poderá solicitar a inclusión nas devanditas listas de promoción temporal, o persoal estatutario fixo, en servizo activo durante, polo menos, dous anos na categoría de procedencia que teña a titulación requirida para prestar servizos na categoría a que opta.

De conformidade co previsto no artigo 34.5º da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, non se exixirá o requisito de titulación para o acceso ás categorías do artigo 7.2º b) da citada lei, agás que sexa necesaria unha titulación, acreditación ou habilitación profesional específica para o desempeño das novas funcións, sempre que o interesado prestase servizos durante cinco anos na categoría de orixe e teña a titulación exixida no grupo inmediatamente inferior á categoría a que opta.

9.4. O persoal estatutario fixo que se incorpore a un novo destino con ocasión dun concurso de traslados poderá solicitar a súa inclusión nas listaxes de promoción temporal do centro de destino, no prazo previsto para a toma de posesión.

Coas solicitudes confeccionaranse as listas de conformidade cos criterios de selección previstos neste pacto. Estas listas serán subsidiarias das que estivesen vixentes ata a data dunha nova convocatoria xeral ordinaria.

## 10. Seguimento do pacto.

10.1. Para o seguimento do pacto constituiranse unhas comisións paritarias, unha central, con sede nos servizos centrais do Sergas, e unha por provincia, con sede nas direccións provinciais do Sergas. A comisión central estará integrada por un representante sindical de cada unha das organizacións asinantes do pacto e polos representantes designados pola División de Recursos Humanos do Sergas. As comisións provinciais estarán integradas por un representante por cada organización sindical asinante do pacto e en número igual polos representantes designados pola dirección provincial e os centros da provincia.

Os representantes poderán ir acompañados dos suplentes, representantes noutras áreas, cando a reunión teña por obxecto o tratamento de asuntos de área distinta á de pertenza do titular e co obxecto de garantir o coñecemento e a proximidade dos temas. Os suplentes terán voz pero non terán voto.

10.2. A comisión central terá as seguintes competencias:

-Unificar e establecer os criterios de actuación e interpretación do pacto.



-Resolver en única instancia as incidencias e controversias de afectación xeral que deriven da aplicación do pacto.

-Outorgar o aval ás actividades de formación continua destinadas ás correspondentes categorías de persoal non sanitario nos termos que se establecen nos criterios xerais do baremo.

-As demais explicitamente recoñecidas neste pacto.

10.3. As comisións provinciais terán as seguintes competencias:

-Coñecerán, en única instancia, todas as incidencias e reclamacións que se produzan, formulando as propostas de resolución con carácter vinculante que procedan ás direccións provinciais do Sergas para o seu traslado, se é o caso, aos interesados.

-Exercerán o control da execución dos chamamentos dos aspirantes en todo o seu ámbito.

-As demais explicitamente recoñecidas neste pacto.

10.4. Réxime de funcionamento:

10.4.1. Os acordos adoptaranse por maioría dos presentes, requiríndose un quórum de 3 membros de cada unha das partes e sendo decisorio, no caso de empate, o voto do presidente.

10.4.2. A presidencia das comisións corresponderalle a un dos membros designados pola Administración, actuando como secretario destas, con voz e voto, outro dos seus representantes.

10.4.3. As comisións reuniranse, ben con carácter ordinario, unha vez ao trimestre a comisión central, e unha vez ao mes as provinciais; ou ben con carácter extraordinario, nas ocasións en que concorran as circunstancias que o fagan preciso.

A solicitude da convocatoria extraordinaria, na cal necesariamente se fixará a orde do día, farase por instancia, cando menos, de dous dos membros da comisión, e cunha antelación mínima de 48 horas.

11. Penalizacións.

11.1. Renuncias aos nomeamentos.

11.1.1 Será penalizado pasando ao cabo da lista da súa categoría o aspirante que renuncie por primeira vez a unha oferta de vinculación. No caso de concorrer unha segunda renuncia, o aspirante será penalizado coa exclusión da citada lista.

A penalización acordada por un ou outro motivo terá unha duración dun ano, contado desde que a medida se fai efectiva e será notificada ao aspirante afecto e á comisión provincial de seguimento do pacto, con carácter inmediato.

11.1.2. Procederá a suspensión dos chamamentos, sen penalización ningunha á petición do interesado

e sempre que o xustifique suficientemente, nos seguintes casos:

-Maternidade ou adopción legal.

-Exercicio de representación sindical.

-Casamento.

-Falecemento de familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

-Coidado de fillos menores de 3 anos ou dun familiar que se encontre ao seu cargo, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non se poida valer por si mesmo e non desempeñe actividades retribuídas.

-Participación en programas de cooperación internacional debidamente autorizados ao servizo de organizacións de cooperación internacional.

-Calquera outra de entidade suficiente que se considere oportuno a criterio da comisión central de seguimento.

O aspirante deberá alegar as citadas causas, perante a dirección provincial respectiva, e acreditarlas con anterioridade á data en que o chamamento se produza ou, de non ser posible, no momento en que se atenda o chamamento ou se formalice o nomeamento.

A suspensión de chamamentos deberá ser informada á comisión provincial de seguimento na seguinte reunión que se celebre desde que se presenta a renuncia.

De concorrer supostos de controversia ou dúbida sobre a causa alegada, a dirección provincial, tras a audiencia do interesado no prazo de 10 días hábiles, e logo do tratamento e acordo adoptado pola comisión provincial de seguimento do pacto, resolverá sobre a súa estimación ou desestimación. No caso de desestimación e, de persistir o rexeitamento da oferta por parte do interesado, adoptarase cautelarmente a medida penalizadora que corresponda, sen menoscabo da súa revogación ulterior, se cabe, co restablecemento da situación do aspirante.

A suspensión dos chamamentos manterase ata que o interesado notifique a súa dispoñibilidade alegando o remate da causa de suspensión e sexa aceptada a súa reposición pola comisión provincial de seguimento do pacto.

11.1.3. Os aspirantes en que concorre unha causa xustificada que impidise o cumprimento do nomeamento deberán comunicalo no momento da formalización do vínculo, procedendo a dirección provincial do Sergas á suspensión dos chamamentos ata que remate a causa.

Os criterios que sirvan de base á determinación das causas xustificadas de suspensión serán determinados pola División de Recursos Humanos do Sergas previamente ao seu tratamento pola comisión central de seguimento do pacto.

## 11.2. Incumprimentos graves dos aspirantes.

11.2.1. Serán excluídos definitivamente da lista os aspirantes que incorresen en incumprimentos graves, tanto derivados da súa calidade de aspirante inscrito na lista da categoría correspondente como do desempeño concreto do posto de traballo.

Considéranse incumprimentos graves todas as condutas cualificadas como faltas graves ou moi graves no estatuto marco (Lei 55/2003).

11.2.2. Para facer efectivas as exclusións derivadas dos citados incumprimentos, seguirase un procedemento perante a División de Recursos Humanos do Sergas, no cal se garante, en todo caso, a audiencia do interesado, e con participación preceptiva da comisión central de seguimento do pacto.

A División de Recursos Humanos do Sergas, unha vez incoado o procedemento de exclusión, poderá adoptar a medida cautelar consistente na suspensión dos chamamentos do aspirante incurso nel.

11.2.3. Tras a ultimación do expediente, a División de Recursos Humanos ditará a resolución en que se pronunciará sobre a exclusión definitiva do aspirante ou acerca do sobresemento do expediente.

Excepcionalmente, se así o aconsellan as circunstancias consideradas no caso, poderá acordar a exclusión do aspirante para chamamentos referidos a determinado ámbito ou ámbitos funcionais, de xestión, temporais, en que caberá contemplar medidas adicionais de adaptación profesional, formación, adestramento, etc. que se consideren oportunas ad hoc e que deberán motivarse no corpo da resolución que se dite.

A citada medida de exclusión tamén será acordada con carácter adicional á resolución que se adopte nos expedientes disciplinarios incoados por mor da comisión de faltas graves e moi graves.

11.2.4. Os aspirantes afectados pola exclusión poderán solicitar autorización para incorporarse ás listaxes de aspirantes nas sucesivas convocatorias. A División de Recursos Humanos resolverá expresamente as citadas solicitudes, logo do seu tratamento na comisión central de seguimento do pacto. Na falta de resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas.

Non procederá a citada autorización se a causa de exclusión das listas deriva dun incumprimento disciplinario constitutivo de falta moi grave ou causa penal.

## 12. Disposicións especiais.

### 12.1. Período de proba.

Nos nomeamentos expedidos estipularase un período de proba para os aspirantes, de conformidade co establecido no artigo 33.2º da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco de persoal estatutario dos servizos de saúde, e o artigo 5 da orde da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais do 1 de xullo de 1997, pola que se regulan as modalidades de formalización do vínculo do persoal temporal de institucións sanitarias xestionadas polo Ser-

vizo Galego de Saúde e demais normas concordantes e complementarias ou que a substitúan.

Cando un aspirante sexa cesado por non superar o período de proba que no nomeamento se estipule, quedará automaticamente excluído da lista.

Emporiso, a comisión central de seguimento do pacto poderá exceptuar a aplicación de tal medida de exclusión, de xeito motivado, naqueles casos en que, polas circunstancias concorrentes se considere oportuno, así como as medidas adicionais que se estimen convenientes.

Os centros sanitarios deberán comunicar á comisión central de seguimento do pacto, o antes posible, os cesamentos que se produzan por tal motivo e, de existiren, as circunstancias que razoablemente obsten á aplicación da medida de exclusión.

### 12.2. Áreas especiais.

12.2.1. Cando sexa preciso cubrir necesidades de vinculación de ATS/DUE que se produzan nas áreas de UCI-reanimación, quirófanos, hemodiálise, transplantes, hospital de día onco-hematolóxico e onco-pediatría e prematuros-neonatos, e así mesmo no que respecta ás categorías de persoal adscrito ás unidades de saúde mental, os aspirantes que acrediten experiencia profesional nas citadas áreas ou posúan a especialidade ou titulación específica que non fose preceptiva farano constar no espazo reservado para o efecto nas solicitudes que formulen, presentando, en todo caso, certificación acreditativa da experiencia expedida polo centro sanitario correspondente ou a titulación da especialidade.

Excepcionalmente, as xerencias poderán propoñer ás comisións provinciais de seguimento outras áreas de traballo de carácter sanitario, nas cales sexa necesario que os aspirantes acrediten experiencia profesional nelas ou posúan unha determinada especialidade. Para tal fin, o centro presentará informe debidamente razoado e xustificativo. A comisión provincial resolverá sobre a procedencia do chamamento dun aspirante cualificado na área ou servizo, e sobre o sistema de efectuar a designación daquel.

12.2.2. O chamamento para tales áreas farase seguindo a orde de prelación da lista e en prol das persoas que acrediten a experiencia ou a especialidade aludidas. Así mesmo, requirirase un informe por escrito do centro sanitario solicitante, no cal se fará constar a área sanitaria especial de que se trate e maila necesidade de que para esta se designe persoa coa especialidade ou titulación, de ser o caso, ou con experiencia acreditada. En todo caso, excluírase de tal sistema a cobertura das prazas vacantes e as substitucións dunha duración previsible superior a 60 días, que se proverán sempre na forma ordinaria.

Serán de aplicación aos aspirantes as medidas de penalización e suspensión de chamamentos previstos nos números 11 e 8 respectivamente deste pacto.

### 12.3. Vinculacións de curta duración.

12.3.1. Para a cobertura das necesidades de persoal estatutario naquelas categorías que razoadamente se considere oportuno, producidas como consecuencia do traslado de enfermos en ambulancias, absentismo, incapacidade temporal pendente de xustificación non superior a 3 días desde a data da súa efectividade, permisos e licenzas, poderá confeccionarse unha listaxe especial por centro ou complexo da correspondente categoría para nomeamentos que non excedan 5 días.

12.3.2. Os centros interesados no citado sistema farán a oportuna proposta á comisión central de seguimento do pacto, que resolverá sobre a pertinencia concreta de cada listaxe e o número de aspirantes que proceda incluír, en atención ás circunstancias concorrentes e ás necesidades reais de vinculación manifestadas por aqueles.

12.3.3. Os aspirantes que soliciten a inclusión na listaxe especial, exercerán a súa opción consignándoa na epígrafe específica do modelo formalizado da solicitude.

Os aspirantes incluídos na listas, de conformidade co parágrafo 12.3.2, serán chamados para a cobertura deste tipo de situacións pola súa orde de puntuación e de xeito rotatorio.

Ademais, poderá elaborarse unha listaxe de reserva que será utilizada no suposto de esgotamento ou insuficiencia da listaxe principal.

Os aspirantes deberán permanecer na citada listaxe principal durante a vixencia de cada convocatoria.

Serán de aplicación aos aspirantes as medidas de penalización e suspensión de chamamentos previstos nos números 11 e 8 respectivamente deste pacto.

12.3.4. Os aspirantes que figuren nas listaxes a que se refire esta norma xeral 12.3. non poderán ser chamados para vinculacións que superen o cómputo de 10 días por cada mes.

No caso de que acrediten un tempo de vinculación que exceda dos 120 días ao ano, con ocasión dos chamamentos realizados por esta listaxe, serán excluídos da listaxe de vinculacións de curta duración e serán chamados cando lles corresponda polo seu número de orde na listaxe ordinaria. Para a realización do cómputo dos citados días teranse en conta como termo inicial a entrada en vigor das listaxes que se elaboren conforme a este pacto.

12.3.5. En canto se manteña un aspirante nas listaxes a que se refire este punto, quedarán excluídos da formalización de vínculos inferiores a 4 meses, agás nos casos de indisponibilidade de aspirantes da lista xeral para a cobertura do período de vacacións estivais en que serán chamados polo seu número de orde con preferencia sobre as listas a que se refire a norma xeral 6.3. Os citados casos de indisponibilidade serán acreditados perante as comisións provinciais de seguimento do pacto que serán debidamente informadas.

12.3.6. As comisións provinciais de seguimento do pacto poderán solicitar información das xerencias co obxecto de realizar o control pertinente sobre as citadas vinculacións, e serán informadas mensualmente da xestión e das súas incidencias das listaxes para vínculos de curta duración.

12.3.7. Así mesmo, as comisións de centro poderán solicitar a citada información das xerencias.

12.4. Vinculacións a tempo parcial ou en ámbito territorial distinto ao da listaxe.

Caberá a renuncia do aspirante á oferta de vinculacións a tempo parcial ou que supoñan a prestación de servizos nun ámbito territorial distinto ao da lista do que forme parte, agás nos casos en que por indisponibilidade de profesionais, sexa necesaria a súa inmediata incorporación. Para os efectos esgotarse previamente a oferta a todos os aspirantes dispoñibles na lista de que se trate. De non ser aceptada a oferta por ningún deles, a aceptación do chamamento será obrigatoria en segundo chamamento.

Así mesmo, caberá a renuncia sen penalización do aspirante vinculado mediante un nomeamento a tempo parcial ou que supoña a prestación de servizos nun ámbito territorial distinto, sempre que exista dispoñibilidade de profesionais na lista da súa correspondente categoría.

12.5. Cobertura de atención urxente extrahospitalaria.

I. Selección de persoal temporal no ámbito da atención urxente no nivel de atención primaria.

A) Selección para vínculos de longa duración (novas prazas e incidencias nesas prazas que impliquen vínculos de longa duración) no novo modelo de urxencias en atención primaria.

1º A selección do persoal temporal para vínculos de longa duración na nova organización de atención urxente extrahospitalaria que resulte do futuro modelo de urxencias en atención primaria, realizarase de conformidade cos criterios xerais do pacto de selección temporal, coas particularidades seguintes:

1. Os aspirantes optarán voluntariamente a formar parte dunha listaxe específica que será o instrumento utilizado nos chamamentos para os vínculos de longa duración no futuro modelo de atención urxente extrahospitalaria.

Estes vínculos ofertaranse polo número de orde na listaxe específica que resulte da aplicación das epígrafes do baremo xeral ao que se engadirá a puntuación derivada do parágrafo IX do baremo de médicos e VII do baremo de enfermería.

Nestas epígrafes do baremo tense en conta a prestación baixo a modalidade de vínculos para a cobertura de atención continuada en atención urxente extrahospitalaria.

2. A inclusión dun aspirante nesta listaxe específica non o excluírá dos chamamentos que lle corres-

pondan pola súa orde de prelación na listaxe ordinaria.

3. A aceptación dos vínculos de longa duración do novo modelo organizativo de urxencias en atención primaria non suspenderá os chamamentos aos vínculos de longa duración que lle correspondan pola lista ordinaria. Se ben a renuncia a un vínculo de longa duración ao que sexa chamado pola súa orde na lista ordinaria implicará o rexeitamento para todo tipo de vínculo destas características, e, xa que logo, a súa opción por permanecer no vínculo de longa duración nas urxencias extrahospitalarias.

A súa opción por permanecer prestando servizos no ámbito das urxencias extrahospitalarias non obstará á súa obrigatoriedade de incorporarse á prestación ordinaria se houber indisponibilidade de aspirantes para a súa cobertura.

2º A selección de vínculos de curta duración poderá establecerse mediante o sistema previsto na epígrafe B deste punto primeiro, se así se acorda no marco de negociación da selección temporal.

B) Selección para outros vínculos derivados da atención continuada en atención primaria: vínculos de atención continuada en PAC que non estean configurados como de novo modelo.

A vinculación para a prestación á que se refire esta epígrafe realizarase a prol dos aspirantes que figuren na lista especial á que se refire a epígrafe anterior e que soliciten voluntariamente a súa inclusión nunha listaxe de chamamentos para outras vinculacións das urxencias extrahospitalarias non incluídas na epígrafe anterior:

1. A listaxe elaborase cos aspirantes a que se refire a epígrafe anterior que voluntariamente o manifesten no modelo de solicitude.

2. Os profesionais inscritos cubrirán as necesidades de atención urxente extrahospitalaria e as demais de carácter temporal que supoñan vinculación dun mes ou período inferior, nos ámbitos territoriais do servizo de atención primaria ou punto de atención continuada (PAC), segundo se determine, en cada caso, no marco de negociación da selección temporal.

3. A incorporación á listaxe especial non obstará o chamamento para as vinculacións superiores a un mes que lle corresponda pola súa orde de prelación na listaxe ordinaria.

4. A voluntariedade manifestada para o acceso a vinculacións derivadas desta lista B será tida en conta en futuras convocatorias de selección temporal nas epígrafes VI e IX de médicos e nas epígrafes V.4 e VII de enfermería. Nos baremos das epígrafes IX e VII anteriores serán incluídos en tanto permanezan viventes as ditas listaxes.

## 2. Puntuación adicional.

Nos baremos de persoal de enfermería e persoal médico que se inclúe nas epígrafes VII e IX respectivamente dos baremos anexos tómanse en conta

os servizos prestados de atención continuada no modelo transitorio para a configuración das listaxes de aspirantes ás vinculacións ao que se refire esta disposición.

## 3. Regras transitorias.

1. Transformación dos vínculos actuais de atención continuada.

De conformidade co acordo acadado na data do 5 de marzo de 2004, as actuais vinculacións para a cobertura da atención urxente extrahospitalaria formalizados no mes de marzo de 2004 transformaranse nos novos nomeamentos eventuais que se configuren para a citada prestación coas características e vixencias que se determinen.

2. Dispositivos de posta en marcha do novo modelo de urxencias de atención primaria.

Unha vez determinados os ámbitos dos dispositivos de posta en marcha do novo modelo de atención continuada no ámbito de atención primara, de conformidade co acordo acadado no seo da comisión de seguimento do pacto de urxencias extrahospitalarias, a incorporación de profesionais a estes realizarase en virtude da convocatoria específica para cada ámbito, na que se terán en conta os baremos deste pacto de selección de persoal temporal, coa consideración específica dos servizos prestados no ámbito das urxencias extrahospitalarias.

As vinculacións que se realicen terán a consideración de vinculacións de longa duración a que se refire o punto 1. Xa que logo, non excluirá o chamamento para vinculacións de longa duración que corresponda ao número de orde da lista ordinaria, sen prexuízo de que o seu rexeitamento por unha soa vez implica a opción do profesional de manterse vinculado no ámbito das urxencias extrahospitalarias ata a finalización do seu vínculo.

12.6. Nomeamento de médicos de familia con diploma de puericultura.

Para poder aspirar aos nomeamentos de médico especialista de pediatría na atención primaria será requisito imprescindible a acreditación do título especialista en pediatría. Non obstante, no suposto de non existir médico pediatra inscrito nas listas que poida efectuar a cobertura de substitucións ou eventualidades, poderanse utilizar os servizos dos aspirantes da lista de médicos de familia que acrediten o diploma de posgrao en puericultura, que así o soliciten. En todo caso producirase o cesamento dese persoal no suposto de dispoñibilidade de médicos especialistas en pediatría.

Así, confeccionarase unha lista de médicos de familia que acrediten o diploma de posgrao en puericultura por área de xestión sanitaria, co fin de poder chamar os incluídos nela por orde de puntuación para cubrir as necesidades asistenciais aludidas no parágrafo anterior.

Para a súa baremación teranse en conta os méritos recollidos no baremo de pediatras, agás a formación especializada e coa precisión de que a experiencia profesional se refire á acreditada como médicos de familia en prazas de pediatra de atención primaria.

12.7. Compatibilidade da permanencia nas listaxes especiais dunha mesma categoría.

O aspirante poderá solicitar a súa inclusión nunha ou varias listaxes ás que se refire esta norma xeral décimo segunda, agás nos casos de incompatibilidade expresamente indicada en cada convocatoria ou neste pacto.

13. Cobertura de vacantes polo persoal fixo da mesma categoría.

De conformidade co compromiso adquirido no Acordo sobre mellora retributiva e profesional do 1 de outubro de 2003 e segundo o disposto na Lei 55/2003, do estatuto marco do persoal dos servizos de saúde, a cobertura de vacantes que xurdan poderá ser realizada polo persoal fixo da mesma categoría, de conformidade co que se estableza na normativa de desenvolvemento sobre selección de persoal estatutario e provisión de prazas das institucións sanitarias do Sergas que será obxecto de negociación no seo da mesa sectorial.

14. Selección de postos de traballo de facultativo especialista.

A provisión temporal dos postos de traballo de persoal facultativo especialista realizarase mediante un procedemento baseado nos principios de igualdade, publicidade, imparcialidade, mérito e capacidade.

Para os efectos anteriores a normativa de desenvolvemento sobre selección de persoal estatutario establecerá os procedementos de selección e formalización das convocatorias que se deban realizar.

15. Adaptación de postos de traballo.

A comisión central de seguimento do pacto preverá a adopción de medidas de incorporación ao traballo temporal de persoas que requiran adaptación de postos de traballo por razón da súa discapacidade, que deberá ser acreditada.

## II. Criterios de selección.

Para deseñar o proceso de selección de aspirantes e confeccionar as diferentes listas por categoría e área de xestión, tívose en conta a necesidade de artellar un proceso áxil e eficaz con acatamento dos principios básicos recollidos na Constitución e, de xeito especial, no artigo 29 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

Con tales fundamentos configúranse os criterios de selección deste pacto que se recollen a continuación:

1. Outórgase unha entidade avaliativa á superación da fase de oposición dos procesos selectivos inmediatamente anteriores ás convocatorias que se rea-

licen ao abeiro deste pacto. Non obstante, exceptúase a valoración dos resultados da fase de selección dos procesos convocados ao abeiro da Lei 16/2001, do 21 de novembro (BOE do 22 de novembro), en virtude do acordo da mesa sectorial do 6 de xuño de 2002, na que se resolveu excepcionar os ditos resultados da valoración como mérito nos futuros procesos de selección de persoal temporal. Por todo isto, na primeira convocatoria que se realice en execución deste pacto, teranse en conta os resultados da fase de selección do último proceso selectivo realizado con anterioridade á aplicación da citada Lei 16/2001.

A valoración da fase de oposición dos citados procesos adquiren especial relevancia xa que resulta un expoñente claro dos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade que informan os sistemas de acceso ao emprego público recollidos, neste caso, no estatuto marco como corolario do establecido no artigo 103 da Constitución.

2. Coa imprescindible atención da anterior premissa, establécese o proceso de selección temporal contido neste pacto. Tal proceso, no que respecta ao persoal sanitario, en todo o seu ámbito, facultativo e sanitario non facultativo, consistirá exclusivamente na aplicación dos baremos de méritos que, para as distintas clases de persoal, se establezan neste pacto.

No relativo ao persoal non sanitario, tendo en conta a especificidade ou complexidade dalgunhas das funcións que van desempeñar determinados profesionais, resulta preciso, respecto de concretas categorías que o integran, realizar unha proba de coñecementos que garanta a idoneidade do profesional para o desempeño da praza ou posto de traballo.

a) Así é o caso dos aspirantes ao grupo técnico superior ou medio, técnico e de xestión da función administrativa, e do persoal informático, que, ademais de seren puntuados con carácter previo conforme ao baremo de méritos, realizarán unha proba de carácter teórico-práctico, que determinará, segundo o perfil ou características da praza obxecto da cobertura, a División de Recursos Humanos ou o director xerente do centro sanitario, segundo o caso e ámbito da convocatoria, coa colaboración da comisión central de seguimento do pacto, xunta do persoal da área ou, se é o caso, comisión de centro. Tal proba será executada soamente cando as características e circunstancias da praza obxecto de cobertura o requiran.

b) Os aspirantes ás prazas de carácter técnico ou de oficios, nas categorías de calefactores, electricistas, mecánicos, fontaneiros e cociñeiros realizarán unha proba de aptitude, de carácter práctico, que acredite o dominio necesario do seu oficio.

c) Tamén poderán ser obxecto dunha proba de aptitude de carácter informático os aspirantes á categoría de persoal de servizos xerais, agás aqueles que acreditasen o coñecemento suficiente na área informática, a través de cursos formativos de carácter

selectivo debidamente avalados no seo da comisión central de seguimento do pacto.

Da realización das devanditas probas excluíranse os aspirantes que aprobasen a fase de oposición do proceso selectivo do Sergas á que se fixo referencia. Sen embargo, poderán excepcionalmente acordarse para as categorías dos grupos A e B (técnicos superiores, da función administrativa e persoal informático), respecto ás prazas que polas súas características e deseño non pertencen á rama xurídica nin económica.

Da execución das devanditas probas exceptuarase tamén aquel persoal técnico, de oficios, e de servizos xerais, que prestasen servizos nalgunha institución sanitaria dependente do Sergas, por un período superior a dous meses, ou superasen a proba de aptitude executada en aplicación dos pactos anteriores.

As características, contido e mailo modo de execución das probas será determinado pola comisión central de seguimento, coa excepción das correspondentes aos grupos técnico, de xestión, de grao medio e persoal de informática, que é competencia, como xa se indicou, das xerencias dos centros en colaboración coas xuntas de persoal da área ou comisións de centro, de ser o caso, en función do ámbito da convocatoria á que se refire o epígrafe a).

As probas de aptitude para o persoal técnico ou de oficios e de servizos xerais, de carácter eliminatório, terá unicamente a cualificación de apto ou non apto.

Para os aspirantes declarados aptos na proba, así coma para o resto dos grupos profesionais e categorías, tanto de persoal sanitario coma non sanitario, aplicaranse os baremos de méritos contidos neste pacto, resultantes da suma das puntuacións que por cada apartado de méritos se estableza.

3. A puntuación por méritos que acaden os aspirantes determinará a súa orde na lista.

Os empates dirimiranse a prol do aspirante que acredite maior tempo como desempregado total e non subsidiado. De persistir o empate ou ben de tratarse de persoal de promoción profesional, resolverase a prol do aspirante de maior idade.

Entre os aspirantes que superasen a fase de oposición do proceso selectivo, os empates resolveranse a prol do que acredite maior puntuación final nesa fase (excepto a valoración da proba da lingua galega).

### III. Baremos.

Os baremos confeccionados refírense a grupos e categorías de persoal de características, nalgún caso, notoriamente diversas.

Por iso, tanto na súa estrutura, coma nas escalas de puntuación resultan diferentes, ao se ter en conta circunstancias distintas para a súa elaboración.

#### 1º Baremos de persoal facultativo.

No caso do baremo de médicos de familia, para a confección dos méritos asignables séguese, dalgún

xeito, a estrutura recollida na Lei 55/2003, do 17 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, que refire nos seus artigos 31 e 33 que se valorarán como mínimo: o currículo profesional, a formación pregraduada, especializada e continuada acreditada, a experiencia profesional en centros sanitarios, as actividades docentes científicas e de investigación e a cooperación ao desenvolvemento ou axuda humanitaria no ámbito da saúde. Ben que, ao tratarse o presente dun baremo para a selección e acceso de persoal temporal, na súa configuración parece razoable requirir unha maior axilidade e simplificación nesa estrutura e textura conformada; por iso é posible preterir aspectos ou actividades -como algunha das referidas na norma- máis propios dun proceso selectivo de acceso á condición de persoal estatutario fixo, o rigor e a virtualidade do cal debe predicarse sobremaneira. E tamén cabe e pode resultar pertinente ter en conta determinadas circunstancias que parecen axeitadas na configuración dun proceso de selección temporal.

Así, na epígrafe de formación especializada tívose en conta como norma paradigmática o disposto no artigo 4 do Real decreto 1753/1998, do 31 de xullo, sobre acceso excepcional ao título de médico especialista en medicina familiar e comunitaria, e sobre o exercicio da medicina de familia no Sistema Nacional de Saúde. O citado artigo refire que se valorará a formación especializada polo sistema de residencia en medicina familiar e comunitaria. A puntuación global por este período de formación especializada será equivalente á que se lle asigne ao exercicio profesional como médico de entre seis e oito anos. A equivalencia recollida neste baremo adáptase á realidade do emprego, situación sociolaboral da nosa comunidade e aos cadros de persoal no Sergas.

Así mesmo, parece razoable valorar a realización con éxito do curso selectivo de nivelación, de carácter teórico-práctico, por determinados profesionais, que serviu para a obtención do título de medicina familiar e comunitaria, de conformidade co disposto na normativa aplicable e o sistema, desas características, previsto na actual normativa para o acceso excepcional á citada titulación; deste xeito salientase, non só o esforzo formativo desenvolvido, senón tamén a maior cualificación colixida deses concretos procesos.

Tales predicamentos, referidos en senso amplo á situación de emprego, cos antecedentes, posibilidade de acceso e o seu decurso, tamén tiveron valor no establecemento doutras epígrafes do baremo do persoal médico de familia; así é o caso da situación de desemprego total e non subsidiado que, como circunstancia constatable, afecta a todas as categorías incluídas no ámbito de aplicación deste pacto, ben que con distinto grao e intensidade por mor das súas diferentes características. De aí que neste caso se precise unha axeitada ponderación, debidamente cohonestada, co resto das epígrafes do baremo e coa situación de emprego destes profesionais.

Tamén debe salientarse e, conseguintemente, gozar de certa consideración no baremo, a circunstancia concorrente de xeito continuo en moitos aspirantes, de permanencia nas listas, con plena disposición e sen renuncia ou rexeitamento algún aos chamamentos, asumindo unha discontinuidade no emprego, en moitos casos gravosa, ao longo dos períodos de vixencia dos pactos. Igualmente, tal extremo deberá ser relacionado, coonestado e subsumido no futuro, coa valoración que se pretende outorgar á situación especial de cobertura de curta duración prevista para os profesionais facultativos de atención primaria na disposición especial 12 na súa epígrafe 5, como así se fai constar explicitamente na concreta epígrafe do baremo.

Tamén deben terse en conta as peculiaridades da cobertura da prestación en determinados ámbitos asistenciais. A configuración transitoria do modelo de urxencias extrahospitalarias que derivará na definición dun futuro modelo organizativo para este ámbito prestacional exige unha particular consideración da dispoñibilidade dos profesionais no citado ámbito, xa que a prestación no futuro se concibe con carácter voluntario e, xa que logo, as listas que se confeccionen para a cobertura temporal das necesidades que se susciten no citado ámbito resulta así mesmo voluntaria. Por todo isto, prevese unha puntuación adicional e específica que tan só se terá en conta para os efectos da cobertura por persoal temporal das necesidades que xurdan neste ámbito.

Debe salientarse, así mesmo, que se lle outorga unha puntuación específica a aqueles aspirantes que participasen en anteriores convocatorias e así figurasen nas listaxes confeccionadas ao abeiro de pactos anteriores pola súa dispoñibilidade como persoal temporal do Sergas, como manifestación do coñecemento do medio das peculiaridades características da asistencia sanitaria en Galicia.

Os demais aspectos baremables xa tiveron reflexo nos anteriores pactos, con parangonable entidade, ora no caso da formación académica, ora no da formación continuada.

No baremo de psicólogos estase a seguir o disposto no Real decreto 2490/1998, do 20 de novembro, polo que se crea e regula o título oficial de psicólogo especialista en psicoloxía clínica que exige o título de psicólogo especialista en psicoloxía clínica para o desempeño de postos de traballo en institucións públicas ou privadas. Neste senso parece razoable recoller unha estrutura do baremo similar ao dos médicos de familia pola maior similitude dos profesionais psicólogos con esa categoría, sen menoscabo da exclusión de diversos aspectos baremables para os médicos -exclusivos deles- que non poden ter predicamento para os profesionais psicólogos.

## 2º Baremo ATS/DUE.

Por mor do contido xa explicitado nos artigos 31 e 33 do estatuto marco, debe valorarse a formación

especializada de posgrao para os profesionais ATS/DUE como un dos aspectos que integran a estrutura do seu baremo. Por tal ditado, parece razoable outorgar maior relevancia -respecto á existente nos baremos dos anteriores pactos- a esa formación especializada desenvolvida e acreditada por estes profesionais nas especialidades que teñen neste momento virtualidade e as que no futuro se vaian desenvolvendo.

Así mesmo, como no caso do persoal facultativo outorgase unha puntuación específica para a elaboración das listaxes, de carácter voluntario, para a selección do persoal temporal no ámbito das urxencias extrahospitalarias, dada a especial configuración do ámbito prestacional ao que se refire a transitoriedade do modelo e a participación dos profesionais neste.

3º No resto dos baremos non se seguiu a estrutura e as escalas de puntuación aludidas anteriormente, ao non existir a formación especializada ou posgraduada que nos casos anteriormente reflectidos resulta en cambio de obrigada observancia e moi relevante, e merecen, polo contrario, outros aspectos unha puntuación máis elevada.

Valorouse notablemente a experiencia profesional en todos os baremos por ser indubidable a súa transcendencia.

Tamén, como se explicou nos parágrafos relativos á exposición dos criterios de selección, valorouse de xeito notable ter superada a fase de oposición do proceso selectivo do Sergas ou algún exercicio desta, co outorgamento da puntuación máxima susceptible de acadar pola aludida experiencia profesional.

## 4º Desemprego.

Deuse certa importancia ao período acreditado de desemprego, ao implicar unha incidencia grande na xeneralidade das categorías obxecto de cobertura de persoal sanitario non facultativo, non sanitario, co engadido da súa valoración neste pacto para a categoría de persoal facultativo, adaptada ás súas características. A puntuación nesta epígrafe ponderouse con relación á asignada nas epígrafes anteriores sinaladas, na procura de atinxir o baremo máis equilibrado posible e atento á verdadeira virtualidade das distintas epígrafes que o conforman.

## 5º Formación continua.

Respecto a esta epígrafe, foron considerados de xeito importante para todas as categorías os cursos de formación e perfeccionamento, pola relevancia da formación continuada para todas as categorías de persoal que desenvolve o seu cometido nas nosas institucións sanitarias; e considerando igualmente a transcendencia que tradicionalmente se lle ten dado a tales procesos formativos, con especial predicamento na actualidade, someténdose ao conseguinte control que procure, ora acadar unha maior

calidade, ora perfeccionar o seu contido de xeito real e cada vez mellor coonestado coas necesidades asistenciais ou de apoio.

Neste pacto pondérase a entidade avaliadora da formación en función do nivel de formación requirido para o acceso a cada categoría xa que as exixencias formativas, a cualificación profesional, a responsabilidade das tarefas e das disciplinas exixidas para cada grupo de clasificación supoñen un grao de formación continuada diferente para cada un deles.

Así mesmo, prevense criterios de actualización da formación baseados na súa antigüidade que se toma como referencia para a súa caducidade, apartándose do anterior criterio de redución automática da puntuación que se realizaba sen consideración á antigüidade desta. Quedan exceptuados desta medida aqueles cursos que supoñan un grao de especialización de carácter oficial que non estaban afectados pola citada caducidade.

En todos os procesos formativos exíxense uns requisitos rigorosos e solventes para a súa avaliación e, ademais, para os que o requiren especialmente por mor da súa necesaria avaliación polo Sergas, dáse a necesaria publicidade dos requisitos exixidos, para que sexa posible permitir a garantía, entidade e a calidade destes cursos, e a preterición, no posible, dos que sexan pouco relevantes ou, incluso, falaces, nalgún caso.

-Avaliación polo Sergas:

Os criterios que rexerán para a avaliación polo Sergas, á que se refire a epígrafe de formación continua dos distintos baremos serán os seguintes:

I. O contido dos programas de formación deberán ser adecuados ás funcións da categoría estatutaria do aspirante, de acordo coas normas estatutarias correspondentes. Por isto a presentación do programa do curso coas materias impartidas e destinatarios serán requisitos imprescindibles para a súa valoración.

II. No relativo aos profesionais formadores, necesariamente deberá acreditarse a posesión da titulación axeitada ao curso que imparten, así como un breve currículo.

III. Os diplomas que se expidan deberán conter a sinatura do responsable do órgano convocante e/ou do profesional responsable da súa impartición, así como claramente o número de horas do curso, as datas de comezo e finalización, a denominación deste, a categoría destinataria, a localidade e o programa do curso debidamente pormenorizado no reverso.

IV. Os diplomas deberán ir acompañados do documento que acredite a avaliación do curso polo Sergas, para poder ser tidos en conta.

V. A comisión central de seguimento do pacto de vinculacións temporais poderá solicitar ás entidades que impartan os cursos, toda aquela documentación complementaria que considere preciso para a súa correcta avaliación.

VI. A realización dunha nova edición dun curso que xa tivese outorgada avaliación, requirirá nova solicitude presentando toda a documentación correspondente.

VII. De constatarse algunha inexactitude, omisión ou ocultación nos procesos das accións formativas poderán tomarse medidas de carácter suspensivo ou incluso de exclusión nos supostos que sexa preciso.

VIII. A comisión avaliadora poderá establecer criterios obxectivos de avaliación e acordar a súa publicidade.

Recóllense tamén os cursos de persoal sanitario acreditados pola Comisión Nacional para a Formación Continua e os que se acrediten pola Comisión de Formación Continua desta comunidade autónoma de acordo co Decreto 8/2000 (DOG nº 17, do 26 de xaneiro).

Parece razoable, nesta liña de actuación fixada, adaptar os baremos aos criterios xerais de acreditación da formación sanitaria acadados pola Comisión Nacional de Formación Continua, constituída en virtude do Convenio de Conferencia Sectorial do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde sobre formación continuada das profesións sanitarias, así como a súa estrutura e cómputo a través de créditos horarios e non por tramos como na actualidade foron confeccionados. Agora ben, tamén resulta ineludible establecer un réxime transitorio para a aplicación de tal medida que respecte a realidade dos procesos formativos vehiculados ata a data consonte o sistema vixente, para non menoscabar tanto as organizacións ou entidades formadoras, coma os aspirantes receptores dela.

O sistema de avaliación de cursos está referido principalmente aos créditos que se certifiquen. Non obstante, na formación anterior á entrada en vigor dos sistemas acreditadores, os cursos non viñan referidos con tal valoración, por iso, con carácter subsidiario, mantense un sistema de valoración daqueles que tan só veñan certificados en horas e que se aplicará única e exclusivamente para o caso de que o curso non se poida certificar en créditos.

Ademais, para o persoal non sanitario valoraranse aspectos de formación que parecen importantes, como é o caso da titulación específica pensada sobre todo para o persoal de oficios.

6º Promoción profesional temporal.

Finalmente, no que respecta ao persoal de promoción profesional por imperativo do disposto no artigo 35 da Lei 55/2003, do 17 de decembro, do estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, requírese necesariamente para acceder por esta quenda dous anos de antigüidade como persoal fixo; e tamén, segundo o ditado desa norma, facilítase a promoción aos grupos C e D de persoal non sanitario, sen exixencia de titulación, aos profesionais con máis de cinco anos de servizo.



Nos baremos para os profesionais que accedan por esta quenda especial, valóranse todos os aspectos que resultan baremables para o persoal que acceda pola quenda ordinaria, coa exclusión, obviamente, do período de tempo en situación de desemprego total e non subsidiado que se substitúe pola acreditación de servizos prestados na súa praza como estatutario fixo nos centros ou complexos sanitarios onde estean destinados.

Cuestións específicas que hai que ter en conta na baremación.

Desemprego e formación continuada:

A situación de desemprego, así como a formación continuada, valoraranse a partir da obtención da titulación habilitadora para o desempeño da praza á que se opte (licenciatura ou especialidade, diplomatura, formación profesional ou equivalente).

Promoción profesional:

Ao persoal de promoción profesional aplicaráselle a totalidade dos méritos contidos nos baremos correspondentes á categoría que opten, agás o referente ao tempo de desemprego, que será substituído pola antigüidade acreditada na categoría que teña en propiedade no centro sanitario onde presta servizos.

As puntuacións serán idénticas ás asignadas na epígrafe correspondente de cada un dos baremos, ao tempo acreditado por desemprego total non subsidiado.

Réxime de homologación dos coñecementos de lingua galega:

O grao de iniciación á lingua galega ten o seguinte réxime de homologación:

-En bacharelato (incluído COU):

Un ano cursado e aprobado da materia de lingua galega.

-En formación profesional:

Un ano cursado e aprobado da materia de lingua galega.

-Na universidade:

Un ano cursado e aprobado de lingua galega.

O grao de perfeccionamento de lingua galega ten o seguinte réxime de homologación:

-En bacharelato:

Dous anos cursados e aprobados da materia de lingua galega (incluído COU).

-En formación profesional:

Tres anos cursados e aprobados da materia de lingua galega.

-Na universidade:

Dous anos cursados e aprobados da materia de lingua galega.

Os certificados de homologación serán expedidos no caso do bacharelato e da formación profesional, polos propios servizos administrativos dos centros onde se cursaron os estudos, logo de solicitude dos interesados.

No caso dos estudos universitarios, o certificado será solicitado polos interesados á Dirección Xeral de Política Lingüística, órgano competente para tal acreditación.

Así mesmo, consideraranse equivalentes os niveis básico, medio e superior dos cursos de linguaxe administrativa galega cos correspondentes niveis básico, medio e superior dos cursos de linguaxe xurídica galega.

Normativa aplicable:

-Orde do 25 de abril de 1989, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 101, do 29 de maio).

-Orde do 11 de novembro de 1998, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 4 de decembro).

-Orde do 19 de xaneiro de 1989, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 27, do 8 de febreiro).

-Orde do 10 de marzo de 2004 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG nº 66, do 5 de abril).

### ANEXO I

Baremo de persoal facultativo: médicos de familia

I. Formación académica.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos nesta epígrafe será 3,5 puntos.

1) Estudos de licenciatura:

Por cada matrícula de honra: 1,5 puntos.

Por cada sobresaliente: 1 punto.

Por cada notable: 0,5 puntos.

-A suma das puntuacións dividirase polo número total de materias avaliadas, expresando o cociente cos dous primeiros decimais obtidos.

-Non se valorarán as materias de idioma, relixión, formación política e educación física.

2) Posgrao (a puntuación máxima acadable nesta epígrafe será de 1,5 puntos).

Exame de grao (licenciatura): 0,25 puntos.

Premio extraordinario: 0,75 puntos.

Pola realización dos cursos monográficos de doutoramento ou do 3º ciclo: 0,25 puntos.

Por acreditar a suficiencia investigadora: 0,50 puntos.

3) Grao de doutor: 1,75 puntos.

-A puntuación máxima acadada polos coñecementos de posgrao e doutoramento reflectidos nas epígrafes 2 e 3 será 2 puntos.

A valoración do grao de doutor excluírá a valoración dos curso de doutoramento e/ou da suficiencia investigadora.

Soamente se valorarán para os efectos desta epígrafe, os expedientes académicos e titulacións obtidos en España ou noutro país da Unión Europea.

## II. Formación continuada.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será 4 puntos.

Pola asistencia, debidamente xustificada a:

a) Cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autónoma de Galicia, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría do médico de familia na atención primaria de saúde.

b) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica e universidades, Real Academia de Medicina, colexios oficiais de médicos, organizacións sindicais ou avalados en debida forma polo Sergas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias do médico de familia na atención primaria de saúde.

c) Os cursos realizados en aplicación do acordo de formación continua das administracións públicas, que tiveron a súa virtualidade, entre outros, en organismos, institucións, organizacións acreditativas, ou no Plan de Formación Continua do Sergas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias do médico de familia na atención primaria de saúde.

Por crédito 0,20 puntos.

Por hora 0,02 puntos.

Os cursos valoraranse polos créditos que consten nos seus certificados.

De non constar os créditos, os cursos valoraranse polas horas que se especifiquen no certificado.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e horas de duración, a valoración realizarase sempre polos créditos que figuren neste. En todo caso, os cursos acreditados pola Comisión Nacional de Formación Continua ou convocados e impartidos polas universidades deberán indicar nos seus certificados o número de créditos de correspondencia.

Non serán valorados os cursos realizados durante a especialización que estean incluídos no programa docente da especialidade correspondente.

## Actualización da formación:

Consolidación da puntuación obtida na última convocatoria anterior a este pacto: para os efectos da aplicación desta epígrafe terase en conta que a puntuación obtida polos aspirantes na convocatoria celebrada en virtude da Resolución do 28 de decembro de 2001 será consolidable na súa totalidade, agás que o aspirante acadase a puntuación máxima, caso en que experimentará unha redución de 0,20 puntos.

Non se computarán os cursos que se presenten que teñan unha data de antigüidade superior a 8 anos desde a data do seu remate. Non obstante, a formación superior de carácter oficial tal como mestrados ou formación que implique un grao de especialización oficial non incluída na epígrafe IV deste baremo non estará afectada por esta limitación. Neste último caso a puntuación que se obteña pola citada formación consolidarase para as futuras convocatorias.

Xa que logo, sen prexuízo da regra de consolidación nas sucesivas convocatorias, nas convocatorias que se celebren ao abeiro deste pacto, descontarase da puntuación que o aspirante obtivese en convocatorias anteriores por esta epígrafe a puntuación dos cursos que teñan unha antigüidade superior a 8 anos.

## III. Outras actividades.

Aspirantes que superasen as probas de acceso para a obtención pola vía excepcional do título de especialista en medicina familiar e comunitaria, en virtude dos sistemas dispostos, ora no Real decreto 264/1989, do 10 de febreiro, ora no Real decreto 1753/1998, do 31 de xullo: 1 punto.

## IV. Formación especializada.

1. Os aspirantes que, para a obtención do título de médico especialista, teñan cumprido o período completo de formación como médico residente do programa MIR:

a) MIR en medicina familiar e comunitaria: 5 puntos.

b) MIR especialista en medicina interna: 2 puntos.

c) MIR especialista noutras especialidades: 1 punto por especialidade.

O máximo de puntuación polo conxunto deste epígrafe de formación especializada será de 9 puntos.

## V. Experiencia profesional.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será de 12 puntos.

1)

-Polos servizos prestados no ámbito da atención primaria, como médico especialista en medicina familiar e comunitaria, médico xeral, médico titular, médico dos servizos normais ou especiais de urxencias, médico dos servizos de urxencias hospitalarias e de unidades de hospitalización a domicilio en ins-

titucións sanitarias dependentes do Sergas ou noutras institucións sanitarias integrantes do Sistema Nacional de Saúde, fundacións e empresas sanitarias públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que outorguen un tratamento recíproco aos aspirantes ás súas vinculacións temporais; polos servizos prestados como inspector médico e na clase de licenciados en medicina e cirurxía da escala de saúde pública e de Administración sanitaria. Por cada mes completo: 0,071 puntos.

-Por cada mes de servizos prestados en institucións sanitarias públicas españolas ou dun país da UE: 0,034 puntos.

-Por cada mes de servizos prestados en institucións sanitarias privadas españolas ou dun país de la UE: 0,017 puntos.

2) Aspirantes que desempeñasen praza noutras especialidades médicas:

-Por cada mes de servizos prestados en institucións sanitarias dependentes do Sergas ou noutras institucións sanitarias integrantes do Sistema Nacional de Saúde, fundacións e empresas sanitarias públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que outorguen un tratamento recíproco aos aspirantes ás súas vinculacións temporais: 0,034 puntos.

-Por cada mes de servizos prestados noutras institucións sanitarias públicas españolas ou dun país da UE: 0,017 puntos.

-Por cada mes de servizos prestados en institucións sanitarias privadas españolas ou dun país da UE: 0,008 puntos.

3) Médicos axudantes de cotas cirúrxicas: por cada mes de servizos prestados: 0,034 puntos.

Non se poderán valorar simultaneamente os servizos prestados en dúas ou máis epígrafes se o son en postos incompatibles entre si de conformidade coa normativa vixente para estes efectos.

A acreditación dos servizos prestados en institucións sanitarias públicas españolas farase a través de certificación expedida polo responsable do servizo de persoal ou servizo equiparable do centro público que corresponda.

A prestación de servizos en institucións sanitarias privadas deberá acreditarse coa presentación de certificación da empresa en que se faga constar categoría, duración e xornada do facultativo; tamén se presentará informe do órgano correspondente da Seguridade Social de cotizacións como facultativo.

Os servizos prestados en institucións sanitarias, tanto públicas coma privadas, dalgún país integrante da UE, acreditaranse por medio da certificación oficial expedida polo órgano que proceda do país en cuestión e, de ser necesario, exixirase a súa homologación por parte da oficina diplomática española do país de que se trate.

VI. Disponibilidade para vinculacións temporais de curta duración no Sergas.

Aqueles aspirantes que figuren nas listas de selección temporal do Sergas na categoría de médico sen

ter sido penalizado e que tivesen formalizado cando menos un vínculo por unha duración dun mes ou trinta días ao longo de cada ano: por cada ano completo: 0,5 puntos por ano, ata un máximo de 3 puntos.

Non lle será puntuada a dispoñibilidade a aqueles aspirantes que tivesen vínculos dun ano ou superior duración polo período de tempo dese/s nomeamento/s ou contrato/s.

Para a puntuación por esta epígrafe requirirase a solicitude dos aspirantes para a súa inclusión na futura listaxe especial para a cobertura de atención continuada nos PAC no momento en que tal sistema se poña en marcha.

A puntuación prevista por cada ano, sumada á puntuación pola epígrafe de experiencia profesional acreditada polo aspirante nese mesmo ano, non superará 0,85 punto por ano.

VII. Participación no réxime de selección temporal do Sergas.

A aqueles aspirantes que figurasen nas listas de selección temporal do Sergas desta categoría, sen teren sido penalizados coa súa exclusión, seralles puntuada a súa posta á disposición efectiva constatada a razón de 0,053 puntos/mes ou 0,64 puntos/ano no que figurase como aspirante, ata un máximo de 5 puntos.

Para estes efectos entenderase como data de inicio para o cómputo a data de publicación das listas definitivas de médicos de familia elaboradas con base no pacto publicado no DOG do 13 de abril de 1993.

A aplicación desta epígrafe do baremo será desenvolvida por instrución, previo ao seu tratamento pola comisión central de seguimento do pacto

VIII. Coñecementos da lingua galega.

a) Pola realización do curso de iniciación de lingua galega: 0,5 puntos.

b) Pola realización do curso de perfeccionamento de lingua galega: 1 punto.

A puntuación máxima desta epígrafe é de 1 punto.

IX. Puntuación especial e transitoria para a selección no ámbito das urxencias extrahospitalarias.

Valoración da participación no modelo transitorio establecido no pacto de urxencias extrahospitalarias do 30 de novembro de 1999.

Para a selección temporal no ámbito das urxencias extrahospitalarias elaboraranse unhas listaxes específicas, de conformidade co baremo indicado nos puntos anteriores aos que se engadirá a puntuación desta epígrafe:

Ao persoal con nomeamento/s para a cobertura de atención urxente extrahospitalaria a que se refire o artigo 2.C) 3 da Orde do 1 de xullo de 1997, modificada por Orde do 22 de marzo de 2000, ou nomeamento que o substitúa, outorgaráselle unha

puntuación de 0,066 puntos por mes ata un máximo de 5 puntos.

A regra xeral de baremación será de cómputo do período asignado e dispoñibilidade de prestación polo período da garantía, tendo presente os supostos de interrupción da dita garantía por acceder a nomeamentos de longa duración fóra do marco da garantía citada ou por cambio de nivel asistencial.

Incluiranse tamén nesta epígrafe os nomeamentos de atención continuada en urxencias extrahospitalarias, coa fracción da puntuación que corresponda aos días.

A comisión de seguimento do pacto aclarará os supostos en que a garantía de cobertura de atención urxente extrahospitalaria, que servirá de base para o cálculo desta puntuación adicional de urxencias extrahospitalarias, se entenderá interrompida.

## ANEXO II

### Baremo de odontólogos

#### I. Formación académica.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos desta epígrafe será de 5 puntos.

##### 1) Estudos de licenciatura:

Por cada matricula de honra: 1,5 puntos.

Por cada sobresaliente: 1 punto.

Por cada notable: 0,5 puntos.

-A suma das puntuacións dividirse polo número total de materias avaliadas, expresando o cociente cos dous primeiros decimais obtidos.

-No caso dos odontólogos realizárase este cómputo coas notas da licenciatura de odontoloxía. No caso de médicos-odontólogos realizárase coas materias de licenciatura de medicina e as de odontoloxía; e no caso de médicos-estomatólogos coas de medicina e estomatoloxía.

-En calquera caso non se valorarán as materias de relixión, educación física e formación política.

2) Posgrao: (a puntuación máxima acadable nesta epígrafe será de 1 punto).

Exame de grao (licenciatura): 0,25 puntos.

Premio extraordinario: 0,75 puntos.

Pola realización dos cursos monográficos de doutoramento ou do 3º ciclo: 0,25 puntos en total.

3) Grao de doutor: 1,5 puntos.

-A puntuación máxima acadada polos coñecementos de posgrao e doutoramento reflectidos nas epígrafes 2 e 3, será de 1,5 puntos.

Soamente se valorarán para os efectos desta epígrafe os expedientes académicos e titulacións obtidos en España ou noutro país da Unión Europea.

#### II. Formación continuada.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será de 5 puntos.

Pola asistencia, debidamente xustificada a:

a) Cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autónoma de Galicia, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría do odontólogo.

b) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica e universidades, Real Academia de Medicina, colexios oficiais de médicos, organizacións sindicais ou avalados en debida forma polo Sergas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias do odontólogo.

c) Os cursos realizados en aplicación do acordo de formación continua das administracións públicas, que tiveron a súa virtualidade, entre outros, en organismos, institucións, organizacións acreditativas, ou no Plan de Formación Continua do Sergas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias do odontólogo.

Por crédito 0,25 puntos.

Por hora 0,025 puntos.

Os cursos valoraranse polos créditos que consten nos seus certificados.

De non constar os créditos, os cursos valoraranse polas horas que se especifiquen no certificado.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e horas de duración, a valoración realizárase sempre polos créditos que figuren neste. En todo caso os cursos acreditados pola Comisión Nacional de Formación Continua ou convocados e impartidos polas universidades deberán indicar nos seus certificados o número de créditos de correspondencia.

Non serán valorados os cursos realizados durante a especialización que estean incluídos no programa docente da especialidade correspondente.

Actualización da formación:

Consolidación da puntuación obtida na última convocatoria anterior a este pacto: para os efectos da aplicación desta epígrafe terase en conta que a puntuación obtida polos aspirantes na convocatoria celebrada en virtude da Resolución do 28 de decembro de 2001 será consolidable na súa totalidade, agás que o aspirante acadase a puntuación máxima, caso en que experimentará unha redución de 0,20 puntos.

Non se computarán os cursos que se presenten que teñan unha data de antigüidade superior a 8 anos desde a data do seu remate. Non obstante, a formación superior de carácter oficial tal como mestrados ou formación que implique un grao de espe-

cialización oficial non incluída na epígrafe IV deste baremo non estará afectada por esta limitación. Neste último caso a puntuación que se obteña pola citada formación consolidarase para as futuras convocatorias.

Xa que logo, sen prexuízo da regra de consolidación nas sucesivas convocatorias, nas convocatorias que se celebren ao abeiro deste pacto, descontarase da puntuación que o aspirante obtivese en convocatorias anteriores por esta epígrafe a puntuación dos cursos que teñan unha antigüidade superior a 8 anos.

### III. Experiencia profesional.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será de 18 puntos.

1) Por cada mes completo de servizos prestados como odontólogo ou estomatólogo, en institucións sanitarias xestionadas polo Sergas ou noutras institucións sanitarias integrantes do Sistema Nacional de Saúde, fundacións e empresas sanitarias públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que outorguen un tratamento recíproco aos aspirantes ás súas vinculacións temporais: 0,25 puntos.

2) Por cada mes completo de servizos prestados como odontólogo ou estomatólogo noutras institucións sanitarias públicas españolas ou dun país da UE: 0,10 puntos.

3) Pola permanencia na lista especial (suposto 12 do pacto) durante a totalidade da vixencia de cada pacto en que tivese virtualidade e sempre que se prestasen servizos continuados como consecuencia del: 2 puntos por cada ano ou a puntuación que lle corresponda por cada fracción.

A acreditación dos servizos prestados en institucións sanitarias públicas españolas farase a través de certificación expedida polo responsable do servizo de persoal ou servizo equiparable do centro público que corresponda.

### IV. Coñecementos da lingua galega.

1) Pola realización do curso de iniciación de lingua galega: 0,5 puntos.

2) Pola realización do curso de perfeccionamento de lingua galega: 1 punto.

A puntuación máxima desta epígrafe é 1 punto.

## ANEXO III

### Baremo pediatras

#### I. Formación académica.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos nesta epígrafe será 3 puntos.

##### 1) Estudos de licenciatura:

-Cada matrícula de honra: 1,5 puntos.

-Cada sobresaliente: 1 punto.

-Cada notable: 0,5 puntos.

A suma das puntuacións dividirase polo número total de materias da carreira, expresando o cociente cos dous primeiros decimais obtidos.

Non se valorarán as materias de idioma, relixión, formación política e educación física.

##### 2) Posgrao:

-Exame de grao (licenciatura): 0,25 puntos.

-Premio extraordinario: 0,75 puntos.

-Cursos monográficos de doutoramento ou de 3º ciclo: 0,25 puntos.

(Máximo 1 punto polas tres liñas anteriores).

##### 3) Grao de doutor: 1,5 puntos.

A puntuación máxima dos puntos 2 e 3 é de 1,5 puntos.

### II. Formación especializada (máximo 7 puntos).

1. Aspirantes que se encontren en posesión do título de especialista en pediatría expedido ou homologado polo Ministerio de Educación e Ciencia: 2 puntos.

2. Aspirantes que cumprisen o período completo de formación na especialidade de pediatría como residentes do programa MIR, ou que cumprisen nesa especialidade o período completo de formación como residentes nun centro estranxeiro, con programa recoñecido de docencia para posgraduados na especialidade e coa titulación de especialista validada polo Ministerio de Educación e Ciencia: 5 puntos.

### III. Experiencia profesional (máximo 7 puntos).

1. Por cada mes de servizos prestados como pediatra en institucións sanitarias dependentes do Sergas ou noutras institucións sanitarias integrantes do Sistema Nacional de Saúde, fundacións e empresas sanitarias públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que outorguen un tratamento recíproco aos aspirantes ás súas vinculacións temporais: 0,08 puntos.

2. Por cada mes de servizos prestados como pediatra noutras institucións sanitarias públicas: 0,04 puntos.

3. Por cada mes de servizos prestados como pediatra en institucións sanitarias privadas: 0,02 puntos.

A acreditación dos servizos prestados en institucións sanitarias públicas españolas farase a través de certificación expedida polo responsable do servizo de persoal ou servizo equiparable do centro público que corresponda.

A prestación de servizos en institucións sanitarias privadas deberá acreditarse por presentación de certificación da empresa en que se faga constar a categoría, duración e xornada do facultativo pediatra; así, e igualmente, presentarse informe do órgano correspondente da Seguridade Social de cotizacións como facultativo pediatra.

#### IV. Outros méritos (máximo 4 puntos).

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será de 4 puntos.

Pola asistencia, debidamente xustificada a:

a) Cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autonómica de Galicia, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría do médico de familia na atención primaria de saúde.

b) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica e universidades, Real Academia de Medicina, colexios oficiais de médicos, organizacións sindicais ou avalados en debida forma polo Sergas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias do médico de familia na atención primaria de saúde.

c) Os cursos realizados en aplicación do acordo de formación continua das administracións públicas, que tiveron a súa virtualidade, entre outros, en organismos, institucións, organizacións acreditativas, ou no Plan de Formación Continua do Sergas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias do médico de familia na atención primaria de saúde.

Por crédito 0,20 puntos.

Por hora 0,02 puntos.

Os cursos valoraranse polos créditos que consten nos seus certificados.

De non constar os créditos, os cursos valoraranse polas horas que se especifiquen no certificado.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e horas de duración, a valoración realizarase sempre polos créditos que figuren neste. En todo caso os cursos acreditados pola Comisión Nacional de Formación Continua ou convocados e impartidos polas universidades deberán indicar nos seus certificados o número de créditos de correspondencia.

Non serán valorados os cursos realizados durante a especialización que estean incluídos no programa docente da especialidade correspondente.

Actualización da formación:

Consolidación da puntuación obtida na última convocatoria anterior a este pacto: para os efectos da aplicación desta epígrafe terase en conta que a puntuación obtida polos aspirantes na convocatoria celebrada en virtude da Resolución do 28 de decembro de 2001 será consolidable na súa totalidade, agás que o aspirante acadase a puntuación máxima, caso en que experimentará unha redución de 0,20 puntos.

Non se computarán os cursos que se presenten que teñan unha data de antigüidade superior a 8 anos desde a data do seu remate. Non obstante, a

formación superior de carácter oficial tal como mestrados ou formación que implique un grao de especialización oficial non incluída na epígrafe IV deste baremo non estará afectada por esta limitación. Neste último caso a puntuación que se obteña pola citada formación consolidarase para as futuras convocatorias.

Xa que logo, sen prexuízo da regra de consolidación nas sucesivas convocatorias, nas convocatorias que se celebren ao abeiro deste pacto, descontarase da puntuación que o aspirante obtivese en convocatorias anteriores por esta epígrafe a puntuación dos cursos que teñan unha antigüidade superior a 8 anos.

#### V. Coñecemento da lingua galega.

1. Pola realización do curso de iniciación de lingua galega: 0,5 puntos.

2. Pola realización do curso de perfeccionamento de lingua galega: 1 punto.

A puntuación máxima desta epígrafe é 1 punto.

### ANEXO IV

#### Baremo de psicólogos clínicos

Este baremo queda suxeito ás adaptacións que deban realizarse nas sucesivas convocatorias por algunha desta dúas circunstancias:

-Convocatoria dun proceso selectivo para persoal fixo da categoría.

-Remate do novo prazo para a solicitude e expedición do título de psicólogo especialista e psicología clínica que se recolla no futuro real decreto que actualmente está en tramitación nos ministerios de Educación e Sanidade e Consumo.

#### I. Formación académica.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos nesta epígrafe será de 3,5 puntos.

1) Estudos de licenciatura (a puntuación máxima acadable nesta epígrafe será de 2 puntos):

Por cada matrícula de honra: 1,5 puntos.

Por cada sobresaliente: 1 punto.

Por cada notable: 0,5 puntos.

-A suma das puntuacións dividirase polo número total de materias avaliadas, expresando o cociente cos dous primeiros decimais obtidos.

-Non se valorarán as materias de idioma, relixión, formación política e educación física.

2) Posgrao (a puntuación máxima acadable nesta epígrafe será de 1 punto).

Exame de grao (licenciatura): 0,25 puntos.

Premio extraordinario: 0,75 puntos.

Pola realización dos cursos monográficos de doutoramento ou do 3º ciclo: 0,25 puntos en total.

1) Grao de doutor: 1,5 puntos.

-A puntuación máxima acadada polos coñecementos de posgrao e doutoramento reflectidos nas epígrafes 2 e 3 será 1,5 puntos.

Soamente se valorarán para efectos desta epígrafe, os expedientes académicos e titulacións obtidos en España ou noutro país da Unión Europea, así como os títulos obtidos en estados que tivesen acordos bilaterais con España que supuxesen a validación das titulacións, sempre e cando os ditos títulos acreditasen a homologación dos estudos na súa totalidade, sen necesidade de períodos de formación adicional ou probas conducentes á avaliación dos coñecementos do interesado.

## II. Formación continuada.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será 4 puntos.

Pola asistencia, debidamente xustificada a:

a) Cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autonómica sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría a que se opta.

b) Cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, Real Academia de Medicina, colexios oficiais de médicos ou psicólogos, organizacións sindicais ou avalados en debida forma polo Sergas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría a que se opta.

c) Cursos realizados en aplicación do acordo de formación continua das administracións públicas, que tiveron a súa virtualidade, entre outros, en organismos, institucións, organizacións acreditativas, ou no Plan de Formación Continua do Sergas, relacionado ou dirixido á categoría a que se opta.

Por crédito: 0,20 puntos.

Por hora: 0,020 puntos.

Os cursos valoraranse preferentemente polos créditos que teñan acreditados.

No seu defecto os cursos valoraranse polas horas que resulten do certificado.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e horas de duración, a valoración realizarase sempre polos créditos que determine. En todo caso, os cursos acreditados pola Comisión Nacional de Formación Continua ou convocados e impartidos polas universidades deberán indicar nos seus certificados o número de créditos de correspondencia.

Non serán valorados os cursos realizados durante a especialización que estean incluídos no programa docente da especialidade correspondente.

## Actualización da formación:

Consolidación da puntuación obtida na última convocatoria anterior a este pacto: para os efectos da aplicación desta epígrafe terase en conta que a puntuación obtida polos aspirantes na convocatoria celebrada en virtude da Resolución do 28 de decembro de 2001 será consolidable na súa totalidade, agás que o aspirante acadase a puntuación máxima, caso en que experimentará unha redución de 0,20 puntos.

Non se computarán os cursos que se presenten que teñan unha data de antigüidade superior a 8 anos desde a data do seu remate. Non obstante, a formación superior de carácter oficial tal como mestrados ou formación que implique un grao de especialización oficial non incluída na epígrafe IV deste baremo non estará afectada por esta limitación. Neste último caso a puntuación que se obteña pola citada formación consolidarase para as futuras convocatorias.

Xa que logo, sen prexuízo da regra de consolidación nas sucesivas convocatorias, nas convocatorias que se celebren ao abeiro deste pacto, descontarase da puntuación que o aspirante obtivese en convocatorias anteriores por esta epígrafe a puntuación dos cursos que teñan unha antigüidade superior a 8 anos.

## III. Formación especializada.

Formación como psicólogo interno residente: puntuación máxima 7 puntos.

a) Por ter completado o período de formación como psicólogo interno residente: 7 puntos.

b) Aspirantes que tivesen superada a convocatoria nacional para optar a prazas do programa MIR e non teñan cumprido o período completo de formación. Por cada ano completo como residente: 0,6 puntos.

## IV. Experiencia profesional.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será de 12 puntos.

Aspirantes que desempeñasen praza de psicólogo clínico:

a) Por cada mes completo de servizos prestados como psicólogo en institucións sanitarias dependentes do Sergas ou noutras institucións sanitarias integrantes do Sistema Nacional de Saúde, fundacións e empresas sanitarias públicas da Comunidade Autónoma de Galicia na categoría, sempre que as citadas institucións outorguen un tratamento recíproco para a selección temporal do seu persoal aos servizos acreditados nas institucións xestionadas directamente polo Sergas: 0,083 puntos.

b) Por cada mes completo de servizos prestados como psicólogo noutras institucións sanitarias públicas españolas ou dun país da Unión Europea: 0,04 puntos.

c) Por cada mes completo de servizos prestados como psicólogo en institucións sanitarias privadas españolas ou dun país da UE ou pola participación en programas de cooperación internacional debidamente autorizados ao servizo de organizacións de cooperación internacional: 0,02 puntos.

A acreditación dos servizos prestados en institucións sanitarias públicas españolas farase a través de certificación expedida polo responsable do servizo de persoal ou servizo equiparable do centro público que corresponda.

A prestación de servizos en institucións sanitarias privadas deberá acreditarse coa presentación de certificación da empresa en que se faga constar categoría, duración e xornada do facultativo, así e igualmente achegarase informe do órgano correspondente da Seguridade Social de cotizacións como facultativo.

Os servizos prestados en institucións sanitarias, tanto públicas como privadas, dalgún país integrante da UE, acreditaranse por medio da certificación oficial expedida polo órgano que proceda do país en cuestión e, de ser necesario, exixirase a súa homologación por parte da oficina diplomática española do país de que se trate.

#### V. Desemprego.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será de 1,5 puntos.

Por cada ano, fraccionable en meses, en situación de desempregado total e non subsidiado dentro dos últimos 3 anos: 0,5 puntos.

O tempo de desemprego deberá acreditarse necesariamente coa presentación do certificado de vida laboral expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social.

#### VI. Coñecementos da lingua galega.

1) Pola realización do curso de iniciación de lingua galega: 0,5 puntos.

2) Pola realización do curso de perfeccionamento de lingua galega: 1 punto.

A puntuación máxima desta epígrafe é 1 punto.

### ANEXO V

Baremo de ATS/DUE, enfermeira especialista, matrona, fisioterapeuta e logopeda

I. Oferta pública de emprego do Servizo Galego de Saúde.

Os exercicios da fase de oposición do último proceso selectivo vehiculada polo Sergas consonte o Decreto 309/1998, do 6 de novembro, polo que se regulan os procesos de selección para o acceso a prazas de persoal estatutario, sanitario non facultativo e non sanitario das institucións sanitarias do Sergas coa aprobación das OPE para os anos 1998-2000, ou que no futuro se convoquen ao abeiro

doutras ofertas públicas de emprego para o Sergas (exclúense os procesos selectivos convocados ao abeiro da Lei 16/2001):

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos desta epígrafe será de 18 puntos.

Por cada exercicio aprobado da citada fase, agás o de lingua galega, 9 puntos.

Para o caso de que a estrutura da fase de oposición dos futuros procesos selectivos fose modificada, con carácter previo á convocatoria que se realice ao abeiro deste pacto, a mesa sectorial procederá á ponderación da puntuación dos exercicios, tendo o referente da puntuación máxima por esta epígrafe.

#### II. Formación académica.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será de 2 puntos.

1) Estudos de diplomatura de ATS/DUE, logopeda e fisioterapeuta, segundo o caso.

Por cada matrícula de honra: 1,5 puntos.

Cada sobresaliente: 1 punto.

Cada notable: 0,5 puntos.

A suma das puntuacións dividirase polo número total de materias avaliadas, expresando o cociente cos dous primeiros decimais obtidos.

Non se valorarán as materias de idiomas, relixión, formación política e educación física, que tampouco se terán en conta para o cómputo do divisor.

2) Por premio fin de carreira: 0,5 puntos.

Soamente se valorarán para os efectos desta epígrafe, os expedientes académicos e titulacións obtidos en España ou noutro país da Unión Europea, así como os títulos obtidos en estados que tivesen acordos bilaterais con España que supuxesen a validación das titulacións, sempre e cando os ditos títulos acreditasen a homologación dos estudos na súa totalidade, sen necesidade de períodos de formación adicional ou probas conducentes á avaliación dos coñecementos do interesado.

#### III. Formación continuada.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será de 5 puntos.

Pola asistencia, debidamente xustificada a:

a) Cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autónoma sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría a que se opta.

b) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, Inem, Cruz Vermella, colexios oficiais de enfermaría, organizacións sindicais ou ava-



lados en debida forma polo Sergas, ao abeiro das competencias da comisión de seguimento dos pactos de vinculación anteriores a este, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría a que se opta.

c) Cursos realizados en aplicación do acordo de formación continua das administracións públicas, que tiveron a súa virtualidade, entre outros, en organismos, institucións, organizacións acreditativas, ou no Plan de Formación Continua do Sergas, dirixidos á categoría a que se opta.

Por crédito: 0,25 puntos.

Por hora: 0,025 puntos.

Os cursos valoraranse preferentemente polos créditos que teñan acreditados.

No seu defecto os cursos valoraranse polas horas que resulten do certificado.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e horas de duración, a valoración realizarase sempre polos créditos que determine. En todo caso, os cursos acreditados pola Comisión Nacional de Formación Continua ou convocados e impartidos polas universidades deberán indicar nos seus certificados o número de créditos de correspondencia.

Non serán valorados os cursos realizados durante a especialización que estean incluídos no programa docente da especialidade correspondente.

Actualización da formación:

Consolidación da puntuación obtida na última convocatoria anterior a este pacto: para os efectos da aplicación desta epígrafe terase en conta que a puntuación obtida polos aspirantes na convocatoria celebrada en virtude da Resolución do 28 de decembro de 2001 será consolidable na súa totalidade, agás que o aspirante acadase a puntuación máxima, caso en que experimentará unha redución de 0,20 puntos.

Non se computarán os cursos que se presenten que teñan unha data de antigüidade superior a 8 anos desde a data do seu remate. Non obstante, a formación superior de carácter oficial tal como mestrados ou formación que implique un grao de especialización oficial non incluída na epígrafe IV deste baremo non estará afectada por esta limitación. Neste último caso a puntuación que se obteña pola citada formación consolidarase para as futuras convocatorias.

Xa que logo, sen prexuízo da regra de consolidación nas sucesivas convocatorias, nas convocatorias que se celebren ao abeiro deste pacto, descontarase da puntuación que o aspirante obtivese en convocatorias anteriores por esta epígrafe a puntuación dos cursos que teñan unha antigüidade superior a 8 anos.

IV. Formación especializada (só para as listaxes da categoría ATS especialista).

A aplicación desta epígrafe do baremo afectará exclusivamente para a elaboración das listaxes da categoría ATS especialista.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será de 4 puntos.

Polo título ou diploma dunha especialidade de enfermaría que recoñeza a normativa vixente, expedido polo Ministerio de Educación e Ciencia: 2 puntos.

V. Experiencia profesional.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será de 24 puntos.

1) Por cada mes de servizos prestados na categoría en institucións sanitarias dependentes do Sergas ou noutras institucións sanitarias integrantes do Sistema Nacional de Saúde, fundacións e empresas sanitarias públicas da Comunidade Autónoma de Galicia na categoría, sempre que as citadas institucións outorguen un tratamento recíproco para a selección temporal do seu persoal aos servizos acreditados nas institucións xestionadas directamente polo Sergas: 0,25 puntos.

2) Por cada mes completo de servizos prestados na categoría en institucións sanitarias ou sociosanitarias públicas españolas ou dun país da Unión Europea: 0,10 puntos.

3) Por cada mes de servizos prestados na categoría en institucións sanitarias privadas españolas ou dun país da Unión Europea, ou pola participación en programas de cooperación internacional debidamente autorizados ao servizo de organizacións de cooperación internacional: 0,05 puntos.

4) Pola permanencia na lista especial (disposición 12, epígrafes 4 e 5 dos supostos especiais deste pacto) durante a totalidade da vixencia de cada pacto en que tivese virtualidade e sempre que se prestasen servizos continuados como consecuencia deste: 2 puntos por cada ano, ou a puntuación proporcional para cada fracción cun máximo de 6 puntos.

VI. Desemprego.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será de 6 puntos.

Por cada ano, fraccionable en meses, en situación de desempregado total e non subsidiado dentro dos últimos 3 anos: 2 puntos (máximo 6 puntos).

O tempo de desemprego deberá acreditarse necesariamente coa presentación do certificado de vida laboral expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social.

VII. Puntuación especial e transitoria para a selección no ámbito das urxencias extrahospitalarias.

Valoración da participación no modelo transitorio establecido no pacto de urxencias extrahospitalarias do 30 de novembro de 1999.

Para a selección temporal no ámbito das urxencias extrahospitalarias elaboraranse unhas listaxes específicas, de conformidade co baremo indicado nos puntos anteriores aos que se engadirá a puntuación desta epígrafe:

O persoal con nomeamento/s para a cobertura de atención urxente extrahospitalaria a que se refire o artigo 2 c) 3. da Orde do 1 de xullo de 1997, modificada pola Orde do 22 de marzo de 2000, ou nomeamento que o substitúa, outorgaráselle unha puntuación de 0,066 puntos por mes ata un máximo de 4 puntos.

A regra xeral de baremación será de cómputo do período asignado e dispoñibilidade de prestación polo período da garantía, tendo presente os supostos de interrupción da dita garantía por acceder a nomeamentos de longa duración fóra do marco da garantía citada ou por cambio de nivel asistencial.

Incluiranse tamén nesta epígrafe os nomeamentos de atención continuada en urxencias extrahospitalarias, coa fracción de puntuación que corresponda aos días.

A comisión central de seguimento do pacto aclarará os supostos en que a garantía de cobertura de atención urxente extrahospitalaria, que servirá de base para o cálculo desta puntuación adicional de urxencias extrahospitalarias, se entenderá interrompida.

#### VIII. Coñecementos da lingua galega.

1) Pola realización do curso de iniciación de lingua galega: 0,5 puntos.

2) Pola realización do curso de perfeccionamento de lingua galega: 1 punto.

A puntuación máxima desta epígrafe é 1 punto.

#### ANEXO VI

Baremo de técnicos especialistas, hixienista dental e auxiliar de enfermaría

I. Oferta pública de emprego do Servizo Galego de Saúde.

Os exercicios da fase de oposición do último proceso selectivo vehiculada polo Sergas consonte o Decreto 309/1998, do 6 de novembro, polo que se regulan os procesos de selección para o acceso a prazas de persoal estatutario, sanitario non facultativo e non sanitario das institucións sanitarias do Sergas coa aprobación das OPE para os anos 1998-2000, ou que no futuro se convoquen ao abeiro doutras ofertas públicas de emprego para o Sergas (exclúense os procesos selectivos convocados ao abeiro da Lei 16/2001):

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos desta epígrafe será de 18 puntos.

Por cada exercicio aprobado da citada fase, agás o de lingua galega, 9 puntos.

Para o caso de que a estrutura da fase de oposición dos futuros procesos selectivos fose modificada, con carácter previo á convocatoria que se realice ao abeiro deste pacto, a mesa sectorial procederá á ponderación da puntuación dos exercicios, tendo o referente da puntuación máxima por esta epígrafe.

#### II. Formación académica.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será de 1,5 puntos.

Estudos de técnico especialista de formación profesional de 1º ou 2º grao, rama sanitaria da especialidade de que se trate, segundo o caso:

Cada curso con cualificación de sobresaliente na área de coñecementos tecnolóxico e prácticos: 1,5 puntos.

Cada curso con cualificación de notable na área de coñecementos tecnolóxico e prácticos: 1 punto.

No caso de que o expediente académico teña cualificacións individualizadas por cada disciplina ou materia.

Por cada sobresaliente: 1,5 puntos.

Por cada notable: 1 punto.

A suma das puntuacións dividirase polo número total de materias avaliadas, expresando o cociente cos dous primeiros decimais obtidos.

Para tales efectos, non se consideran como materias valorables as de relixión, formación política, formación física e idiomas. Así mesmo, no suposto de que as cualificacións non veñan especificadas por áreas de coñecemento, as disciplinas que se avaliarán serán as seguintes: tecnoloxía, prácticas e técnicas de expresión gráfica.

Non se computarán aquelas materias que poidan estar validadas.

Para a avaliación das materias utilizarase a seguinte táboa de equivalencias:

Sobresaliente: 9 puntos.

Notable: 7 puntos.

Ben: 6 puntos.

Suficiente: 5 puntos.

Ciclos superiores de técnicos especialistas e técnicos en cuidados de enfermaría: só se valorarán aqueles módulos que superen a cualificación de cinco. A suma total da puntuación de todos os módulos avaliados dividirase polo número total de módulos do ciclo.

Soamente se valorarán para os efectos desta epígrafe os expedientes académicos e titulacións obtidos en España ou noutro país da Unión Europea, así como os títulos obtidos en estados que tivesen acordos bilaterais con España que supuxesen a validación das titulacións, sempre e cando os ditos títulos acreditasen a homologación dos estudos na súa totalidade, sen necesidade de períodos de formación

adicional ou probas conducentes á avaliación dos coñecementos do interesado.

### III. Formación continuada.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será de 5 puntos.

Pola asistencia, debidamente xustificada a:

a) Cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autonómica sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría a que se opta.

b) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, Inem, Cruz Vermella, organizacións sindicais ou avaliados en debida forma polo Sergas sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría a que se opta.

c) Cursos realizados en aplicación do acordo de formación continua das administracións públicas, que tiveron a súa virtualidade, entre outros, en organismos, institucións, organizacións acreditativas, ou no Plan de Formación Continua do Sergas, dirixidos á categoría a que se opta.

Por crédito: 0,5 puntos.

Por hora: 0,05 puntos.

Os cursos valoraranse preferentemente polos créditos que teñan acreditados.

No seu defecto os cursos valoraranse polas horas que resulten do certificado.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e horas de duración, a valoración realizarase sempre polos créditos que determine. En todo caso, os cursos acreditados pola Comisión Nacional de Formación Continua ou convocados e impartidos polas universidades deberán indicar nos seus certificados o número de créditos de correspondencia.

Actualización da formación:

Consolidación da puntuación obtida na última convocatoria anterior a este pacto: para os efectos da aplicación desta epígrafe terase en conta que a puntuación obtida polos aspirantes na convocatoria celebrada en virtude da Resolución do 28 de decembro de 2001 será consolidable na súa totalidade, agás que o aspirante acadase a puntuación máxima, caso en que experimentará unha redución de 0,20 puntos.

Non se computarán os cursos que se presenten que teñan unha data de antigüidade superior a 8 anos desde a data do seu remate.

Xa que logo, sen prexuízo da regra de consolidación nas sucesivas convocatorias, nas convocatorias que se celebren ao abeiro deste pacto, descontarase da puntuación que o aspirante obtivese en convocatorias anteriores por esta epígrafe a puntuación dos cursos que teñan unha antigüidade superior a 8 anos.

### IV. Experiencia profesional.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será de 18 puntos.

1) Por cada mes de servizos prestados na categoría en institucións sanitarias dependentes do Sergas, ou noutras institucións sanitarias integrantes do Sistema Nacional de Saúde, fundacións e empresas sanitarias públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que as citadas institucións outorguen un tratamento recíproco para a selección temporal do seu persoal aos servizos acreditados nas institucións xestionadas directamente polo Sergas ou noutras institucións sanitarias integrantes do Sistema Nacional de Saúde: 0,25 puntos.

2) Por cada mes completo de servizos prestados na categoría noutras institucións sanitarias ou socio-sanitarias públicas españolas ou dun país da Unión Europea: 0,10 puntos.

3) Por cada mes de servizos prestados na categoría en institucións sanitarias privadas españolas ou dun país da UE ou pola participación en programas de cooperación internacional debidamente autorizados ao servizo de organizacións de cooperación internacional: 0,05 puntos.

4) Pola permanencia na lista especial (norma xeral 12, epígrafe 4 deste pacto) durante a totalidade da vixencia de cada pacto en que tivese virtualidade e sempre que se prestasen servizos continuados como consecuencia deste: 2 puntos por cada ano ata un máximo de 6 puntos.

### VI. Desemprego.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será de 6 puntos.

Por cada ano, fraccionable en meses, en situación de desempregado total e non subsidiado dentro dos últimos 3 anos: 2 puntos (máximo 6 puntos).

O tempo de desemprego deberá acreditarse necesariamente coa presentación do certificado de vida laboral expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social.

### VII. Coñecementos da lingua galega.

1) Pola realización do curso de iniciación de lingua galega: 0,5 puntos.

2) Pola realización do curso de perfeccionamento de lingua galega: 1 punto.

A puntuación máxima desta epígrafe é 1 punto.

## ANEXO VII

### Baremo de persoal non sanitario

I. Oferta pública de emprego do Servizo Galego de Saúde.

1º Os exercicios da fase de oposición do último proceso selectivo vehiculada polo Sergas consonte o Decreto 309/1998, do 6 de novembro, polo que

se regulan os procesos de selección para o acceso a prazas de persoal estatutario, sanitario non facultativo e non sanitario das institucións sanitarias do Sergas coa aprobación das OPE para os anos 1998-2000, ou que no futuro se convoquen ao abeiro doutras ofertas públicas de emprego para o Sergas (exclúense os procesos selectivos convocados ao abeiro da Lei 16/2001):

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos desta epígrafe será de: 18 puntos.

Por cada exercicio aprobado da citada fase, excepto o de lingua galega:

- a) Grupos A e B: 6 puntos (máximo 3 exercicios).
- b) Grupos C, D, E: 9 puntos (máximo 2 exercicios).

Para o caso de que a estrutura da fase de oposición dos futuros procesos selectivos fose modificada, con carácter previo á convocatoria que se realice ao abeiro deste pacto, a mesa sectorial procederá á ponderación da puntuación dos exercicios, tendo o referente da puntuación máxima por esta epígrafe.

2º Ás categorías de persoal non sanitario que non foron obxecto de OPE vehiculada polo Sergas aplicaráselle o previsto na norma xeral 2 deste pacto na súa epígrafe 5º.

## II. Formación académica e continuada.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será de 7 puntos.

### a) Formación académica.

1. Pola titulación específica relacionada coa praza a que se opta, sexa ou non título habilitador para o seu desempeño: 4 puntos.

2. Para as categorías integrantes dos grupos A e B, incluídas no ámbito de aplicación do Estatuto de persoal non sanitario, valorarase o expediente académico relativo ao título ou diplomatura que se acredite para acceder á praza solicitada, cun máximo de 3 puntos a razón de:

#### Grupos A e B:

Por cada matrícula de honra: 1,5 puntos.

Por cada sobresaliente. 1 punto.

Por cada notable: 0,5 puntos.

A suma das puntuacións dividirase polo número total das materias avaliadas, expresando o cociente cos dous primeiros decimais obtidos.

Non se valorarán as materias de idioma, relixión, formación política e educación física.

#### Grupo A:

Grao de doutor: 1,5 puntos.

#### Grupo B:

Por premio fin de carreira: 1,5 puntos.

Soamente se valorarán para os efectos deste epígrafe os expedientes académicos e titulacións obtidos en España ou noutro país da Unión Europea, así como os títulos obtidos en estados que tivesen acordos bilaterais con España que supuxesen a validación das titulacións, sempre e cando os ditos títulos acreditasen a homologación dos estudos na súa totalidade, sen necesidade de períodos de formación adicional ou probas conducentes á avaliación dos coñecementos do interesado.

### b) Formación continuada.

Puntuación máxima de 5 puntos pola asistencia debidamente xustificada a:

a) Cursos de formación e perfeccionamento acreditados pola Comisión de Formación Continuada do Sistema Nacional de Saúde ou pola Comisión Autónoma sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría a que se opta.

b) Pola asistencia, debidamente xustificada, a cursos de formación e perfeccionamento convocados e impartidos pola Administración estatal, autonómica, universidades, Inem, Cruz Vermella, colexios profesionais, organizacións sindicais ou avaliados en debida forma polo Sergas, sempre que teñan un contido relacionado coas funcións propias da categoría a que se opta.

c) Cursos realizados en aplicación do acordo de formación continua das administracións públicas, que tiveron a súa virtualidade, entre outros, en organismos, institucións, organizacións acreditativas, ou no Plan de Formación Continua do Sergas, dirixidos á categoría a que se opta.

#### Grupos A e B:

Por cada crédito: 0,25 puntos.

Por cada hora de formación: 0,025 puntos.

#### Grupos C e D:

Por cada crédito: 0,5 puntos.

Por cada hora de formación: 0,05 puntos.

#### Grupo E:

Por cada crédito: 1 punto.

Por cada hora de formación: 0,10 puntos.

Os cursos valoraranse preferentemente polos créditos que teñan acreditados.

No seu defecto os cursos valoraranse polas horas que resulten do certificado.

Para o caso de que o certificado indique os créditos e horas de duración, a valoración realizarase sempre polos créditos que determine. En todo caso, os cursos acreditados pola Comisión Nacional de Formación Continua ou convocados e impartidos polas universidades deberán indicar nos seus certificados o número de créditos de correspondencia.

Non serán valorados os cursos realizados durante a especialización que estean incluídos no programa docente da especialidade correspondente.

#### Actualización da formación:

Consolidación da puntuación obtida na última convocatoria anterior a este pacto: para os efectos da aplicación desta epígrafe terase en conta que a puntuación obtida polos aspirantes na convocatoria celebrada en virtude da Resolución do 28 de decembro de 2001 será consolidable na súa totalidade, agás que o aspirante acadase a puntuación máxima, caso en que experimentará unha redución de 0,20 puntos.

Non se computarán os cursos que se presenten que teñan unha data de antigüidade superior a 8 anos desde a data do seu remate. Non obstante, a formación superior de carácter oficial tal como mestrados ou formación que implique un grao de especialización oficial non incluída na epígrafe IV deste baremo non estará afectada por esta limitación. Neste último caso a puntuación que se obteña pola citada formación consolidarase para as futuras convocatorias.

Xa que logo, sen prexuízo da regra de consolidación nas sucesivas convocatorias, nas convocatorias que se celebren ao abeiro deste pacto, descontarase da puntuación que o aspirante obtivese en convocatorias anteriores por esta epígrafe a puntuación dos cursos que teñan unha antigüidade superior a 8 anos.

#### III. Experiencia profesional.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será de 18 puntos.

1) Por cada mes de servizos prestados na mesma categoría a que se opte en institucións sanitarias dependentes do Sergas ou noutras institucións sanitarias integrantes do Sistema Nacional de Saúde, ou fundacións e empresas sanitarias públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que as citadas institucións outorguen un tratamento recíproco para a selección temporal do seu persoal aos servizos acreditados nas institucións xestionadas directamente polo Sergas: 0,25 puntos.

2) Por cada mes de servizos prestados na mesma categoría a que se opte noutras institucións sanitarias ou sociosanitarias públicas españolas ou dun país da Unión Europea: 0,10 puntos.

3) Por cada mes de servizos prestados na mesma categoría a que se opte en institucións sanitarias privadas ou en institucións públicas non sanitarias españolas ou dun país da Unión Europea ou pola participación en programas de cooperación internacional debidamente autorizados ao servizo de organizacións de cooperación internacional: 0,05 puntos.

4) Por cada mes de servizos prestados na mesma categoría a que se opta, en empresas de carácter privado españolas ou dun país da Unión Europea: 0,025 puntos.

Para a categoría de persoal de servizos xerais, valoraranse ademais dos desenvolvidos nesta concreta categoría, os desenvolvidos na de auxiliar da función administrativa, celador e telefonista. As referidas puntuacións en cada unha das epígrafes anteriores son:

Epígrafe 1) Auxiliar administrativo: 0,20 puntos.

Celador e telefonista: 0,15 puntos.

Epígrafe 2) Auxiliar administrativo: 0,08 puntos.

Celador e telefonista: 0,06 puntos.

Epígrafe 3) Auxiliar administrativo: 0,04 puntos.

Celador e telefonista: 0,03 puntos.

Epígrafe 4) Auxiliar administrativo: 0,020 puntos.

Celador e telefonista: 0,015 puntos.

5) Pola permanencia na lista especial (norma xeral 12, epígrafe 4 dos supostos especiais deste pacto) durante a totalidade da vixencia de cada pacto en que tivese virtualidade e sempre que se prestasen servizos continuados como consecuencia del: 2 puntos por cada ano ou puntuación proporcional por cada fracción ata un máximo de 6 puntos.

#### IV. Desemprego.

A puntuación máxima posible para cada aspirante polo conxunto dos méritos previstos nesta epígrafe será de 6 puntos.

Por cada ano, fraccionable en meses, en situación de desempregado total e non subsidiado dentro dos últimos 3 anos: 2 puntos (máximo 6 puntos).

O tempo de desemprego deberá acreditarse necesariamente coa presentación do certificado de vida laboral expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social.

#### V. Coñecementos da lingua galega.

1) Pola realización do curso de iniciación de lingua galega: 0,5 puntos.

2) Pola realización do curso de perfeccionamento de lingua galega: 1 punto.

A puntuación máxima desta epígrafe é 1 punto.

### **CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

*Resolución do 26 de abril de 2004, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da sentenza do Xulgado do Social número catro da Coruña sobre impugnación do convenio colectivo do Concello de Culleredo.*

Visto o expediente da sentenza de data 22-3-2004 do Xulgado do Social número catro da Coruña sobre impugnación do convenio colectivo do Concello de

Culleredo, que tivo entrada nesta Delegación Provincial da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais o día 15-4-2004, de conformidade co disposto no artigo 2 d) do Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, e artigo 164.3º do Real decreto 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de procedemento laboral, esta delegación provincial

**ACORDA:**

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 26 de abril de 2004.

Luis Alberto Álvarez Freijido  
Delegado provincial da Coruña

Sentenza.

Na cidade da Coruña, o vinte e dous de marzo de dous mil catro

Beatriz Rama Insua, maxistrada xuíza do Xulgado do Social número catro desta capital, viu estes autos sobre procedemento de oficio, seguidos por instancia da autoridade laboral que non compareceu contra o Concello de Culleredo representada pola letrada Nieves Fuentes Bermejo, UGT representada polo letrado José Páramo Sureda e CC.OO. representada polo letrado Santiago Guemez Abad.

Antecedentes de feito.

Primeiro.-Con data 3-6-2002, tivo entrada neste xulgado demanda de oficio subscrita polo demandante, na que tras expor os feitos e fundamentos de dereito, acabou suplicando que se dite sentenza pola que estimando a demanda se resolva sobre a legalidade do artigo 2 do convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Culleredo.

Segundo.-Que recibida a trámite a dita demanda foron convocadas as partes para o acto de conciliación e xuízo o día 2-3-2004, en el, dada conta dos autos solicitaron todas as partes intervinientes e de común acordo dar unha nova redacción ao artigo 2 do convenio colectivo nos termos nos que queda redactado na acta de xuízo celebrado o 2-3-2004 solicitando que se ditase sentenza axustada a dereito.

Terceiro.-Na tramitación destes autos observáronse as prescricións legais.

Feitos probados.

Primeiro.-Que o presente procedemento de oficio foi iniciado pola autoridade laboral ao entender que

a redacción do conenio colectivo do persoal laboral do Concello de Culleredo lesionaba os traballadores contratados a tempo parcial e aqueles traballadores con contratos financiados con subvencións doutros organismos ou institucións. Solicitando que se resolverse sobre a legalidade do artigo 2 do referido convenio.

Segundo.-No acto de xuízo a comisión negociadora do convenio citado, é dicir Concello de Culleredo, UGT, CC.OO., aceptou unha nova redacción do referido artigo, do seguinte teor literal:

«Artigo 2º.-Ámbito de aplicación persoal.

As normas contidas neste convenio colectivo serán de aplicación a todo o persoal indefinido suxeito á lexislación laboral, con excepción, se é o caso, do persoal de alta dirección definido segundo establece o artigo 2.1º do Estatuto dos traballadores. As normas contidas neste convenio aplicaranse así mesmo ao persoal laboral que non teña a condición de indefinido, coas adaptacións singulares que se deriven del e de cada contrato individual, e no que sexa compatible coas particularidades da súa específica relación laboral».

Fundamentos de dereito.

Único.-A redacción dada de común acordo por todas as partes integrantes da comisión negociadora do convenio colectivo do Concello de Culleredo, ao artigo 2º del, enténdese que non vulnera nin lesiona os dereitos dos traballadores por razón das características dos seus contratos de traballo, e en consecuencia resulta asustada a dereito, debendo manterse nos termos acordados.

Vistos os artigos citados e demais de xeral e pertinente aplicación:

Decido que resolvendo a demanda de oficio promovida pola autoridade laboral contra o Concello de Culleredo, UGT, CC.OO., debo declarar e declaro que a redacción do artigo 2º do convenio colectivo do concello acordada pola comisión negociadora, no acto do xuízo celebrado en data 2 de marzo de 2004, resulta axustada a dereito.

Notifíquelles esta resolución ás partes e fágaselles saber que contra ela cabe recurso de suplicación, que se anunciará dentro dos cinco días seguintes á notificación da sentenza, ante este xulgado do que coñecerá, se é o caso, a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, tal como establecen os artigos 188 e ss. do texto refundido da Lei de procedemento laboral aprobado por Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril.

Así, por esta miña sentenza, definitivamente xulgando en primeira instancia, pronúncioo, mándoo e asínoo.

*Resolución do 30 de abril de 2004, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo do sector de industrias de carpintaría e ebanistaría.*

Visto o expediente do convenio colectivo do sector de industrias de carpintaría e ebanistaría, que tivo entrada nesta delegación provincial o día 6-4-2004, complementada o día 28-4-2004 e subscrito pola parte económica pola *Asociación Provincial de Empresarios de Carpintaría e Ebanistaría* da Coruña e da parte social por CC.OO., UGT e CIG o día 4-3-2004, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

#### ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo, que consta nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 30 de abril de 2004.

Luis Alberto Álvarez Freijido  
Delegado provincial da Coruña

Convenio colectivo para as industrias de carpintaría e ebanistaría da provincia da Coruña

#### Capítulo I

Artigo 1º.-Ámbito territorial e funcional.

Este convenio é de ámbito provincial e aplícase ás empresas que, na provincia da Coruña, se dedican á actividade de carpintaría e ebanistaría.

Artigo 2º.-Ámbito persoal.

Regulará as relacións laborais entre os traballadores e as empresas incluídas no seu ámbito territorial e funcional.

Artigo 3º.-Vixencia e duración.

Este convenio négociase ao abeiro do convenio sectorial da madeira e ten vixencia de dous anos (1-1-2004 a 31-12-2005), que servirá como norma complementaria no que nel non estea previsto (Resolución do 28-12-2001 da Dirección Xeral de Traballo, publicada no BOE do 24-1-2002).

Artigo 4º.-Incremento salarial y cláusula de garantía salarial.

Para o ano 2004 el incremento salarial pactado es de un 3,75%, calculándose este sobre as táboas salariais vixentes o 31-12-2003.

Para o ano 2005 o incremento salarial pactado é dun 3,75, calculándose este sobre as táboas salariais vixentes o 31-12-2004.

No suposto de que o incremento anual do índice prezos ao consumo (IPC) o 31 de decembro de 2004 supere o 2,25%, efectuarase unha revisión económica sobre o exceso da dita porcentaxe.

No suposto de que o incremento anual do índice prezos ao consumo (IPC) o 31 de decembro de 2005 supere o 2%, efectuarase unha revisión económica sobre o exceso da dita porcentaxe.

Artigo 5º.-Denuncia e prórroga.

Establécese como día límite para a denuncia deste convenio o 31 de outubro de 2005.

Artigo 6º.-Garantía ad personam.

Respectaráselles a tódolos traballadores as situacións laborais actualmente consolidadas no seu conxunto en canto determinen maiores dereitos dos concedidos neste convenio nas materias obxecto de regulación.

Artigo 7º.-Comisión mixta.

Para efectos de vixilancia e control de aplicación das normas contidas neste convenio, constitúese unha comisión mixta integrada por tres representantes por cada unha das partes.

Esta comisión mixta será un órgano de interpretación, arbitraje e vixilancia da aplicación e cumprimento do presente convenio, coas seguintes funcións específicas:

-Interpretación auténtica do convenio.

-Arbitraje dos asuntos que se lle sometan por acordo de ambas as partes.

-Vixilancia do pactado.

-Seguimento da evolución das relacións das partes contratantes.

-Entender cantas cuestións tendan á maior eficacia da práctica do convenio.

-Os acordos adoptados serano pola maioría das partes e aqueles que interpreten este convenio terán a mesma eficacia que a norma interpretada.

-A comisión mixta celebrará reunións cantas veces sexa necesario e logo de acordo das partes en canto á data, lugar e hora.

-Os vocais e suplentes serán designados entre as respectivas representacións negociadoras do convenio. Poderá utilizar os servizos de asesores en materia da súa competencia.

-A parte social e económica conveñen en dar coñecemento á comisión mixta de cantas dúbidas, dis-

crepancias e conflitos se puidesen producir como consecuencia da interpretación do presente convenio colectivo.

A composición da comisión mixta estará formada por un representante de cada central sindical e tres empresarios representantes da *Asociación Provincial de Carpintaría e Ebanistaría*.

## Capítulo II

### Artigo 8º.-Condicións económicas.

As condicións retributivas do persoal afectado por este convenio serán as que conteñen as táboas que se unen como anexo e as que se regulan nos seguintes artigos.

### Artigo 9º.-Recibos salariais.

As empresas entregarán aos traballadores os recibos correspondentes aos salarios mensuais, segundo modelo oficial.

As empresas poderán efectuar os pagamentos por medio de transferencia ou talón bancario.

### Artigo 10º.-Complemento de transporte.

Establécese a cantidade de tres euros con corenta e tres céntimos para percibir por este concepto por día efectivo de traballo, con independencia de que as empresas dispoñan ou non de medios de transporte.

En caso de desprazamento, as empresas satisfacerán ao persoal o servizo de transporte correspondente sen detrimento da percepción do dito complemento.

### Artigo 11º.-Complemento de antigüidade.

Tódolos traballadores que teñan dereito ao complemento de antigüidade consolidado seguirano mantendo na súa contía.

### Artigo 12º.-Complemento de asistencia.

Percebirase por cada día efectivo de traballo, a razón un euro con corenta e oito céntimos por día (1,48 €).

### Artigo 13º.-Axudas de custo e desprazamentos.

Nos supostos de que o traballador por necesidades de traballo teña que efectuar comidas ou pernoitar fóra do lugar habitual, terá dereito ás seguintes percepcións:

-Polo xantar: 9,02 €.

-Por dúas comidas: 16,75 €.

-Axuda de custo completa: 25,11 €.

A partir do sétimo día de permanencia fóra do lugar de traballo, percibirá 0,60 euros máis diarios. As empresas aboarán os gastos que superen o importe das axudas de custo aquí establecidas, unha vez que os xustifique o traballador.

O día de volta considerarase como axuda de custo completa. Os gastos de transporte aboaranse con independencia das axudas de custo establecidas.

### Artigo 14º.-Gratificacións extraordinarias.

Establécense dúas gratificacións extraordinarias coa denominación de paga de verán e paga de Nadal

e devengaranse por semestres naturais e por cada día natural en que se devengase o salario base.

Devengo de pagas:

-Paga de verán: do 1 de xaneiro ao 30 de xuño.

-Paga de Nadal: do 1 de xullo ao 31 de decembro.

As pagas extras aboaranse a razón de trinta días de salario base, antigüidade e vinte e cinco días de complemento de asistencia.

As empresas poderán ratear as pagas extras en doce mensualidades a razón de cinco días por cada mes.

O importe das pagas extraordinarias será proporcional ao tempo efectivamente traballado, computándose para estes efectos o período de accidente laboral e enfermidade profesional.

### Artigo 15º.-Horas extraordinarias.

As partes asinantes do presente convenio acordan reducir ao mínimo indispensable a realización de horas extraordinarias axustándose aos seguintes criterios:

a) Horas extraordinarias habituais: supresión.

b) Horas extraordinarias que veñan exixidas pola necesidade de reparar sinistros e outros danos extraordinarios e urxentes, así como en caso de risco de perda de materia prima: realización.

c) Horas extraordinarias por contratos ou períodos punta de produción, ausencias imprevistas, cambio de quenda ou outras circunstancias, sempre que non sexa posible utilizar distintas modalidades de contratación temporal ou parcial previstas na lei.

A dirección da empresa informará periodicamente o comité de empresa ou delegado de persoal sobre o número de horas extraordinarias realizadas, especificando as causas e, se é o caso, a distribución por seccións.

A hora extra pagarase cunha recarga do 75% sobre o valor da hora ordinaria. Por acordo entre empresa e traballador, logo de realización delas, poderán compensarse as horas extraordinarias cun período equivalente de descanso.

### Artigo 16º.-Xubilación.

Establécese un premio de xubilación aos 64 anos para o persoal que leve como mínimo dez anos na empresa. Consistirá este premio en trinta días de vacacións.

O traballador que se xubile voluntariamente con anterioridade a cumprir os 64 anos terá dereito á percepción dos premios seguintes:

-Xubilación aos 60 anos: 150 días de vacacións.

-Xubilación aos 61 anos: 125 días de vacacións.

-Xubilación aos 62 anos: 100 días de vacacións.

-Xubilación aos 63 anos: 75 días de vacacións.



A xubilación será obrigatoria para tódolos traballadores aos 65 anos, sempre que teñan dereito a percibir unha pensión, De non ser así poderán continuar na empresa ata que se xere o dereito á prestación.

Este artigo quedará en suspenso no caso de que se modifique a idade de xubilación por norma legal.

Artigo 17º.-Seguro de invalidez ou morte.

As empresas contratarán un seguro colectivo de invalidez permanente total ou morte por accidente durante as 24 horas, para todo o persoal afectado por este convenio, coas seguintes indemnizacións:

Para o ano 2004:

Por morte: 12.621 €.

Por invalidez permanente total ou absoluta: 18.932 €.

Para o ano 2005:

Por morte: 15.621 €.

Por invalidez permanente total ou absoluta: 21.932 €.

As empresas que contratasen a póliza correspondente cunha compañía de seguros non responderán subsidiariamente das indemnizacións en ningún caso.

Quedarán excluídos aqueles riscos que ordinariamente as compañías de seguros non cubran.

Artigo 18º.-Vacacións.

Os traballadores afectados por este convenio desfrutarán dun período anual de vacacións de trinta días naturais como mínimo.

A retribución delas será con base en 30 días de salario, antigüidade e complemento de asistencia equivalente aos días efectivos de traballo durante o dito período vacacional.

Nas empresas que non desfruten o período vacacional conxuntamente e, polo tanto, permanezan abertas durante os doce meses, os traballadores terán dereito a un período de vacacións de 22 días laborables. Non se consideran laborables os sábados, domingos e festivos.

Para efectos do disfrute de vacacións, o cómputo será por ano natural, tendo dereito á parte proporcional delas, de non levar na empresa un ano completo, ou á liquidación correspondente polo cesamento na empresa, por calquera causa.

O calendario de vacacións establécese entre a empresa e os traballadores ou os seus representantes e deberá ser exposto, como mínimo, con dous meses de anticipación ao inicio delas. Terán dereito preferente os traballadores con fillos en idade escolar.

As vacacións non poderán ser compensadas economicamente e en ningún caso as percepcións poderán ser inferiores ás establecidas no artigo 57 do convenio colectivo estatal da madeira.

Artigo 19º.-Licencias retribuídas.

O traballador, logo de aviso e xustificación, poderase ausentar do traballo polo tempo e condicións establecidas no anexo cadro de licenzas e permisos.

O aviso previo será sempre obrigatorio, salvo supostos e situacións excepcionais e imprevisibles que non permitan avisar previamente das ausencias; neste caso acreditarase no seu momento de forma suficiente.

Ademais das licenzas que se recollen no anexo, concederase polo tempo necesario no suposto de que un traballador acompañe ao médico os fillos menores de 16 anos con xustificante de entrada e saída da visita, sempre que sexa imprescindible por imposibilidade do outro cónxuxe.

Así mesmo, concederase un día de permiso por falecemento de irmáns do pai ou nai do traballador. En caso de nacemento dun fillo ampliaríase un día máis no suposto de que coincidise en venres o día de nacemento.

### Capítulo III

Artigo 20º.-Xornada de traballo.

A duración da xornada anual de traballo efectivo en tódolos ámbitos do presente convenio colectivo será para o ano 2004 de 1.768 horas. Para o ano 2005 será de 1.764 horas.

Artigo 21º

A xornada semanal con carácter xeral será de 40 horas. As empresas, logo de acordo cos representantes dos traballadores, poderán establecer xornadas semanais distintas, coas limitacións establecidas no artigo 43 do convenio colectivo estatal da madeira.

As empresas quedarán obrigadas a confeccionar o seu calendario laboral, que deberá especificar as xornadas laborables e as horas de cada unha delas, ata Completar el número de horas pactado. As reducións de xornada, para adaptalas ao cómputo anual, deberán acumularse, como mínimo, en medias xornadas. O calendario laboral deberá ser exposto aos traballadores no taboleiro de anuncios antes do 31 de xaneiro de cada exercicio. Non obstante, poderase modificar por unha soa vez o citado calendario ata o 30 de abril.

Artigo 22º.-Xornada intensiva.

Aquelas empresas os traballadores das cales tivesen adquirido o dereito da xornada intensiva nos meses de verán, respectarana nos seus propios termos. Nas demais poderase negociar a súa implantación.

Artigo 23º.-Incapacidade temporal.

1. As empresas completarán a prestación económica por incapacidade temporal (IT) ata o 100% do salario do traballador nos seguintes casos e durante o tempo que se indica en cada un deles:

a) IT derivada de accidente laboral, incluído in itinere ou enfermidade profesional.

-Desde o 1º día ata a alta médica.

b) IT derivada de enfermidade común ou accidente ou accidente non laboral.

-Con hospitalización: desde o primeiro día ata un máximo de 120 días.

-Sen hospitalización: desde o 17 día ata un máximo de 90 días.

2. Terá dereito ás prestacións por hospitalización referidas nos puntos anteriores, nos supostos de que o traballador permaneza ingresado como mínimo 24 horas.

Artigo 24º.-Capacidade diminuída.

Aqueles traballadores que por causa de enfermidade ou accidente quedasen impossibilitados para desempeñaren o posto de traballo para o que foron contratados, conservarán un dereito preferente para cubrir as vacantes que se produzan na empresa, cando as condicións físicas e intelectuais do traballador sexan adecuadas ao posto vacante.

Artigo 25º.-Traballo da muller.

Os dereitos e obrigas establecidos na lexislación laboral neste convenio afectarán por igual o home e a muller.

As empresas están obrigadas a pagar por iguais traballos os mesmos salarios e complementos sen discriminación de sexo.

Para efectos de extinción do contrato de traballo por causas obxectivas, non se computarán como faltas de asistencia as dos traballadores en período de licenza por maternidade.

Artigo 26º.-Pezas de roupa de traballo.

As empresas afectadas por este convenio entregarán dúas pezas de roupa de traballo ao ano aos traballadores, unha en xaneiro e outra en xullo.

Artigo 27º.-Recoñecemento médico.

O traballador poderá asistir a consulta médica sen que se lle desconte dos seus haberes o tempo empregado, sempre que o xustifique suficientemente.

Artigo 28º.-Cláusula de desvinculación.

As empresas que tivesen perdas durante os exercicios de 2002 e 2003 e as previsións para o 2004 fosen similares, poderán prescindir da aplicación dos salarios pactados neste convenio.

No prazo de dous meses desde a publicación deste convenio, as empresas que se pretendan acoller a esta cláusula deberán presentar a solicitude á comisión mixta do convenio ante a que deberán acreditar, no caso de sociedades e empresas obrigadas pola normativa fiscal a levar a contabilidade, as contas anuais presentadas no rexistro mercantil e as declaracións correspondentes presentadas ante a axencia tributaria. As demais empresas deberán acreditarlo mediante a documentación que acredite suficientemente a súa situación a xuízo da comisión.

Poderase solicitar a presenza dos representantes dos traballadores, así como de documentación aclaratoria que se considere necesaria.

De non existir acordo no seo da comisión mixta, as partes acordan o sometemento á arbitrase da AGA.

As empresas acollidas a esta cláusula, de acordo cos traballadores, poderán aplicar incrementos salariais menores aos aquí pactados ou, mesmo, non incrementar os salarios durante a vixencia do convenio.

Todos os membros da comisión, así como os seus asesores, obríganse a manter na maior reserva a información recibida, observando o maior sigilo profesional.

## Capítulo IV

### Forma e modalidades do contrato

Artigo 29º.-Forma do contrato.

A admisión de traballadores na empresa a partir da entrada en vigor do presente convenio realizarase a través do contrato escrito, cando así o exixa a norma legal.

Así mesmo, formalizaranse por escrito as comunicacións de prolongación ou ampliación deles e o aviso da súa finalización, referidos aos contratos temporais, cando a forma legal ou convencional de aplicación así o estableza.

O contrato de traballo deberase formalizar antes de comezar a prestación de servizos. Farase constar no contrato de traballo que deba establecerse por escrito as condicións que se pacten, o grupo profesional ou categoría en que queda encadrado o traballador e o contido mínimo do contrato, así como os demais requisitos formais legalmente exixidos.

Artigo 30º.-Condicións xerais de ingreso.

O ingreso ao traballo poderase realizar de conformidade con calquera das modalidades reguladas no Estatuto dos traballadores, disposicións de desenvolvemento e no presente convenio.

As empresas estarán obrigadas a solicitar dos organismos públicos de emprego os traballadores que necesiten, cando así o exixa a lexislación vixente, mediante oferta de emprego.

Artigo 31º.-Probos de aptitude.

As empresas, previamente ao ingreso, poderán realizar aos interesados as probas de selección, prácticas e psicotécnicas, que consideren necesarias para comprobar se o seu grao de aptitude e a súa preparación son adecuadas á categoría profesional de posto de traballo que vaian desempeñar.

Artigo 32º.-Contrato fixo de cadro de persoal.

Entenderase como contrato de traballo fixo de cadro de persoal o que se concerte entre a empresa e o traballador, para a prestación laboral durante tempo indefinido.

Capítulo V  
Duración do contrato

Artigo 33º.-Período de proba.

Poderá concertarse, por escrito, un período de proba, que en ningún caso poderá exceder:

- a) Titulados técnicos superiores: seis meses.
- b) Técnicos de grao medio ou sen titulación e persoal administrativo cualificado: dous meses.
- c) Persoal de oficio e auxiliar administrativo: un mes.
- d) Resto do persoal: vinte días.

Artigo 34º.-Contrato de formación.

O contrato de formación que realicen as empresas comprendidas dentro do ámbito funcional do presente convenio terá por obxecto a formación práctica e teórica do traballador contratado. O dito traballador non deberá ter ningún tipo de titulación, xa sexa superior, media, académica ou profesional relacionada co posto de traballo que vai desempeñar.

O contido do contrato, como as súas posibles prórrogas, deberá formalizarse por escrito, e figurará nel de modo claro a actividade ou profesión obxecto de aprendizaxe.

En ningún caso se poderá realizar este tipo de contrato naquelas actividades nas que concorren circunstancias tóxicas, penosas, perigosas ou nocturnas. Tamén estará prohibida a realización de horas extraordinarias.

A idade do traballador cun contrato destas características non poderá ser inferior a dezaseis anos nin superior aos vinte e un anos, con excepción dos supostos previstos no artigo 11.2º a) do Estatuto dos traballadores.

a) A duración máxima será de tres anos, xa sexan alternos ou continuados, cunha ou varias empresas dentro do ámbito funcional do sector do presente convenio.

b) Non se poderán realizar contratos de duración inferior a seis meses, podéndose prorrogar ata tres veces por períodos como mínimo de seis meses.

c) Este tipo de contrato realizarase a tempo completo. O 15% do total da xornada dedicarase a formación teórica. Concretaranse no contrato as horas e días dedicados á formación. Así mesmo, especificarase o centro formativo, se é o caso, encargado do ensino teórico.

O ensino teórico, a ser posible, deberá ser previo á formación práctica ou alternarse con esta de xeito racional.

No contrato deberá figurar o nome e categoría profesional do titor ou monitor encargado da formación práctica. O titor deberá velar pola adecuada formación do traballador, así como de todos os riscos profesionais.

O traballo efectivo que preste o traballador na empresa deberá estar relacionado coa especialidade ou obxecto do contrato.

d) O salario que percibirá o traballador en formación será o 75, 85 e 95 por 100 do salario do axudante que figura nas táboas do convenio, durante o 1º, 2º e 3º ano do contrato, respectivamente.

No caso de cesamento na empresa, entregaráselle ao traballador un certificado referente á formación teórica e práctica adquirida, na que constará a duración dela.

e) Mentres subsistan os complementos extrasalarais, estes percibiranse en contía íntegra durante todos os días que dure o contrato de traballo.

Artigo 35º.-Contrato de substitución por anticipación idade de xubilación.

Por acordo entre empresas e traballador, este poderase xubilarse á idade de sesenta e catro anos e a empresa terá a obriga de contratar un traballador que o substitúa co obxecto de que o primeiro poida acollerse aos beneficios establecidos no Real decreto 1194/1985, do 17 de xullo, ou a norma que puidese substituílo.

A representación traballadora e a empresarial pactan no presente convenio que, de calquera modo, a idade máxima para traballar será a de sesenta e cinco anos, sen prexuízo de que poidan completarse os períodos de carencia para a xubilación.

Artigo 36º.-Contratos eventuais por circunstancias da produción.

1º A duración máxima dos contratos eventuais por circunstancias da produción, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos poderá ser de ata doce meses traballados dentro dun período de dezaseis meses.

2º Os contratos de duración inferior a doce meses poderán prorrogarse mediante acordo das partes por unha única vez, sen que a duración do total do contrato poida exceder da dita duración máxima.

3º Os contratos celebrados con anterioridade á publicación do presente convenio poderanse prorrogar cos límites anteriores e coas condicións do presente artigo.

4º Á terminación do contrato, se este foi de duración igual ou inferior a catro meses, a empresa estará obrigada a satisfacer ao traballador unha indemnización de quince días de salario por ano de servizo. Se a duración foi superior a catro meses, a empresa estará obrigada a satisfacer ao traballador unha indemnización de vinte días por ano de servizo. Estas indemnizacións producirán efectos desde o primeiro día.

5º Os contratos que se celebren baixo esta modalidade conterán unha referencia expresa ao presente artigo.

Artigo 37º.-Contrato para obra ou servizo determinado.

De acordo coas competencias atribuídas pola Lei 1/1995, texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, no seu artigo 15.1º a), as partes asinantes do presente convenio conveñen en identificar determinados traballos ou tarefas con substantividade propia dentro das actividades das empresas do sector, definidas como tales no artigo 11º do convenio colectivo estatal da madeira.

En consecuencia, só se poderán realizar contratos ao abeiro do artigo 15.1º a) do Estatuto dos traballadores, é dicir, para obra ou servizo determinados, para as seguintes actividades:

a) Traballos de reparación das instalacións.

b) Para a realización dunha obra ou servizo determinado, con substantividade propia fóra das instalacións da empresa, aínda tratándose da actividade normal dela, incluíndose os labores na propia empresa, inherentes á preparación delas.

c) Traballos de rematantes, serradores e industrias da madeira auxiliares de actividades agrícolas, tales como envases e palés para produtos hortofrutícolas.

En canto ao aviso previo e cesamento rexerá o disposto no artigo 75 do convenio colectivo estatal da madeira.

Artigo 38º.-Empresas de traballo temporal.

As empresas afectadas por este convenio, cando contraten os servizos de empresas de traballo tem-

poral, garantirán que os traballadores postos ao seu dispor teñan os mesmos dereitos laborais e retributivos que lles corresponden aos seus traballadores en aplicación do presente convenio. Esta obriga constará expresamente no contrato de posta ao dispor celebrado entre a empresa de traballo temporal e a empresa usuaria que estea vinculada por este convenio.

#### Táboas salariais 2004

Categorías	Salario día	Salario mes
* Persoal obreiro		
Encargado	30,54 €	929,04 €
Oficial primeira	29,97 €	911,68 €
Oficial segunda	29,37 €	893,36 €
Axudante	28,77 €	875,06 €
Especialista	28,19 €	857,38 €
Peón	27,66 €	841,29 €
* Técnicos		
I. proxectista		947,11 €
Perito		926,61 €
ATS		926,61 €
Delineante		891,51 €
Auxiliar analista		872,78 €
* Persoal subalterno		
Ordenanza		833,02 €
Garda e vixilante		833,02 €
* Persoal administrativo		
Xefe de primeira		947,11 €
Xefe de segunda		926,61 €
Oficial de primeira		926,61 €
Oficial de segunda		891,51 €
Auxiliar administrativo		872,78 €
Complemento de asistencia	1,48 €	
Complemento de transporte	3,43 €	

## ANEXO II

### Cadro de permisos e licenzas

Motivo de licenza	Tempo máximo	Conceptos a devengar							Xustificantes
		Salario base	Pagas extras	Comp. Antig.	Incen. (1)	Comp. Conv.	Comp. P. Trab.	Comp. non Sal.	
Falecemento de pais, avós, fillos, netos, cónxuge, irmáns e sogros.	Tres días naturais, ampliables ata 5 naturais en caso de desprazamento superior a 150 kms.	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Documento que acredite o feito.
Enfermidade grave de pais, sogros, fillos, netos, cónxuge, irmáns e avós.	Tres días naturais, ampliables ata 5 naturais no caso de desprazamento superior a 150 kms.	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Xustificante médico que acredite o feito.
Falecemento de noras, xenros, cuñados e avós políticos.	Dous días naturais, ampliables ata 4 naturais no caso de desprazamento superior a 150 kms.	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Documento en que se acredite o feito.
Enfermidade grave de noras, xenros, cuñados e avós políticos.	Dous días naturais, ampliables ata 4 naturais no caso de desprazamento superior a 150 kms.	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Xustificante médico que acredite o feito.
Nacemento de fillo ou adopción.	Tres días naturais, ampliables ata 5 naturais no caso de desprazamento superior a 150 kms.	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Libro de familia ou certificado do xulgado.
Matrimonio do traballador.	Quince días naturais.	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Libro de familia ou certificado oficial.
Cambio de domicilio habitual.	Un día laborable.	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Documento que acredite o feito.
Deber inescusable de carácter público ou persoal.	O indispensable ou o que marque a norma.	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Xustificante da asistencia.
Lactancia ata nove meses.	Ausencia dunha hora ou dúas fraccións de media hora; redución de xornada en media hora.	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Libro de familia ou certificado de adopción.
Traslado (Art. 40 E.T.).	Tres días laborables.	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	
Matrimonio de fillos.	O día natural.	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	Documento en que se acredite o feito.
Funcións Sindicais ou de representación de traballadores.	O establecido na norma.	Si	Si	Si	Si	Si	Si	Non	O que proceda.

CALENDARIO LABORAL ANO 2004

DÍAS	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMB.	OUTUBR.	NOVEM.	DECEMB.	DÍAS
1	XO-FN	DOMINGO	8	8	SAB-FN	8	8	DOMINGO	8	8	LU-FN	8	1
2	8	8	8	8	DOMINGO	8	8	8	8	SÁBADO	8	8	2
3	SÁBADO	8	8	SÁBADO	8	8	SÁBADO	8	8	DOMINGO	8	8	3
4	DOMINGO	8	8	DOMINGO	8	8	DOMINGO	8	8	SÁBADO	8	SÁBADO	4
5	8	8	8	8	8	SÁBADO	8	8	DOMINGO	8	8	DOMINGO	5
6	L-FN	8	SÁBADO	8	8	DOMINGO	8	8	8	8	SÁBADO	LU-FN	6
7	8	SÁBADO	DOMINGO	8	8	8	8	SÁBADO	8	8	DOMINGO	8	7
8	8	DOMINGO	8	XO-FN	SÁBADO	8	8	DOMINGO	8	8	8	ME-FN	8
9	8	8	8	VEN-FN	DOMINGO	8	8	8	8	SÁBADO	8	8	9
10	SÁBADO	8	8	SÁBADO	8	8	SÁBADO	8	8	DOMINGO	8	8	10
11	DOMINGO	8	8	DOMINGO	8	8	DOMINGO	8	8	SÁBADO	8	SÁBADO	11
12	8	8	8	8	8	SÁBADO	8	8	DOMINGO	MA-FN	8	DOMINGO	12
13	8	8	SÁBADO	8	8	DOMINGO	8	8	8	8	SÁBADO	8	13
14	8	SÁBADO	DOMINGO	8	8	8	8	SÁBADO	8	8	DOMINGO	8	14
15	8	DOMINGO	8	8	SÁBADO	8	8	DOMINGO	8	8	8	8	15
16	8	8	8	8	DOMINGO	8	8	8	8	SÁBADO	8	8	16
17	SÁBADO	8	8	SÁBADO	LU-FN	8	SÁBADO	8	8	DOMINGO	8	8	17
18	DOMINGO	8	8	DOMINGO	8	8	DOMINGO	8	8	SÁBADO	8	SÁBADO	18
19	8	8	VEN-FN	8	8	SÁBADO	8	8	DOMINGO	8	8	DOMINGO	19
20	8	8	SÁBADO	8	8	DOMINGO	8	8	8	8	SÁBADO	8	20
21	8	SÁBADO	DOMINGO	8	8	8	8	SÁBADO	8	8	DOMINGO	8	21
22	8	DOMINGO	8	8	SÁBADO	8	8	DOMINGO	8	8	8	8	22
23	8	F.C.	8	8	DOMINGO	8	8	8	8	SÁBADO	8	8	23
24	SÁBADO	F.L.	8	SÁBADO	8	8	SÁBADO	8	8	DOMINGO	8	8	24
25	DOMINGO	8	8	DOMINGO	8	8	DOMINGO	8	8	SÁBADO	8	SAB-FN	25
26	8	8	8	8	8	SÁBADO	8	8	DOMINGO	8	8	DOMINGO	26
27	8	8	SÁBADO	8	8	DOMINGO	8	8	8	8	SÁBADO	8	27
28	8	SÁBADO	DOMINGO	8	8	8	8	SÁBADO	8	8	DOMINGO	8	28
29	8	DOMINGO	8	8	SÁBADO	8	8	DOMINGO	8	8	8	8	29
30	8	8	8	8	DOMINGO	8	8	8	8	SÁBADO	8	8	30
31	SÁBADO	8	8	8	8	8	SÁBADO	8	8	DOMINGO	8	8	31
Horas/mes	160	160	176	160	160	176	176	176	176	160	168	168	
Días/mes	20	20	22	20	20	22	22	22	22	20	21	21	
DÍAS DE TRABAJO ANUAL			252			228 DÍAS X 8 HORAS					1.824		
VACACIÓNS						XORNADA MARCADA NO CONVENIO					1.768		
DÍAS TRABAJO EFECTIVO			228			HORAS EXCESO DE XORNADA					56		

NOTA: A duración da xornada anual de traballo efectivo está establecida polo Convenio estatal da madeira.

**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

*Resolución do 18 de maio de 2004 pola que se modifica a delegación de sinatura da postestade certificante do secretario xeral en determinados órganos.*

Por Resolución do 14 de xullo de 2003 (DOG do 18 de agosto e 17 de outubro), aprobouse a delegación de sinatura da potestade certificante do secretario xeral en determinados órganos.

Producida unha reorganización administrativa no ámbito da xestión académica que supuxo a integración da xestión do terceiro ciclo no Servizo de Xestión Académica, cómpre adaptar a delegación á nova estrutura administrativa.

Por outra banda, e co obxecto de obter unha mellor eficacia na facultade certificante do secretario xeral no ámbito do campus de Lugo, procede modificar tamén a delegación de determinados asuntos na Vicerencia de Lugo.

Por todo o anterior, resolvo modificar a Resolución do 14 de xullo de 2003 (DOG do 18 de agosto e 17 de outubro), sobre delegación de sinatura da potestade certificante do secretario xeral en determinados órganos, do seguinte xeito:

Primeiro.-Modifícase o punto noveno da Resolución do 14 de xullo de 2003, que debe dicir:

Noveno.-Delégase no vicexerente do campus de Lugo a sinatura da facultade certificante do secretario xeral da universidade nos seguintes supostos:

1. Certificar a condición de persoal contratado no ámbito do campus de Lugo para os efectos de solicitar a concesión das subvencións de matrícula nos centros de ensino, ou para que produza efectos en calquera acto da vida administrativa dos interesados, unicamente no ámbito da Universidade de Santiago de Compostela.

2. Certificar os servizos prestados por persoal contratado temporal no campus de Lugo.

Segundo.- Modifícase o punto décimo terceiro da Resolución do 14 de xullo de 2003 sobre delegación de sinatura no xefe da Sección do Terceiro Ciclo, que debe dicir:

Décimo terceiro.-Delégase no xefe da Sección de Terceiro Ciclo, sen prexuízo do disposto no punto terceiro, a sinatura da facultade certificante do secretario xeral en materia de estudos do terceiro ciclo, posgrao e formación continua, no tocante ás seguintes certificacións:

- a. As dos datos dos alumnos de terceiro ciclo, posgrao e formación continua.
- b. As certificacións académicas persoais de materias totais ou parciais.

c. As que soliciten os interesados ou deban expresarse de oficio referidas exclusivamente aos datos administrativos que constan nos expedientes tramitados pola devandita sección.

d. As que fagan referencia á data de iniciación dos procedementos de matrícula ordinaria ou extraordinaria que formalicen os interesados.

e. As que acrediten o pagamento ou exención dos prezos de matrícula.

f. As que se refiran á presentación dos documentos exixidos para formalizar a matrícula.

#### *Disposición derogatoria*

Esta resolución derroga parcialmente e nos termos indicados a Resolución do 14 de xullo de 2003 (DOG do 18 de agosto e 17 de outubro), pola que se delega a sinatura da potestade certificante do secretario xeral en determinados órganos, así como calquera outra que se opoña ao contido desta delegación de sinatura.

#### *Disposición derradeira*

Esta resolución terá eficacia o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2004.

Joaquín Rodríguez-Toubes Muñiz  
Secretario xeral

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Orde do 24 de maio de 2004 pola que se nomean os membros do tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala de estatísticos.*

Convocado o proceso selectivo para o acceso ao corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala de estatísticos, por orde do 16 de abril de 2004, publicada no DOG nº 78, do 23 de abril, de conformidade co establecido na base IV.I da devandita convocatoria, esta consellería

#### *DISPÓN:*

O número e composición do tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o acceso ao corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala de estatísticos, será a que se relaciona no anexo.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2004.

Jaime Pita Varela  
Conselleiro da Presidencia, Relacións  
Institucionais e Administración Pública

## ANEXO

### Titulares:

Presidente: Ángel Luis Tarrío Tobar, subdirector xeral de Coordinación Técnica e Planificación Estatística do Instituto Galego de Estatística.

### Vogais:

José M<sup>a</sup> Riobóo Almanzor, catedrático de economía aplicada da Universidade de Santiago de Compostela.

Esteban Andión Hermida, funcionario da Xunta de Galicia.

Fermín Brenlla Ferreiro, en representación das organizacións sindicais.

Secretaria: Manuela Fraguela Seoane, secretaria técnica do Instituto Galego de Estatística.

### Suplentes:

Presidente: Luís Emilio Araújo Rodríguez, vicesecretario xeral técnico da Consellería de Economía e Facenda.

### Vogais:

José Ramón Cancelo de la Torre, catedrático de economía aplicada da Universidade da Coruña.

Carolina Isabel Arias Burgos, funcionaria da Xunta de Galicia.

Francisco Javier Silva Pando, en representación das organizacións sindicais.

Secretario: José Alberto Castillo Escobar, funcionario da Xunta de Galicia.

*Resolución do 14 de maio de 2004, do tribunal que xulga as probas selectivas para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, grupo B, escala técnica de finanzas, convocado por Orde do 10 de decembro de 2002, pola que se fai pública a relación definitiva de aspirantes aprobados na fase de oposición.*

En sesión ordinaria, celebrada o día 13 de maio de 2004, o tribunal adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.-Publicar a relación de opositores que superaron a fase de oposición, tanto polo sistema de promoción interna como polo de acceso libre, por orde de puntuación acadada, de acordo co disposto na base V.2 da orde de convocatoria.

#### Promoción interna:

Nome e apelidos	DNI	Puntuación
Braga Ferrer, María Josefa	35285993-Z	40,15

## Quenda libre:

Nome e apelidos	DNI	Puntuación
Otero Ramírez, Ángel Ramón	52498650-T	69,85
Seoane Viqueira, María Dolores	76815186-Q	68,62
Riádigos Vigo, Sandra	32799933-R	68,26
Mourelo Ortueta, José Ángel	33327071-W	67,95
Villaverde Gómez, María José	33301700-T	67,31
Hermida Vergara, Ana	35323793-W	66,93
Grande Maside, Paula	32842228-E	64,37
Barroso Rodríguez, María Isabel	36149897-S	63,24
Baltasar Fernández, Francisco Javier	35322152-V	62,27
Pazos Rodríguez, Celestino	52498586-M	61,27
Muñíos Rafael, Amalia María	18426694-Z	58,92
Casal Caldeiro, Susana	33340084-C	57,30
Penas López, María Belén	34899063-J	56,37
Freijido Lens, Ramón	32798689-E	55,91

De conformidade co disposto na base VI.1 da orde de convocatoria, os aspirantes que superaron a fase de oposición deberán presentar, no prazo de vinte días naturais, contados desde o día seguinte á publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución, a documentación a que se refire a citada base da convocatoria (DOG nº 245, do 20 de decembro de 2002).

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2004.

José Luis Veiga Castiblánquez  
Presidente do tribunal

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 28 de maio de 2004 pola que se convoca procedemento selectivo de acceso ao corpo de inspectores de Educación.*

A disposición adicional décimo primeira.1 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, e o Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes que imparten as ensinanzas escolares do sistema educativo e no corpo de inspectores de Educación, establecen que o sistema de ingreso na función pública docente será o de concurso-oposición convocado polas respectivas administracións educativas que estean en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa.

Así mesmo, por Real decreto 1538/2003, do 5 de decembro, establécense as especialidades básicas da Inspección Educativa e por Decreto 99/2004, do 21 de marzo, régúlase a organización e o funcionamento da Inspección Educativa e o acceso ao corpo de inspectores de Educación na Comunidade Autónoma de Galicia.

Existindo prazas vacantes no corpo de inspectores de Educación, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria acorda anunciar a seguinte convocatoria e correspondentes bases:

### TÍTULO I

#### Procedemento de acceso

Base común 1. Normas xerais.

##### 1.1. Número de prazas.

Convócanse probas selectivas para cubrir 35 prazas correspondentes ao corpo de inspectores de Educación.

A distribución das prazas por especialidades é a seguinte:

-Corpo de inspectores de Educación (código 0600).

Código da especialid.	Especialidade	Prazas reserv. a discapacit.	Ingreso libre	Total
601	Educación infantil, educación primaria	1	4	5
602	Lingua galega		2	2
603	Lingua		1	1
604	Humanidades		5	5
605	Linguas estranxeiras e ensinanzas de idiomas		3	3
606	Matemáticas		4	4
607	Ciencias		2	2
608	Tecnoloxía e formación profesional		5	5
609	Educación física e deportes		2	2
610	Educación artística		1	1
611	Pedagogía ou psicoloxía	1	4	5

##### 1.2. Normativa aplicable.

A este procedemento selectivo seralle de aplicación a Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade de educación; a Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo; a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro; a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública; o Real decreto 334/2004, do 27 de decembro, (BOE do 28 de decembro), polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e a adquisición de novas especialidades nos corpos de funcionarios docentes que imparten ensinanzas escolares do sistema educativo e no corpo de inspectores de Educación; o Real decreto 1538/2003, do 5 de decembro, polo que se establecen as especialidades básicas da Inspección Educativa, a Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e en particular a súa disposición adicional sétima, segundo a redacción dada polo artigo 12 da Lei 9/2003, do 23 de decembro, de medidas tributarias e administrativas, e demais disposicións de aplicación xeral, así como o disposto nesta convocatoria.

1.3. Asignación de prazas aos tribunais: nas especialidades nas que se nomee máis dun tribunal, o número de prazas serán atribuídas ás comisións de selección nomeadas de acordo co establecido no punto 8 base 5 desta convocatoria.

Base común 2. Requisitos dos candidatos.

Para seren admitidos ao proceso selectivo convocado nesta orde, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

2.1. Requisitos xerais.

a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado ao que en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderá participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgúns dos demais estados membros da Unión Europea e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte eun anos e maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

b) Non exceder, no momento do nomeamento como funcionario de carreira, a idade establecida, con carácter xeral, para a xubilación.

c) Estar en posesión do título de doutor, licenciado, enxeñeiro ou arquitecto. No caso de que as ditas titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente homologación polo Estado español.

d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas, nin estar inhabilitado para o desempeño de funcións públicas.

Os aspirantes a que se refire a letra a) desta base, cunha nacionalidade que non sexa a española, deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu estado, o acceso á función pública.

e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións correspondentes ao corpo de inspectores de Educación.

f) Ser funcionario de carreira dalgún dos seguintes corpos: catedráticos de ensinanza secundaria; catedráticos de escolas oficiais de idiomas; catedráticos de artes plásticas e deseño; catedráticos de música e artes escénicas; profesores de ensino secundario; profesores técnicos de formación profesional; pro-

fesores de escolas oficiais de idiomas; profesores de artes plásticas e deseño; mestres de taller de artes plásticas e deseño; profesores de música e artes escénicas e mestres.

g) Acreditar unha experiencia mínima docente de seis anos como funcionario de carreira do corpo desde o que opta.

2.2. No caso de que a titulación a que se refire o punto anterior se obtivera no estranxeiro, deberá terse concedido a correspondente homologación, de conformidade co disposto nos reais decretos 86/1987, do 16 de xaneiro e 104/1988, do 29 de xaneiro, ou o seu recoñecemento ao amparo do establecido pola Directiva 89/48/CEE e o Real decreto 1665/1991, do 25 de outubro, en canto lle sexan de aplicación.

2.3. Condicións específicas das prazas reservadas para os aspirantes con recoñecemento legal de diminuído.

2.3.1. De conformidade co establecido na disposición adicional sétima da Lei 4/1988, do 26 de maio (DOG do 1 de xuño), segundo a redacción dada pola Lei 9/2003, do 23 de decembro, de medidas tributarias e administrativas, resérvase un cinco por 100 das prazas ás que poderán concorrer as persoas que teñan a condición legal de diminuído, sempre que reúnan as condicións xerais establecidas nesta convocatoria e, no seu momento, acrediten un grao de diminución de, polo menos, o 33% e a compatibilidade entre a diminución e o desenvolvemento das tarefas e funcións docentes propias do corpo ao que accedan, na correspondente especialidade, mediante certificación dos órganos competentes da Comunidade Autónoma ou, se é o caso, do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

2.3.2. O procedemento selectivo realizarase en condicións de igualdade cos aspirantes de libre acceso, sen prexuízo das adaptacións previstas no punto 7 da base común 5 desta convocatoria.

2.3.3. Se na realización das probas se lle presentasen dúbidas ao tribunal respecto da capacidade do aspirante para o desempeño das actividades habitualmente desenvolvidas polos funcionarios do corpo á que se opta, poderá pedir o correspondente dictame do órgano competente conforme o previsto no punto 2.3.1 desta base.

2.4. Data na que deben posuírse estes requisitos.

Todos os requisitos enumerados nesta base deberán posuír no día en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter ata a toma de posesión como funcionario de carreira.

Base común 3. Solicitudes e pagamento dos dereitos.

3.1. Os que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán presentar instancia, conforme o modelo que estará á súa disposición na Consellería de Edu-



cación e Ordenación Universitaria e nas súas delegacións provinciais e na páxina web desta consellería.

Na instancia, que deberá ir xunto con dúas fotocopias do documento nacional de identidade, consignaranse os códigos do corpo e disciplinas que figuran nas bases desta convocatoria.

3.2. Os aspirantes que aleguen estar exentos de realizar a proba de coñecementos da lingua galega, presentarán o correspondente documento xustificativo debidamente cotexado.

3.3. Os aspirantes deberán, así mesmo, presentar o documento que se xunta como anexo I, relacionando todos os méritos que alegan e xuntando todos os documentos xustificativos, na forma que se establece no anexo I; enténdese que soamente se tomarán en consideración aqueles méritos debidamente xustificados durante o prazo de presentación de solicitudes.

3.4. As persoas con minusvalía deberán indicar, no escrito que xunten á solicitude, a minusvalía que padecen e solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para realizaren os exercicios nos casos en que estas adaptacións sexan necesarias.

3.5. As instancias dirixiranse á Dirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, podendo ser presentadas:

a) No rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

c) En calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, de acordo coas condicións establecidas no citado precepto. No caso de que se optase por presentar a solicitude ante unha oficina de correos, farano en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

3.6. Non poderá presentarse máis dunha solicitude a non ser que se opte a máis dunha especialidade. Neste caso, terán que presentar tantas solicitudes e documentación xustificativa de méritos, como número de especialidades ás que se opte.

3.7. Prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

3.8. Importe e pagamento dos dereitos.

Os dereitos de exame serán de 36,72 euros.

Estarán exentos do pagamento dos dereitos de exame as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% debidamente acreditada.

O importe dos dereitos de exame e, se é o caso, os gastos de transferencia correspondentes faranse utilizando o impreso de autoliquidación sinalado no anexo IV. O dito impreso facilitaráselles aos interesados xunto co impreso de solicitude, e débese cubrir cos códigos que figuran no referido anexo.

A non presentación deste anexo, dentro de prazo, no que figure o selo da entidade bancaria, determinará a exclusión do aspirante. En ningún caso a presentación deste anexo suporá substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude.

Base común 4. Admisión de aspirantes.

4.1. Lista provisional.

Transcorrido o prazo de presentación de instancias, a Dirección Xeral de Persoal fará pública no *Diario Oficial de Galicia* a lista provisional de admitidos e excluídos, por especialidades e por reserva. Nesta lista aparecerán, cando menos, apelidos, nome e número de documento nacional de identidade dos aspirantes.

4.2. Reclamación contra a lista provisional.

Contra a lista provisional, os interesados poderán interpoñer, no prazo de 10 días naturais, a partir do seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e perante a Dirección Xeral de Persoal, as reclamacións que coiden oportunas, de acordo co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4.3. Lista definitiva.

As reclamacións presentadas serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos, que igualmente se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos nos procedementos que se convocan mediante esta orde. Cando, da documentación que debe presentarse no caso de ser aprobados, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán de todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación nestes procedementos.

4.4. Recurso contra a lista definitiva.

Contra a resolución que aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto no artigo 115 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

4.5. Reintegro dos dereitos de exame.

Os dereitos de exame seranlles reintegrados, por petición dos interesados, aos aspirantes que fosen

excluídos definitivamente da realización dos procedementos selectivos, por falta dalgún dos requisitos para tomaren parte nas devanditas probas.

#### Base común 5. Órganos de selección.

A selección dos participantes será realizada polos tribunais e, se é o caso, comisións de selección.

##### 5.1. Tribunais cualificadores.

A Dirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria procederá ao nomeamento dos tribunais que xulgarán o proceso selectivo, e fará pública a súa composición no *Diario Oficial de Galicia*.

Poderanse nomear todos os tribunais que se xulguen necesarios. Así mesmo, excepcionalmente, poderá nomearse un só tribunal para máis dunha especialidade, en función do número de aspirantes ou do número de especialistas do corpo de inspectores de Educación.

5.2. Os tribunais estarán constituídos, de acordo co determinado polo Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, por funcionarios de carreira en activo dos corpos de inspectores de Educación ou de inspectores ao servizo da Administración educativa para extinguir. Na súa designación velarase polo cumprimento do principio de especialidade, polo que, cando sexa posible, a maioría dos seus membros deberán ser titulares da especialidade obxecto do proceso selectivo.

En todo caso, os membros dos tribunais pertencerán a corpos de igual ou superior grupo ao do corpo ao que optan os aspirantes.

Con carácter xeral, os tribunais estarán compostos por:

- Un presidente, designado directamente pola Dirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

- Catro vocais, designados por sorteo público entre os funcionarios dos corpos e especialidade correspondente.

Excepcionalmente, cando o número de especialistas non permita a realización do sorteo a Dirección Xeral de Persoal poderá proceder a designar directamente estes vocais, solicitando doutras administracións educativas a proposta de funcionarios da especialidade correspondente ou completando os tribunais con funcionarios doutra especialidade.

O sorteo terá lugar na sala de xuntas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sita en San Caetano, s/n, Santiago de Compostela, o día 6 de xullo de 2004, ás 10.00 horas.

##### 5.3. Tribunais suplentes.

Para cada tribunal poderase designar polo mesmo procedemento un tribunal suplente.

##### 5.4. Constitución dos tribunais.

5.4.1. Logo da convocatoria do presidente constituiranse os tribunais, e é precisa a asistencia do presidente titular, ou, se é o caso, do suplente e de, polo menos, tres vogais.

Na citada sesión acordarán todas as decisións que lles correspondan para o correcto desenvolvemento dos procedementos selectivos.

Actuará como secretario o vocal con menor antigüidade no corpo, agás que o tribunal acorde determinalo doutra maneira.

5.4.2. Salvo que concorran circunstancias excepcionais, que serán apreciadas pola Dirección Xeral de Persoal, unha vez constituídos os tribunais só poderán actuar os membros presentes no acto de constitución e bastará coa asistencia de tres deles para a validez das sesións. Non obstante, se chegado o momento da actuación dos tribunais, estes non puideran actuar polo menos con tres membros, a Dirección Xeral de Persoal adoptará as medidas oportunas necesarias co fin de garantir o dereito dos aspirantes á participación no proceso selectivo.

5.4.3. A suplencia do presidente será autorizada pola Dirección Xeral de Persoal, segundo corresponda; a dos vocais, polo presidente que vaia actuar, tendo en conta que deberá recaer no vogal suplente respectivo ou, no seu defecto, nos que o sigan segundo a orde en que figuren na disposición que os nomeou.

##### 5.5. Competencias dos tribunais.

Correspóndelles aos tribunais a cualificación das probas a que se refiren os puntos 2 e 3, da base 7 desta convocatoria e a baremación dos méritos da fase de concurso, sen prexuízo do disposto no epígrafe 1 da base común 7.

No caso dos tribunais únicos, estes actuarán tamén como comisión de selección.

A actuación dos tribunais axustarase en todo o proceso ao disposto na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

##### 5.6. Asesores especialistas.

Os tribunais poderán solicitar a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, limitándose os devanditos asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales asesores corresponderalle á Dirección Xeral de Persoal.

##### 5.7. Adaptación de tempo e medios.

Os tribunais cualificadores adoptarán as medidas necesarias para que os aspirantes con minusvalía gocen de similares oportunidades para a realización

das probas, có resto dos participantes. Neste sentido estableceranse, para as persoas con minusvalía que o soliciten, as adaptacións posibles de tempo e medios para a súa realización.

#### 5.8. Comisión de selección.

Naquelas especialidades en que se nomee máis dun tribunal, constituirase unha comisión de selección de, polo menos, cinco membros, e formada polos presidentes de cada un dos tribunais.

No suposto de que o número de tribunais das especialidades fose inferior a cinco, formará parte da comisión de selección o vocal número 1 dos tribunais que sexan necesarios, empezando polo tribunal número 1, ata acadar os cinco membros.

De estaren nomeados unicamente dous tribunais, formará parte da comisión de selección o vocal número 2 do tribunal número 1.

O presidente do tribunal número 1 será o presidente da comisión de selección.

Constitución.-As comisións de selección constituiranse no prazo de corenta e oito horas desde que constituísen os tribunais.

#### 5.9 Competencias da comisión de selección.

Serán competencias das comisións de selección as seguintes:

- a) A elaboración dos exercicios a que se refire a base 7 desta orde.
- b) A coordinación dos tribunais, incluíndo a data de comezo da proba, que será simultánea.
- c) A determinación dos criterios de actuación dos tribunais e a homoxeneización desta.
- d) A agregación das puntuacións da fase de concurso ás adxudicadas polos tribunais na fase de oposición, a ordenación dos aspirantes e a elaboración das listas dos aspirantes que superasen ambas fases.
- e) A declaración dos aspirantes que superaron as fases de concurso e oposición e resultan seleccionados, a publicación das listas correspondentes a estes, así como a súa elevación á Dirección Xeral de Persoal.

#### 5.10. Abstención e recusación dos tribunais e das comisións de selección.

Os membros dos tribunais absteranse de intervir se se desen as circunstancias sinaladas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Do mesmo xeito, de acordo co artigo 8.4º do Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, deberán absterse de actuar aqueles membros que realizasen tarefas de preparación de aspirantes aos procedementos selectivos para o mesmo corpo e especialidade nos cinco anos anteriores a esta publicación.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no parágrafo anterior, de acordo co artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

#### 5.11. Categoría dos tribunais e comisións de selección.

Os tribunais que actúen no proceso selectivo estarán incluídos, para os efectos que prevé o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), dentro da categoría primeira.

Base común 6. Comezo e desenvolvemento das probas.

#### 6.1. Orde de actuación.

A actuación dos aspirantes, cando esta non sexa simultánea, se realizará pola orde alfabética, comezando por aqueles que teñan como inicial do primeiro apelido a letra D conforme o sorteo que realizou a Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública no ano 2004, segundo a Resolución do 30 de xaneiro de 2004, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 4 de febreiro. Os tribunais que non conten con aspirantes dos que o primeiro apelido comece pola letra indicada, iniciarán a orde de actuación coa letra ou letras seguintes.

#### 6.2. Citación dos aspirantes.

Os aspirantes serán convocados, a través do *Diario Oficial de Galicia*, para o acto de presentación, a realización, se é o caso, da proba de coñecementos da lingua galega e a primeira das probas previstas no punto 3 da base 7 desta convocatoria, con 10 días naturais de antelación, como mínimo, indicando a data, a hora e o lugar no que se realizarán estes actos.

6.3. Os aspirantes serán convocados para o acto de presentación e para cada proba en único chamamento e serán excluídos do proceso selectivo os que non comparezan, salvo nos casos de forza maior debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo tribunal.

6.4. Unha vez comezados os procedementos selectivos, non será obrigatoria a publicación dos chamamentos individuais ou colectivos dos aspirantes a través do *Diario Oficial de Galicia*. Estes anuncios deberaos facer públicos o tribunal nos locais onde teñan lugar as probas con 12.00 horas de antelación, se se trata do mesmo exercicio, ou de 24.00 horas se se trata dun exercicio distinto. Desde o remate dunha proba e ata o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48.00 horas.

#### 6.5. Identificación dos aspirantes.

O tribunal poderá requirir en calquera momento dos aspirantes que acrediten a súa identidade.

### 6.6. Exclusión dos aspirantes.

En calquera momento do proceso selectivo, se os tribunais tivesen coñecemento de que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos exixidos por esta convocatoria, logo de audiencia do interesado, deberán propoñer a súa exclusión á Dirección Xeral de Persoal, poñendo no seu coñecemento as inexactitudes ou falsidades formuladas polo aspirante na solicitude de admisión aos procedementos selectivos, para os efectos procedentes.

Así mesmo, os tribunais teñen a facultade de poder excluír do procedemento selectivo a aqueles aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento durante a realización dos exercicios.

Contra a exclusión, o aspirante poderá interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

### Base común 7. Sistema de selección.

#### 7.1. Fase de concurso.

Nesta fase, que en ningún caso terá carácter eliminatório, valoraranse os méritos que concorran nos aspirantes ao remate do prazo de solicitudes sinalado no punto 7 da base 3, conforme o baremo que se inclúe como anexo I desta convocatoria, de acordo cos documentos presentados polos aspirantes.

Esta valoración será efectuada en nome dos tribunais, por unha comisión integrada por funcionarios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A puntuación, por epígrafes e por especialidades farase pública, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e nas súas delegacións provinciais.

Contra esta puntuación poderase presentar reclamación, no prazo de cinco días naturais, nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dirixida á Dirección Xeral de Persoal.

Resultas as reclamacións, procederá a publicar a puntuación definitiva de cada aspirante nos distintos epígrafes do baremo. Contra esta resolución poderá interpoñerse recurso de alzada, no prazo dun mes, perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

A recuperación da documentación presentada poderán realizala os aspirantes no lugar e durante o prazo que se determine na orde pola que se faga pública a lista de aprobados polos distintos procedementos selectivos, agás a documentación necesaria para o seu nomeamento como funcionario, sempre e cando non exista interposto recurso por parte dalgún aspirante, pois neste caso poderán ser retidas para efectos de comprobación ou proba. No suposto de non ser retirada no prazo sinalado, entenderase que o aspirante renuncia á súa recuperación, decaendo, polo tanto, do seu dereito.

### 7.2. Proba de coñecementos da lingua galega.

Esta proba, que se levará a cabo de forma escrita, consistirá na resposta a varias cuestións sobre o temario de lingua galega que figura no anexo V, e unha tradución do castelán para o galego. A dita proba, que será facilitada aos tribunais pola Dirección Xeral de Persoal, deberán realizala a totalidade de aspirantes que non estean exentos, e será a primeira que se realizará dentro do proceso selectivo.

Quedan exentos da realización desta proba os aspirantes que se presenten á disciplina de lingua e literatura galega, os que superasen, con anterioridade ao peche do prazo de presentación de solicitudes, o curso de perfeccionamento en lingua galega ou contén coa súa validación feita pola Dirección Xeral de Política Lingüística ou órgano competente, os licenciados en filoloxía galego-portuguesa e os que superasen o curso de especialización en lingua galega e o xustificuen no prazo de presentación de solicitudes.

O tempo para a realización da proba será dunha hora e non se poderá utilizar dicionario. A súa cualificación será apto ou non apto.

### 7.3. Da fase de oposición.

7.3.1. Nas das probas a que se refire este punto valoraranse no aspirante os seus coñecementos pedagóxicos, de administración e lexislación educativa, así como os coñecementos e técnicas específicos para o desempeño das funcións inspectoras de control, avaliación e asesoramento. Igualmente valorarse a súa actualización científica e didáctica nas áreas ou disciplinas das que impartirá ensinanza, así como o exercicio das actividades desenvolvidas no centro.

7.3.2. A valoración destes coñecementos levarase a cabo a través da realización polo aspirante ante o tribunal das seguintes probas:

Primeira proba.-Consistirá nunha análise por escrito dun caso práctico que será proposto polo tribunal. O aspirante analizará o caso e formulará unha proposta razoada da actuación do inspector neste suposto sobre as técnicas adecuadas para a actuación da Inspección de Educación. A proba será lida ante o tribunal, que poderá formular ao aspirante as preguntas ou aclaracións que estime pertinentes.

O aspirante disporá de dúas horas para a súa defensa e de 20 minutos para as aclaracións.

Esta proba cualificarase de cero a 10 puntos, e deberá obter o aspirante, para a súa superación, unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Segunda proba. Os aspirantes que superen a primeira proba realizarán esta segunda que constará de dúas partes:

Primeira parte.-Consistirá no desenvolvemento por escrito de dous temas, un da parte A e outro da parte B do temario, elixidos polo aspirante de entre

catro, dous de cada parte, extraídos ao chou polo tribunal.

O aspirante disporá de dúas horas para a realización desta primeira parte. Os escritos correspondentes serán lidos ante o tribunal, que poderá formular ao aspirante as preguntas ou aclaracións que estime pertinentes.

Esta primeira parte da proba cualificarase de cero a 10 puntos, e deberá obter o aspirante, para a súa superación, unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Segunda parte.-Os que superen a primeira parte da proba realizarán esta segunda que consistirá na exposición oral dun tema da parte C do temario elixido polo aspirante de entre dous extraídos por sorteo polo tribunal.

O aspirante disporá de tres horas para a preparación deste exercicio, e poderá utilizar os medios adecuados que considere oportunos e que deberá achegar el mesmo.

Para a exposición oral do exercicio, o aspirante disporá como máximo dunha hora, e o tribunal poderá formular as preguntas ou aclaracións que estime pertinentes.

Esta segunda parte da proba cualificarase de cero a 10 puntos, e deberá obter o aspirante, para a súa superación, unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

A cualificación da proba, sempre que se tiveran superado as dúas partes, será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes.

Terceira proba.-Os candidatos que superen a segunda proba realizarán esta terceira que consistirá na elaboración e defensa dunha memoria, que terá dúas partes: unha, sobre a actualización científica e didáctica do aspirante nalguna das áreas, disciplinas ou módulos dos que impartirá ensinanza, e que se concretará na programación dunha unidade didáctica; e outra, sobre os seguintes aspectos relacionados coas actividades desenvolvidas nos centros e o modo no que o exercicio da función inspectora incide na mellora de ditas actividades:

a) Actividades de ensinanza-aprendizaxe relacionadas cun nivel educativo. A súa supervisión das mesmas pola Inspección Educativa.

b) Organización, dirección e funcionamento dun centro escolar. A avaliación e o asesoramento da Inspección Educativa.

A memoria terá, sen incluír anexos, unha extensión máxima de 50 folios, formato DIN A-4, escritos por unha soa cara, a dobre espazo, cunha letra tipo Arial, tamaño 12 puntos.

A memoria elaborada polos aspirantes deberá presentarse ao tribunal, por aqueles que superen a segunda proba, no centro no que estean actuando,

no prazo que o tribunal estableza ao publicar as cualificacións dos que superaron a segunda proba.

O aspirante disporá dunha hora para a exposición e defensa da memoria, e o tribunal poderá formular as preguntas ou aclaracións que estime pertinentes.

Esta proba cualificarase de cero a 10 puntos, e deberá obter o aspirante, para a súa superación, unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

7.4. Rematada esta proba, os tribunais facilitarán á comisión de selección os resultados obtidos polos aspirantes que superaron todas as probas, co fin de que a esta proceda á obtención da cualificación correspondente á fase de oposición.

A cualificación correspondente a esta fase de oposición será a media aritmética das puntuacións obtidas nas probas integrantes cando todas elas fosen superadas.

A puntuación obtida na fase de concurso sumaráselles unicamente a aqueles aspirantes que superasen as probas correspondentes á fase de oposición, coa finalidade de obter a puntuación global a que se refire o punto 2 da base 9 desta orde.

7.5. En cada unha das probas da fase de oposición a puntuación de cada aspirante será a media aritmética das cualificacións de todos os membros presentes do tribunal, con aproximación ata as dez milésimas, para evitar na medida do posible os empates. Cando entre as puntuacións outorgadas polos membros do tribunal exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas as cualificacións máxima e mínima, calculándose a puntuación media entre as cualificacións restantes. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, unicamente será excluída unha delas.

7.6. Os temarios correspondentes que rexerán para a realización das probas a que se refiren os puntos 7.4, 7.5 e 7.6, serán os establecidos pola Orde ECD/827/2004, do 22 de marzo (BOE do 31 de marzo), pola que se aproba o contido dos temarios da fase de oposición do procedemento selectivo de ingreso ao corpo de inspectores de Educación e para a especialidade de lingua galega publícase como anexo II á presente convocatoria.

Na parte C do temario, cando o candidato se presente a unha especialidade que non impartiu, o parágrafo no que se refire ás disciplinas ou módulos que impartira o aspirante substituirase por no que se refire as disciplinas ou módulos que elixa o aspirante

7.7. Naquelas probas que non consistan nunha exposición oral ante o tribunal, os candidatos lerán os exercicios en sesión pública ante o tribunal agás naqueles casos nos que pola natureza dos exercicios os tribunais dispoñan outra cousa.

7.8. Naquelas probas escritas nas que non se requirira a exposición oral polo candidato ou lectura ante

o tribunal, deberá garantirse o anonimato dos aspirantes.

Base común 8. Forma de cubrir as prazas de reserva.

Cada comisión de selección, para os efectos de cubrir as prazas obxecto desta convocatoria polo proceso selectivo libre e as súas reservas, axustarase ás seguintes normas:

a) Se houbese un número suficiente de aspirantes que cumpran os requisitos mínimos para aprobar, entre os aspirantes que concorran ás prazas reservadas a discapacitados, a totalidade destas prazas adxudicaráselles a estes opositores, calquera que sexa a súa puntuación.

b) Aqueles opositores que concorran ás prazas reservadas para minusválidos e que, reunindo os requisitos mínimos para aprobar, excedan do número de prazas asignadas ao tribunal para esta reserva, concorrerán á formación da lista de aprobados do tribunal en igualdade de condicións cós das prazas libres segundo a súa puntuación e tal e como se determina na base común 9.

c) No caso de que existisen prazas de calquera da reserva de discapacitados que non puidesen ser cubertas por non existir un número suficiente de aspirantes con puntuación mínima requirida, estas acumularanse ás libres.

Base común 9. Superación do procedemento selectivo.

9.1. Seleccionados pola quenda libre e quenda de reserva de minusválidos.

a) Superarán estes procedementos aqueles aspirantes aos que, ordenados segundo a puntuación global asignada de conformidade co disposto no artigo 25 do Real decreto 334/2004, do 27 de febreiro, lles corresponda un número de orde igual ou inferior ao número de prazas asignadas ao tribunal ou comisión de selección correspondente.

Para a obtención da puntuación global, o tribunal ponderará en dous tercios a puntuación obtida na fase de oposición a que se refire o punto 4 da base 7 desta orde, e nun terzo a puntuación obtida na fase de concurso, resultando a puntuación global da suma de ambas as fases unha vez realizadas as ponderacións mencionadas.

b) Os posibles empates resolveranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

1. Maior puntuación na fase de oposición.
2. Maior puntuación en cada un dos exercicios da oposición, pola orde na que estes se realizaron.
3. Maior puntuación nos epígrafes do baremo de méritos pola orde na que estes aparecen na convocatoria.

4. Maior puntuación nos subepígrafes do baremo, pola orde na que estes aparecen na convocatoria.

5. No caso de que persista o empate, este dirimirase a través da realización dunha proba escrita, sobre cuestións breves referentes ao temario da especialidade. Esta proba será elaborada e avaliada pola comisión de selección. Os aspirantes serán convocados para esta proba pola Comisión de Selección, cunha antelación mínima de 48 horas.

9.2. Orde da relación.

As comisións de selección e, se é o caso, os tribunais confeccionarán a correspondente relación de aspirantes que superasen as probas ata o número de prazas que lles foron asignadas, ordenados de acordo co establecido nas bases anteriores.

Esta relación farase pública no taboleiro de anuncios do local ou locais nos que teñen lugar as probas.

Contra estas listas poderán os interesados interpoñer, de conformidade co disposto nos artigos 107 e 114 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso de alzada ante o director xeral de Persoal.

9.3. En ningún caso as comisións de selección e, se é o caso, os tribunais poderán aprobar nin declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas asignadas a cada tribunal. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido neste punto será nula de pleno dereito.

9.4. Formulación de opcións en determinados supostos polos aspirantes que superen os procedementos selectivos.

Os aspirantes que superen as probas por dúas ou máis especialidades dentro desta convocatoria, deberán optar por unha das prazas, no prazo de dez días contados a partir da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da lista de opositores aprobados.

9.5. Publicación da lista de aprobados.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará no *Diario Oficial de Galicia* as listas únicas de aprobados por especialidades, segundo se detalla nos puntos anteriores.

9.6. A exclusión do procedemento selectivo, a obtención de prórroga para a realización das prácticas ou a renuncia aos dereitos derivados do procedemento selectivo, non suporá modificación nas prazas asignadas ao resto de aspirantes.

Base común 10. Presentación de documentos.

10.1. No prazo de 20 días naturais contados desde o día seguinte a aquel no que se fagan públicas as listas de aprobados no *Diario Oficial de Galicia*, os aspirantes aprobados deberán presentar perante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria os seguintes documentos:

a) Fotocopia compulsada do título exixido para o ingreso no corpo ou certificación académica que

acredite que realizaron todos os estudos para a obtención do título, xunto coa fotocopia compulsada do recibo acreditativo conforme se efectuou o pagamento correspondente dos dereitos de expedición, agás se calquera dos dous documentos fose presentado para a súa valoración como mérito. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá presentarse a credencial da súa homologación ou ben a credencial de recoñecemento da titulación para exercer a profesión de profesor.

b) Certificado médico acreditativo de non padecer ningunha enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio da docencia.

Os aspirantes que fixesen valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificación dos órganos competentes da Consellería de Sanidade que acredite tal condición, e tamén terán que presentar certificado dos citados órganos ou da Administración sanitaria, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

c) Declaración xurada ou promesa de que non foron separados mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública, e de non estar inhabilitados para o exercicio de funcións públicas, conforme o modelo que figura como anexo III a esta convocatoria.

Igualmente, os aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán presentar declaración xurada ou promesa de non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á función pública, segundo o mesmo modelo do anexo III.

#### 10.2. Excepcións.

Os que teñan a condición de funcionarios públicos de carreira e estean en situación de servizo activo estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento; deberán presentar en tal caso unha certificación ou folla de servizos do organismo do que dependan, na que se consignent de forma expresa os seguintes datos:

a) Corpo ao que pertencen, número de rexistro persoal e se están en servizo activo.

b) Lugar e data de nacemento.

c) Título académico que posúen e data de expedición.

Se nas certificacións non se poden facer constar os datos sinalados nas letras c), por non estar nos expedientes persoais dos interesados, estes deberán remitir separadamente o documento que o acredite.

10.3. Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos expresados nas bases anteriores, poderá acreditarse que se reúnen as condicións exixidas na convocatoria mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

10.4. Os que, dentro do prazo fixado e salvo os casos de forza maior, non presenten a documentación ou se do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos xerais establecidos na base común 2, non poderán ser nomeados funcionarios en prácticas nin funcionarios de carreira, e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

Base común 11. Nomeamento de funcionarios en prácticas.

11.1. Destino provisional e nomeamento de funcionarios en prácticas.

Os aspirantes que superen o procedemento selectivo quedan obrigados a incorporarse aos destinos que a Dirección Xeral de Persoal lles adxudique para a realización da fase de prácticas. No caso de non incorporarse aos citados destinos no prazo que se estableza, entenderase que renuncian ao proceso selectivo.

Se se incorporan e reúnen as condicións requiridas para o ingreso no corpo de inspectores de Educación, serán nomeados funcionarios en prácticas.

A toma de posesión como funcionario en prácticas será con efectividade da data que se determine no nomeamento.

Coa finalidade da adxudicación de destino de carácter provisional para a realización do período de prácticas, os aspirantes que superen o procedemento selectivo deberán efectuar a solicitude, conforme o sistema previamente establecido por resolución da Dirección Xeral de Persoal.

11.2. Destino definitivo.

Os aspirantes que superen o proceso selectivo deberán obter o seu primeiro destino definitivo nunha das sedes da inspección directamente xestionadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, estando obrigados para estes efectos a participar nos sucesivos concursos ordinarios de traslados que se convoquen, na forma que determinen as correspondentes convocatorias.

11.3. Réxime xurídico-administrativo dos aspirantes nomeados funcionarios en prácticas.

Desde o nomeamento de funcionarios en prácticas ata o nomeamento como funcionarios de carreira, o réxime xurídico-administrativo dos opositores será o de funcionario en prácticas, sempre que estean desempeñando un posto da Inspección Educativa.

En todo caso, a súa incorporación á realización das prácticas producirase con ocasión de vacante.

#### 11.4. Aprazamento da fase de prácticas.

A Dirección Xeral de Persoal poderá, por causa xustificada e por petición do interesado, conceder o aprazamento da fase de prácticas.

#### 11.5. Opción da remuneración dos funcionarios en prácticas.

Os aspirantes que superaron a fase do proceso selectivo e que xa estean prestando servizos remunerados na Administración como funcionarios de carreira, interinos, contratados administrativos ou como persoal laboral, sen prexuízo da situación administrativa ou laboral que de acordo coa normativa vixente lles corresponda, deberán formular opción pola percepción das remuneracións durante a súa condición de funcionarios en prácticas, de conformidade co previsto no Real decreto 456/1986, do 10 de febreiro (BOE do 6 de marzo), modificado polo Real decreto 213/2003, do 21 de febreiro (BOE do 1 de marzo).

### Base común 12. Fase de prácticas.

#### 12.1. Obxecto e duración da fase de prácticas.

As prácticas terán por obxecto garantir que os aspirantes que aprobaron a fase de oposición posúan a adecuada preparación para levar a cabo as funcións atribuídas ao corpo de inspectores de Educación. Serán tuteladas por un funcionario de carreira do corpo de inspectores ao servizo da Administración educativa ou do corpo de inspectores de Educación.

Realizaranse nos destinos provisionais que lles correspondan co desempeño de función inspectora con plena validez.

A súa duración será de catro meses.

#### 12.2. Constitución das comisións cualificadoras.

En cada delegación provincial constituirase unha comisión cualificadora integrada por: o inspector xefe, que actuará como presidente e dous funcionarios de carreira do corpo de inspectores ao servizo da administración educativa ou do corpo de inspectores de Educación.

#### 12.3. Funcións do titor.

As funcións do inspector-titor consistirán en asesorar, informar e avaliar, tal como se indica no punto seguinte, ao funcionario en prácticas, sobre as funcións propias dos inspectores de Educación. Ao final do período de prácticas o profesor-titor emitirá un informe sobre todos os datos que considere de interese e remitirao á comisión cualificadora.

#### 12.4. Actividades de inserción e formación.

As actividades de inserción no posto de traballo consistirán no desenvolvemento de actividades tute-

ladas polo inspector-titor en relación ao plan de actuación da Inspección Educativa.

As actividades de formación serán programadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ben como actividades específicas para os aspirantes, ben dentro da oferta xeral de formación. Versarán sobre as competencias propias da Inspección Educativa. A súa duración non será inferior a sesenta horas. O desenvolvemento destas actividades será informado polos responsables da actividade, se se trata dunha oferta específica ou mediante o certificado correspondente se se trata de actividades incluídas na oferta xeral.

#### 12.5. Avaliación dos inspectores en prácticas.

Os aspirantes elaborarán un informe-memoria final no que farán unha valoración global da súa actividade, así como das dificultades encontradas e dos apoios recibidos. Este informe será entregado ao remate da fase de prácticas á comisión cualificadora.

A avaliación dos aspirantes será efectuada pola comisión cualificadora a partir dos informes emitidos polo inspector-titor, os responsables das actividades de formación e, do informe-memoria presentado polo propio aspirante.

12.6. A comisión cualificadora trasladará ao director xeral de Persoal, a relación de funcionarios en prácticas coa cualificación obtida.

12.7. As prácticas cualificaranse como apto ou non apto.

12.8. Os aspirantes cualificados de non aptos na fase de prácticas poderán repetila, incorporándose no ano seguinte cos seleccionados da seguinte promoción, ocupando, nesta promoción, o número de orde seguinte ao do último seleccionado na súa especialidade. No caso de que non houberse convocatoria do seu corpo e especialidade efectuarán igualmente as prácticas no ano seguinte. Os que non se incorporen ou sexan declarados non aptos por segunda vez perderán todos os dereitos ao seu nomeamento como funcionarios de carreira.

Base común 13. Nomeamento de funcionarios de carreira.

Rematada a fase de prácticas, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria aprobará o expediente do proceso selectivo e elevará a correspondente proposta de nomeamento como funcionarios de carreira do corpo de inspectores de Educación ao Ministerio de Educación e Ciencia.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2004.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria



## ANEXO I

## Baremo para a valoración de méritos: sistema xeral de acceso

Méritos	Puntos	Documentos xustificativos
I. Traxectoria profesional	Ata 5 puntos	
1.1.1. Por cada ano de experiencia docente, que supere os seis exixidos como requisito, como funcionario de carreira dos corpos que integran a función pública docente	0,500	Folla de servizos certificada pola delegación provincial
1.1.2. Por cada ano de servizos en postos de inspector accidental	0,500	Fotocopia compulsada do nomeamento, con expresión da duración real do cargo e, se é o caso, do cesamento, e referencia á convocatoria do concurso de méritos
1.1.3. Por cada ano de servizos en postos da Administración educativa de nivel 26 ou superior	0,500	Fotocopia compulsada do nomeamento e, se é o caso, do cesamento
Por este subpunto só serán tidos en cota os anos prestados como inspector accidental en postos obtidos como resultado da súa participación nos concursos de méritos convocados para a súa provisión		
Nos epígrafes 1.1.1, 1.1.2 e 1.1.3, por cada mes súmase a seguinte puntuación: 0,041		
1.2. Por pertencer a un dos corpos de catedráticos	2,000	
II. Exercicio de cargos directivos (máximo 3,500 puntos)		
2.1. Por cada ano como director dun centro público, con avaliación positiva, cando se realizase	0,750	Fotocopia compulsada do nomeamento, con expresión da duración do cargo e, se é o caso, do cesamento
2.2. Por cada ano como vicedirector, xefe de estudos, secretario, administrador ou profesor delegado nas seccións de formación profesional	0,500	Fotocopia compulsada do nomeamento, con expresión da duración do cargo e, se é o caso, do cesamento
2.3. Por cada ano como coordinador pedagóxico, coordinador de ciclo/departamento, xefe de departamento, xefe de división, xefe de departamento de normalización ou coordinador de área	0,100	Fotocopia compulsada do nomeamento, con expresión da duración do cargo e, se é o caso, do cesamento
III.-Preparación científica e didáctica	Ata 1,500 puntos	
3.1. Outras titulacións	Ata 0,500 puntos	
3.1.1. Por cada título de doutor	0,500	Fotocopia compulsada do título
3.1.2. Por cada título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto distinto do alegado para ingreso	0,250	Fotocopia compulsada dos títulos ou certificación académica
3.1.3. Por cada título de diplomado	0,150	Fotocopia compulsada do título ou certificación académica
3.2. Por publicacións de carácter científico ou didáctico	Ata 0,250	Os exemplares correspondentes
3.3. Actividades de formación	Ata 0,750	
Por actividades de formación de carácter científico ou didáctico convocados pola Administración educativa, universidade ou homologados	0,025 puntos por cada 10 horas.	Fotocopias compulsadas dos certificados correspondentes

## ANEXO II

## Temario da especialidade de lingua galega

Tema 1. Devir histórico e correntes máis importantes no campo científico da lingua e literatura galega. Fundamentación psicopedagóxica da súa aprendizaxe. Didáctica da lingua e literatura galega.

Tema 2. O currículo da lingua e literatura galega nas etapas da educación secundaria.

Tema 3. Programación dun tema de lingua e literatura galega, indicando a fundamentación científica e lexislativa en que se basea, así como a bibliografía empregada para o seu desenvolvemento.

Tema 4. Metodoloxía e recursos didácticos da lingua e literatura galega. Aplicación das tecnoloxías da información e comunicación no ensino e aprendizaxe da lingua e literatura galega.

Tema 5. Órganos de coordinación didáctica da lingua e literatura galega. Organización e funcionamento. A programación didáctica. Avaliación e supervisión.

Tema 6. Contribución da lingua e literatura galega á consecución dos obxectivos establecidos en cada unha das etapas educativas. A interdisciplinariedade entre a lingua e literatura galega e outras materias do currículo.

Tema 7. Respostas educativas para a atención ao alumnado con necesidades educativas específicas en lingua e literatura galega. Tratamento dos movementos migratorios.

Tema 8. A lingua galega no Plan de Centros e Proxecto Curricular. Accións de promoción da lingua galega no centro educativo.

Tema 9. Situación sociolingüística de Galicia: coñecemento, usos e actitudes.

Tema 10. A normalización lingüística. Planificación e dinamización. Definición e obxectivos. A Dirección Xeral de Política Lingüística.

Tema 11. Lexislación sobre lingua galega.

Tema 12. Actuación da Inspección con relación ao ensino da lingua e literatura galega así como a planificación lingüística no ámbito educativo.

## ANEXO III

Don/Dona... con domicilio en... e con DNI..., declara baixo xuramento/promete, para os efectos de ser nomeado/a funcionario/a do corpo de..., que non foi separado/a do servizo de ningunha das administracións públicas e que non está inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

..., ... de ... de 2004.

Asdo.:

## ANEXO IV

SOLICITUDE DE ADMISIÓN A PROBAS SELECTIVAS DE ACCESO AO CORPO  
DE INSPECTORES DE EDUCACIÓN

## 1.- ESPECIALIDADE Á QUE ASPIRA

DATA DA CONVOCATORIA		
DÍA	MES	ANO

CÓDIGO ESPECIALIDADE	ESPECIALIDADE Á QUE OPTA

## 2.- DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	
DNI	DATA NACEMENTO	ENDEREZO (rúa, praza..., número, piso)	
LOCALIDADE (con indicativo postal)	PROVINCIA	TELF. FIXO	TELF. MÓBIL

## 3.- TITULACIÓNS

TÍTULOS ACADÉMICOS QUE ALEGA PARA INGRESO NO CORPO

## 4.- DESTINO

DESTINO	CORPO/ESPECIALIDADE

## 5.- SERVIZOS EFECTIVOS PRESTADOS COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA

CORPO	CENTRO	DATA ALTA	DATA BAIXA	SERVIZOS PRESTADOS	
				ANOS	MESES

O abaixo asinante solicita ser admitido ao proceso selectivo ao que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións exixidas para ingreso á función pública e as especialmente sinaladas na convocatoria anteriormente citada, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_\_

SINATURA



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA



**TAXAS da COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

Decreto legislativo 1/1992, do 11 de abril  
Decreto 172/1992, do 26 de xuño

**AUTOLIQUIDACIÓN**



Modelo

**A**

**EUROS**

**A-**

**CÓDIGOS**

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Código:

0 7

Delegación de Servizos Centrais

Código:

1 3

Servicio de Secretaría Xeral

Código:

0 1

Taxa: denominación inscripción oposicións corpo de...

Código:

3 0 0 3 0 0

**SUXEITO PASIVO**

NIF

APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL

VÍA PÚBLICA

NÚMERO

ESCAL.

PISO

PORTA

TELÉFONO

CONCELLO

PROVINCIA

CÓDIGO POSTAL

**LIQUIDACIÓN**

BASE DE CÁLCULO OU  
BASE IMPONIBLE OU UNIDADES

TIPO OU TARIFA

IMPORTE A INGRESAR



**TOTAL**

..... €

..... de ..... de 20.....

Sinatura do declarante ou representante legal

Selo

Data

Número

**IMPORTANTE:** O ingreso deberá realizarse en calquera das sucursais das entidades financeiras colaboradoras na recadación.

## ANEXO V

## Lingua galega

Tema 1. Formación da lingua galega. Niveis de lingua e tratamento escolar.

Tema 2. A realidade actual da lingua: estatus legal e escolar. A normalización lingüística no ensino.

Tema 3. Particularidades fonéticas, morfosintácticas e léxicas do galego en relación coas linguas limítrofes. Tratamento escolar das interferencias.

Tema 4. Vocalismo e consonantismo.

Tema 5. O texto. Temas e subtemas. Esquema oracional. Oración simple e composta. Coordinación e subordinación.

Tema 6. O substantivo e o adxectivo. Oracións subordinadas substantivas. Oracións subordinadas adxectivas.

Tema 7. Pronomes persoais. Formas, funcións e colocación con respecto ao verbo.

Tema 8. Artigos, posesivos, demostrativos, numerais, indefinidos e interrogativos.

Tema 9. O verbo. Verbos irregulares. A perífrase.

Tema 10. Adverbios, preposicións, conxuncións e interxeccións. As oracións subordinadas adverbiais.

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

*Orde do 19 de maio de 2004 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Medio Ambiente, anunciado pola Orde do 9 de marzo de 2004.*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Medio Ambiente, por Orde do 9 de marzo de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* nº 57, do 23 de marzo), en uso das facultades e atribucións conferidas no artigo 15.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, esta consellería

## DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Medio Ambiente, anunciada pola Orde do 9 de marzo de 2004 (*Diario Oficial de Galicia* nº 57, do 23 de marzo).

Segundo.-Adxudicarlle destino, no posto de traballo que se indica, ao funcionario que se relaciona no anexo desta orde.

Terceiro.-O cesamento no actual destino do funcionario que obtén praza producirase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo de toma de posesión da praza adxudicada será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente o funcionario preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e tal como dispón a base sétima da convocatoria.

O cómputo do prazo de posesión iniciarase cando remate o permiso ou licenza que, se é o caso, lle fose concedido ao interesado. No suposto de baixa temporal ou transitoria iniciarase a partir da correspondente alta.

Cuarto.-A xefatura do centro en que cause baixa o funcionario, así como a daquel no que obteña destino, consignarán no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das que se lle dará traslado á Dirección Xeral da Función Pública.

Quinto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, o interesado poderá interpor potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2004.

José Manuel Barreiro Fernández  
Conselleiro de Medio Ambiente

## ANEXO

Apelidos e nome: Casas González, Ana M<sup>a</sup>.

NRP: 3530758446 A2060.

Grupo: A.

Corpo/escala: superior Administración xeral da Xunta de Galicia.

Código do posto: MA.C99.10.001.15001.001.

Denominación do posto: xefe do Servizo Técnico Xurídico.

Centro directivo: Delegación Provincial da Coruña.

Localidade: A Coruña.

Nivel c. destino: 28.

## V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA NÚMERO SETE DE VIGO

*Edicto (536/2003-J).*

En Vigo, o cinco de marzo de dous mil catro.

Francisco Rasaco González, secretario do Xulgado de Primeira Instancia número sete de Vigo, certifico que neste xulgado se ditou a seguinte sentenza:

«En Vigo, doce de xaneiro de dous mil catro.

Flora Lomo del Olmo, maxistrada xuíza de Primeira Instancia número sete de Vigo, vistos os autos seguidos neste xulgado co número 536/2003 por instancia de Camilo Fernández Parada contra Jovino González Carretero, María del Carmen Comesaña Rodríguez, sobre desafiuamento.

Antecedentes de feito...

Fundamentos de dereito...

Decido que estimando a demanda promovida pola procuradora Elena García Calvo, en nome e representación de Camilo Fernández Parada fronte a Jovino González Carretero e María del Carmen Comesaña Rodríguez, debo declarar e declaro resolto o contrato de arrendamento relacionado no feito primeiro da demanda, condenando os demandados a que desaloxen a vivenda litixiosa baixo apercibimento de lanzamento, con imposición das custas causadas.

Esta resolución non é firme; contra ela poderase interpor recurso de apelación ante este xulgado no prazo de cinco días.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo».

E para que sirva de notificación da dita sentenza aos demandados Jovino González Carretero e María del Carmen Comesaña Rodríguez, cuxo domicilio se descoñece, emito este edicto en Vigo o cinco de marzo de dous mil catro.

O secretario  
Rubricado

### XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN NÚMERO TRES DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Edicto (261/2003).*

Eu, Francisco Castiñeiras Fernández, secretario do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número tres de Santiago de Compostela, dou fe e testemuño de que no xuízo de faltas nº 261/2003 se acordou citar a: Francisco Rey Almuzara, en domicilio descoñecido.

«Cédula de citación:

O maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número tres de Santiago de Compostela acordouno citar co fin de que compareza o vindeiro quince de xuño ás doce corenta e cinco horas, asista na sala de vistas tres, primeira planta, á celebración do xuízo de faltas arriba indicado, seguido por lesións, en calidade de denunciado.

Fáiselle saber que deberá comparecer ao acto de xuízo con todos os medios de proba de que tente valerse (testemuños, documentos, peritos...) e que poderá acudir asistido de letrado, aínda que este non é preceptivo.

É apercibido de que de residir neste termo municipal, e non comparecer nin alegar xusta causa que llo impida, poderáselle impor unha multa, recaendo sobre del o prexuízo a que houber lugar en dereito e que, en caso de residir fóra deste termo, poderá dirixir escrito perante este xulgado na súa defensa e apoderar outra persoa para que presente no dito acto as probas de descarga que tivese, conforme o disposto no artigo 970 da Lei de axuízamento criminal.

En Santiago de Compostela, o tres de maio de dous mil catro.

O secretario xudicial»

E para que conste e lle sirva de citación a Francisco Rey Almuzara, actualmente en paradoiro descoñecido, e para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, co rogo de que lle remita a este xulgado un exemplar do número en que apareza publicada, expido este edicto en Santiago de Compostela o tres de maio de dous mil catro.

O secretario  
Rubricado

*Edicto (27/2004).*

Eu, Francisco Castiñeiras Fernández, secretario do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número tres de Santiago de Compostela, dou fe e testemuño de que no xuízo de faltas nº 27/2004 se acordou citar a:

«Cédula de citación:

O maxistrado-xuíz do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción número tres de Santiago de Compostela acordouno citar co fin de que compareza o vindeiro quince de xuño ás doce quince horas, asista na sala de vistas tres, primeira planta, á celebración do xuízo de faltas arriba indicado, seguido por lesións, en calidade de denunciado.

Fáiselle saber que deberá comparecer ao acto de xuízo con todos os medios de proba de que tente valerse (testemuños, documentos, peritos...) e que poderá acudir asistido de letrado, aínda que este non é preceptivo.

É apercibido de que de residir neste termo municipal, e non comparecer nin alegar xusta causa que llo impida, poderáselle impor unha multa, recaendo sobre del o prexuízo a que houber lugar en dereito e que, en caso de residir fóra deste termo, poderá dirixir escrito perante este xulgado na súa defensa e apoderar outra persoa para que presente no dito acto as probas de descarga que tivese, conforme o disposto no artigo 970 da Lei de axuízamento criminal.

En Santiago de Compostela, o tres de maio de dous mil catro.

O secretario xudicial.

Santiago García de los Bueis.

Domicilio: paradero desconocido».

E para que conste e lle sirva de citación a Santiago García de los Bueis, actualmente en paradiro descoñecido, e para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, co rogo de que lle remita a este xulgado un exemplar do número en que apareza publicada, expido este edicto en Santiago de Compostela o tres de maio de dous mil catro.

O secretario  
Rubricado

### **XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

*Edicto (57/2003).*

Camilo José García Puertas Magariños, secretario do Xulgado do Social número dous de Santiago de Compostela, fai saber que neste Xulgado do Social, se segue procedemento número 57/2003 por instancia de Elisa Suárez Vázquez, contra *Pérez y Sedane, S.C.* e *Embotelladora Rubayo, S.L.*, sobre cantidade, estando o acto de conciliación e xuízo sinalado para o vindeiro día 2 de xuño de 2004, ás 9.40 horas, cítase en única convocatoria a empresa *Pérez y Sedane, S.C.* e *Embotelladora Rubayo, S.L.* e o seu representante legal, que tivo o seu enderezo en avda. das Brañas, 27, baixo, 15830 Negreira, a primeira, e a segunda en r/ Rosario nº 10, 36206 Vigo, e hoxe en paradiro descoñecido para que acompañado de todos os medios de proba de que intente valerse, compareza neste xulgado, sito en r/ Viena, polígono das Fontiñas, co fin de asistir á celebración do acto de conciliación e xuízo correspondente. Advertíndolle que as sucesivas dilixencias se lle notificarán nos estrados deste xulgado, salvo aquelas que expresamente exceptúa a Lei de procedemento laboral e fáiselle saber que a copia da demanda está á súa disposición na secretaría deste xulgado. Requírense as demandadas para que ache-

guen ao acto do xuízo a seguinte documentación: libro de matrícula de persoal, boletíns de cotización e afiliación á Seguridade Social e follas de salario da actora relativas a todo o período da prestación de servizo. Cítanse así mesmo, os representantes legais das referidas empresas cos apercibimentos do artigo 91.3º da Lei de procedemento laboral, na relación co artigo 304 da LAC en relación, co artigo 292 da mencionada lei.

E para que conste e sirva de notificación, citación e requirimento as empresas *Pérez y Sedane, S.C.* e *Embotelladora Rubayo, S.L.* e aos representantes legais delas, expídese este edicto en Santiago de Compostela, 24 de maio de 2004.

Camilo José García Puertas Magariños  
Secretario xudicial

## **VI. ANUNCIOS**

### **a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA**

#### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**

*Anuncio do 7 de maio de 2004, da Delegación Territorial de Pontevedra, polo que se relacionan aperturas de trámites de audiencia pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Álvarez Balbona, Ángeles e tres máis).*

De conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, segundo a redacción dada pola Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, relaciónanse aperturas de trámites de audiencia pendentes de notificar, despois de intentada a notificación persoal por dúas veces, e emprázanse os interesados que se sinalan no anexo para seren notificados por comparecencia.

O acto foi adoptado pola Oficina Liquidadora do Distrito Hipotecario de Vilagarcía de Arousa en aplicación do artigo 22 da Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes.

A comparecencia deberá efectuarse no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, en horario de 9 a 14 horas de luns a venres, ante a oficina sinalada no parágrafo anterior, con enderezo:

-R/ Alcalde Rei Daviña, 3-1º B e C-Vilagarcía de Arousa.

Transcurrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Pontevedra, 7 de maio de 2004.

Francisco Lozano Rodríguez  
Delegado territorial de Pontevedra

*ANEXO*

Interesado	Procedemento
Álvarez Balbona, Ángeles DNI: 10022464-F R/ El Jilguero, 5 Ponferrada-León	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 5150/2003 Liq. 600031089277
Luis Barja, Antonio DNI: 33283080-X Avda./ Cambados, 15 Vilagarcía de Arousa	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 4401/2003 Liq.: 600031163867
Francisco Martínez, Saturnino DNI: L3611155-V Avda./ Carolinas, 68-1º D Vilagarcía de Arousa	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 4763/2003 Liq.: 600031163244
Chaves Lago, Elvira DNI: 35420109-V Avda./ Juan Carlos I, 28-2º B Vilanova de Arousa	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 330/2004 Liq.: 600031149281

*Anuncio do 7 de maio de 2004, da Delegación Territorial de Pontevedra, polo que se relaciona resolución de recurso de reposición pendente de notificar e se empraza o interesado que se sinala para ser notificado por comparecencia (Rodríguez Saavedra, María Jesús).*

De conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, segundo a redacción dada pola Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, relaciónase resolución de recurso de reposición pendente de notificar, despois de intentada a notificación persoal por dúas veces, e emprázase o interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia.

O acto foi adoptado polo Servizo de Recadación da Delegación Territorial da Consellería de Economía e Facenda de Pontevedra en aplicación do Real decreto 2244/1979, do 7 de setembro, polo que se regula o recurso de reposición previo ao económico-administrativo.

A comparecencia deberá efectuarse no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, ante a secretaría desta delegación, con enderezo na rúa Michelena 30 Pontevedra, en horario de 9 a 14 horas de luns a venres.

Transcurrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Pontevedra, 7 de maio de 2004.

Francisco Lozano Rodríguez  
Delegado territorial de Pontevedra

*ANEXO*

Interesado	Procedemento
Rodríguez Saavedra, María Jesús DNI: 76907935-Y. R/ Aloques, 32. O Porriño	Resolución recurso de reposición. Expte. sanción: 654/2000-Consellería de Xustiza Interior e Relacións Laborais. Liquidación: I0024301. Providencia: 2360034325.

*Anuncio do 7 de maio de 2004, da Delegación Territorial de Pontevedra, polo que se relacionan requirimentos de documentación pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Recreativos Garlo, S.L.).*

De conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, segundo a redacción dada pola Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, relaciónanse requirimentos de documentación pendentes de notificar, despois de intentada a notificación persoal por dúas veces, e emprázase os interesados que se sinalan no anexo para seren notificados por comparecencia.

O acto foi adoptado polo Servizo de Recadación da Delegación Territorial da Consellería de Economía e Facenda de Pontevedra en aplicación do artigo 35 da Lei xeral tributaria.

A comparecencia deberá efectuarse no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, ante a secretaría desta delegación, con enderezo na rúa Michelena, 30 Pontevedra, en horario de 9 a 14 horas de luns a venres.

Transcurrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Pontevedra, 7 de maio de 2004.

Francisco Lozano Rodríguez  
Delegado territorial de Pontevedra

## ANEXO

Interesado	Procedemento
Recreativos Carlo, S.L. NIF: B-15131808. R/ Forxán, 25-Adina (sta. María P.). Sanxenxo.	Solicitud de documentación para adiamento/fraccionamento. Liq.: 6030002774

*Anuncio do 7 de maio de 2004, da Delegación Territorial de Pontevedra, polo que se relacionan liquidacións complementarias pendentes de notificar e se emprazan os interesados que se sinalan para seren notificados por comparecencia (Loira Cabodevila, Manuel e tres máis).*

De conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, segundo a redacción dada pola Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, relaciónanse liquidacións complementarias pendentes de notificar, despois de intentada a notificación persoal por dúas veces, e emprázanse os interesados que se sinalan no anexo para seren notificados por comparecencia.

Os actos foron adoptados polo Servizo de Xestión Tributaria da Delegación Territorial da Consellería de Economía e Facenda de Pontevedra en aplicación do artigo 120 e seguintes e concordantes da Lei xeral tributaria.

A comparecencia deberá efectuarse no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, ante a secretaría desta delegación, con enderezo na rúa Michelena 30, Pontevedra, en horario de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Pontevedra, 7 de maio de 2004.

Francisco Lozano Rodríguez  
Delegado territorial de Pontevedra

## ANEXO

Interesado	Procedemento
Loira Cabodevila, Manuel DNI: 52490642-L Av./ Ourense, Callejón de Solla, 1-5º A. Marín	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 5308/2002 Liq.: 600011060029
Pereira Blanco, Laureano DNI: 52491185-X R/ República Argentina, 7-1º A Marín	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 11144/2002 Liq.: 600021034685
Rincon Millos, Antonio DNI: 36031560-J Lg./ Torre do Galo, 1 Cangas	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 15438/2002 Liq.: 600021094658

Interesado	Procedemento
Pena Pastoriza, José DNI: 35277003-V Av./ Ourense, 91 Cangas	Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Expte.: 15770/2002 Liq.: 600021179582

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

*Resolución do 25 de maio de 2004 pola que se anuncia a licitación do concurso, polo procedemento aberto, das asistencias técnicas de clave AC/00/065.01 e dúas máis.*

a) Asistencias técnicas.

1. Asistencia técnica para control e vixilancia incluídos labores de coordinación de seguridade e saúde da obra: Plan Galicia: nova estrada de conexión da AC-564 (antiga AC-141) coa N-641 e A-9 en Vilar do Colo.

Clave: AC/00/065/01.

Orzamento: cento dez mil oitocentos setenta e tres euros con setenta e tres céntimos (110.873,73 euros).

Prazo de execución: 24 meses.

2. Asistencia técnica para control e vixilancia incluídos labores de coordinación de seguridade e saúde da obra: Plan Galicia: acondicionamento da estrada AC-404 (antiga C-545) Santa Comba-Baio. Treito I: Santa Comba-Zas.

Clave: AC/01/001.01.1.

Orzamento: cento vintecinco mil novecentos catorce euros con cincuenta e sete céntimos (125.914,57 euros).

Prazo de execución: 28 meses.

3. Asistencia técnica para control e vixilancia incluídos labores de coordinación de seguridade e saúde da obra: acondicionamento da estrada OU-311. Treito: A Mezquita-Fronteira portuguesa.

Clave: N/OU/96.4.11.

Orzamento: oitenta e oito mil catrocentos vinte e oito euros con corenta e dous céntimos (88.428,42 euros).

Prazo de execución: 18 meses.

Solicitaranse os medios de acreditación da personalidade xurídica e capacidade previstos no artigo 15 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

A solvencia económica e financeira e a solvencia técnica ou profesional acreditarase segundo se especifica no cadro de características do prego de prescricións técnicas particulares, de conformidade co disposto nos artigos 16 e 19 do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.



## b) Documentos de interese para os licitadores.

Os pregos de cláusulas administrativas particulares, así como o prego de prescricións técnicas estarán de manifesto e á disposición dos concursantes, para o seu exame, durante o prazo de presentación das proposicións, os días e horas hábiles de oficina, na Dirección Xeral de Obras Públicas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, edificios administrativos de San Caetano, Santiago de Compostela. Teléfono 981 545045.

Tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da internet: <http://www.xunta.es/contratación/>.

E en *Copy Nino*, rúa Xeneral Pardiñas nº 2, teléfono 981 58 89 38.

## c) Garantías que se lles exigen ao licitadores.

Exixirase unha garantía definitiva equivalente ao 4% do orzamento de adjudicación.

A dita garantía poderá ser presentada na modalidade e polas persoas ou entidades que especifica a lexislación española vixente.

## d) Modelo de proposición.

Proposición económica formulada estritamente conforme o modelo que se adxunta ao prego de cláusulas administrativas particulares.

## e) Prazo e lugar para a presentación de proposicións.

As proposicións haberán de presentarse en sobre pechado no rexistro xeral da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda ou envialas por correo dentro do prazo de admisión sinalado conforme o disposto no artigo 80 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

O prazo de admisión das proposicións rematará ás doce horas do décimo quinto día natural, que non coincida en sábado, domingo ou festivo, seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

## f) Apertura das proposicións.

A apertura das proposicións será realizada pola mesa de contratación ás once horas do décimo quinto día natural, que non coincida en sábado, domingo ou festivo, contado a partir do último día de presentación de proposicións, na sala de xuntas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

O prazo durante o cal o licitador está obrigado a manter a súa oferta é de 3 meses desde a apertura das proposicións.

## g) Outras informacións.

A mesa de contratación comprobará en acto previo a documentación xeral (sobre A), segundo se especifica no punto 2.2.6 Constitución e funcionamento

da mesa, do prego de cláusulas administrativas particulares.

h) Variantes: segundo o especificado no cadro de características do prego de prescricións técnicas.

i) Documentos que deben presentar os licitadores.

Os que figuran no prego de cláusulas administrativas particulares.

O importe deste anuncio será por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2004.

P.D. (Orde 6-3-2003, DOG do 12 de marzo)

José Antonio Fernández Vázquez  
Secretario xeral da Consellería de Política  
Territorial, Obras Públicas e Vivenda

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

*Acordo do 22 de abril de 2004, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se somete a información pública a petición de autorización e declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/41-3).*

En aplicación dos artigos 125 e 144 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se aproba o regulamento de aplicación da Lei 54/1997, do sector eléctrico, sométese a información pública a petición de autorización administrativa, aprobación do proxecto e declaración de utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica que se indica:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: A Batundeira, 2, Velle, 32960 Ourense.

Denominación: L.M.T., Puga-Quenlle.

Situación: Toén.

Descricións técnicas: liña aérea a 20 kV de 1.376 m de lonxitude en condutor LA-56 sobre apoios de formigón, coa orixe no apoio proxectado co nº 1 na derivación ao C.T. de Puga e remata no C.T. en caseta existente en Feá.

A declaración de utilidade pública, conforme o artigo 54 da citada lei levará implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens e adquisición dos dereitos afectados, e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos que se consideran de necesaria ocupación, figura no anexo.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas, no prazo de vinte días, a partir

da última publicación ou notificación individual, poderán presentar as súas alegacións, por duplicado, nesta delegación provincial, relativas á corrección de erros, limitacións á constitución da servidume de paso de liñas eléctricas (artigo 161 do Real decre-

to 1995/2000) e aquelas outras que se estimen oportunas.

Ourense, 22 de abril de 2004.

Ramón Fernández-Linares Bouza  
Delegado provincial de Ourense

*Relación de propietarios, bens e dereitos afectados*

Expediente: 04/41

L.M.T. Puga-Quenlle

Provincia: Ourense

Termo municipal: Toén

Nº	PREDIOS		PROPIETARIOS		AFECCIÓN		Voo	
	Lugar	Cultivo	Nome e apelidos	Enderezo	Apoio nº apoio	m <sup>2</sup>	ml	m <sup>2</sup>
1	A Cova	Labradío	Lucila Álvarez Álvarez	Aldea de Arriba, s/n 32940 Puga-Toén	1	1	24	240
27	Vales	Monte alto	José Antonio García Bergano	Sáenz Díez, 44-2º esq. 32003 Ourense			80	1.280
29	Cortizo	Monte alto	Monte Ceciñal en Man Común da Fenteira Rpta.: David Fernández Calviño	Aldea de Arriba, nº 19 Puga, 32940 Toén	7-8	2	140	2.240

*Resolución do 19 de abril de 2004, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/40-3).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: A Batundeira, 2, Velle, 32960 Ourense.

Denominación: L.M.T., C.T., urbanización A Lamela.

Situación: Toén.

Descricións técnicas: liña a 20 kV aerosubterránea de 850 m de lonxitude: 510 m aérea desde a L.M.T. ao C.T. sanatorio Toén, apoio nº D121-23-3 e remata no seu apoio nº D121-23-3-1 onde pasa a conducción subterránea 340 m ata o C.T. proxectado en caseta prefabricada con 400 kVA, R/T 20.000/380-220 V na Lamela.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións, nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Ourense, 19 de abril de 2004.

Ramón Fernández-Linares Bouza  
Delegado provincial de Ourense

*Resolución do 20 de abril de 2004, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 04/42-3).*

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

Solicitante: *Unión Fenosa Distribución, S.A.*

Domicilio social: A Batundeira, 2, Velle, 32960 Ourense.

Denominación: L.M.T.S., C.T., Bernardo Cachamuíña, 18.

Situación: Ourense.

Descricións técnicas: liña subterránea a 20 kV de 150 m de lonxitude con orixe na cela de liña do C.T. Cachamuíña e remata no L.M.T.S. ao C.T. Tras do Hospital, con entrada e saída no C.T. Bernardo Cachamuíña nº 18, proxectado na planta baixa do edificio, con 400 kVA, R/T 20.000/380-220 V.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións, nesta delegación provincial, no prazo de vinte días.

Ourense, 20 de abril de 2004.

Ramón Fernández-Linares Bouza  
Delegado provincial de Ourense

*Resolución do 12 de maio de 2004 pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución, se recoñece a condición de instalación acollida ao réxime especial e se declara a utilidade pública, en concreto, do Parque Eólico Buio, así como a compatibilidade e incompatibilidade do Parque Eólico Buio con diversos dereitos mineiros na provincia de Lugo. (Expediente 076-EOL).*

Examinado o expediente instruído a pedimento de *Eurovento, S.L. Unipersonal* con domicilio para efectos de notificacións na Rúa Varsovia 4-C, 5º andar, Área Central-As Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela, sobre a autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución, recoñecemento de instalación acollida ao réxime especial e declaración da utilidade pública, en concreto, do parque eólico denominado Buio, resultan os seguintes:

#### Antecedentes de feito.

Primeiro.-Por Resolución do 30 de xaneiro de 2001, da Delegación Provincial da Consellería de Industria e Comercio de Lugo, publicada no BOE nº 36, do 10 de febreiro de 2001 e no DOG nº 30, do 12 de febreiro de 2001, someteuse a información pública a solicitude de autorización administrativa das instalacións do parque eólico de Buio para os efectos de presentación das solicitudes en competencia, sen terse presentado, no prazo de 20 días establecido, ningún proxecto en competencia. Presentáronse alegacións por parte de José Luis Sastre Pascual, en escrito do 12 de marzo de 2001, no nome de *Turberas del Buio y del Gistral, S.A.*, alegando que o proxecto do parque eólico está sobre concesións mineiras da súa titularidade, e solicita ser tido en conta como parte interesada e afectada no expediente administrativo do dito parque eólico.

Segundo.-O 6 de abril de 2001, José Manuel Pazo Paniagua, en nome e representación de *Eurovento, S.L. Unipersonal*, solicitou a autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución, aprobación do proxecto sectorial e declaración ambiental do parque eólico denominado Buio, presentado a documentación establecida para o efecto polo Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e o Decreto 205/1995, do 6 de xullo, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia, de aplicación neste expediente en virtude do disposto na disposición transitoria terceira do Decreto 302/2001, do 25 de outubro, polo que se regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro.-Separadamente, presentáronse aquelas partes do proxecto que afectan bens, instalacións, obras ou servizos, centros ou zonas dependentes dou-

tros organismos públicos ou corporacións, co fin de que, se é o caso, se establecese o condicionado procedente.

Cuarto.-O 12 de xullo de 2001 a Delegación Provincial da Consellería de Industria e Comercio de Lugo informa favorablemente o proxecto de execución do parque eólico de Buio, situado nos concellos de Viveiro, O Valadouro, Xove e Cervo (Lugo), situado nas seguintes coordenadas poligonais en unidades UTM:

Nº	X	Y
1	619.500	4.825.000
2	627.000	4.825.000
3	627.000	4.828.800
4	619.500	4.827.100
5	622.000	4.827.100
6	622.000	4.828.800

E coas características técnicas do parque eólico seguinte:

Nº de aeroxeradores: 37.

Potencia unitaria por aeroxerador: 1.300 kW.

Tipo de aeroxeradores: Bazán-Bonus 1,3 MW.

Produción neta anual estimada: 129.200 MWh/ano.

Orzamento total: 36.556.719,56 €.

\* Características técnicas da infraestrutura eléctrica de transformación e interconexión:

-37 aeroxeradores tipo BAZAN-BONUS 1,3 MW de 1.300 kW de potencia total unitaria.

-37 centros de transformación de 1.600 kVA de potencia nominal unitaria e relación de transformación 0,69/30 kV, instalados unitariamente no interior da torre do aeroxerador coa súa correspondente aparelaxe de seccionamento, manobra e protección.

-Liñas de media tensión soterradas para evacuación de enerxía a 30 kV, de interconexión entre centros de transformación e subestación transformadora 30/132 kV.

-Subestación transformadora 30/132 kV para evacuación de enerxía producida nos parques eólicos de Buio e os veciños parques eólicos de Gamoide e Riobó, composta por dous transformadores principais 30/132 kV de 40/50 MVA ONAN/ONAF de potencia nominal unitaria cos correspondentes equipamentos de control, seccionamento, manobra, medida e protección.

Quinto.-Por Resolución do 14 de setembro de 2001, da Delegación Provincial da Consellería de Industria e Comercio de Lugo, someteuse a información pública a solicitude de autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución, aprobación do proxecto sectorial e estudo ambiental do parque eólico denominado Buio, publicándose no BOP de Lugo nº 229, do 4 de outubro de 2001, no *Diario Oficial de Galicia* nº 192, do 3 de outubro de 2001, no *Boletín Oficial del Estado* nº 238, do 4 de outubro de 2001,

nos xornais *El Progreso* do 3 de outubro de 2001 e *La Voz de Galicia* do 3 de outubro de 2001, na Delegación Provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio de Lugo e nos concellos do Valadouro, Viveiro, Cervo e Xove.

Durante o período de información pública presentáronse alegacións por parte de:

1. Francisco López González, en representación da Asociación Forestal Ourensana, en escrito de data 31 de outubro de 2001, alega o seguinte:

a) Que o proxecto de execución do citado parque ten unha serie de irregularidades, con incumprimento da lexislación sectorial e desde o punto de vista ambiental.

b) Que se debe tramitar procedemento da declaración de prevalencia da utilidade pública do proxecto sobre os montes veciñais en man común.

c) O solo afectado está cualificado como non urbanizable e de uso exclusivo forestal, afectando a obra leitos fluviais e a paisaxe natural, incumprindo a ordenanza relativa á necesidade de protexer os leitos fluviais existentes na zona.

2. O Concello de Viveiro, en escritos do 14 e 19 de novembro de 2001, dá traslado do informe sobre o proxecto sectorial e o estudo de impacto ambiental realizado polo enxeñeiro municipal, ratificado na comisión de goberno do concello, reflectindo que a área de afección do parque eólico dentro do concello, se atopa afectada pola suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas acordada polo pleno do concello o 13 de setembro de 2001.

3. O Concello de Cervo, en escrito do 6 de novembro de 2001, alega ao proxecto sectorial, que non renuncia á súa autonomía local con respecto á concesión da licenza de obras, debéndose repor ao seu estado orixinal os distintos servizos municipais afectados polas obras do parque, se fosen danados.

4. José Luis Sastre Pascual, en escrito do 13 de novembro de 2001, no nome de *Turberas del Buyo y del Gistral, S.A.*, solicita a denegación da autorización do parque eólico no ámbito territorial que afecta a súa concesión mineira, alegando o seguinte:

a) O proxecto do parque eólico é incompatible cos dereitos mineiros de que é titular a súa representada, que actualmente están en explotación.

b) Que ningunha das disposicións legais polas que se sacou a información pública prevé a posibilidade de que a autorización do parque eólico implique a caducidade das concesións mineiras, nin tampouco un trámite destinado a determinar a prevalencia ou compatibilidade entre dereitos mineiros e eólicos.

c) A concesión mineira implica por imperativo legal, a declaración de utilidade pública, mentres que un parque eólico con autorización non a ten, senón que ten que solicitala expresamente o promotor eólico.

d) Sería contrario ao ordenamento xurídico tanto a tramitación dun procedemento encamiñado a determinar a prevalencia entre a concesión mineira e o

parque eólico como a autorización do dito parque cos límites contemplados no proxecto.

e) Unha autorización do parque eólico, co alcance e a extensión do proxecto sería. nula de pleno dereito, e xeradora de responsabilidade patrimonial e administrativa, dando dereito á súa representada a ser indemnizada polos danos e perdas que se lle ocasionasen.

Sexto.-O 27 de setembro de 2001, José Manuel Pazo Paniagua, en nome e representación de *Eurovento, S.L. Unipersonal*, solicitou o recoñecemento da condición de instalación acollida ao réxime especial de produción de enerxía eléctrica do parque eólico denominado Buio, de 48,1 MW, achegando a documentación establecida no Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro, sobre produción de enerxía eléctrica por instalacións fornecidas por recursos ou fontes de enerxía renovables, residuos e prexuízos.

Sétimo.-Por Resolución do 3 de marzo de 2003 admítase a trámite ao abeiro da Orde do 13 de novembro de 2002 a solicitude do parque eólico de Buio.

Oitavo.-Con data do 22 de setembro de 2003 a Delegación Provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio de Lugo, en diante, delegación provincial, emite informe sobre os dereitos mineiros afectados polo parque eólico de Buio.

Noveno.-O 2 de outubro de 2003, José Manuel Pazo Paniagua, no nome e representación de *Eurovento, S.L. Unipersonal*, solicitou a declaración de utilidade pública, en concreto, do parque eólico denominado Buio, achegando a documentación establecida para o efecto polo Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e o Decreto 302/2001, do 25 de outubro.

Décimo.-Con data do 6 de outubro de 2003 ábrese por parte da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, un período de presentación de alegacións, en cumprimento do trámite de audiencia contemplado no artigo 84 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, co obxecto de determinar a compatibilidade ou incompatibilidade da actividade de produción de enerxía eléctrica no parque eólico denominado Buio coa explotación dos recursos minerais existentes no ámbito territorial afectado. As partes presentaron durante o prazo establecido para o efecto as alegacións e xustificacións que estimaron pertinentes.

Décimo primeiro.-O 20 de outubro de 2003, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formulou a declaración de impacto ambiental do dito parque eólico, a cal foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 2 de xaneiro de 2004 por Resolución do 20 de novembro de 2003, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas. Establecéndose na dita declaración ambiental como coordenadas UTM dos 29 aeroxeradores coas seguintes posicións definitivas:

Aeroxerador	UTM X	UTM Y
1	626.316	4.827.290
2	626.439	4.827.205
3	626.562	4.827.119

Aeroxerador	UTM X	UTM Y
4	624.590	4.827.726
5	624.691	4.827.616
6	624.803	4.827.508
7	624.920	4.827.433
8	625.063	4.827.374
9	625.201	4.827.314
10	623.533	4.827.567
11	623.606	4.827.434
12	622.914	4.827.513
13	622.958	4.827.370
14	623.001	4.827.226
17	623.274	4.826.889
18	623.400	4.826.806
19	623.525	4.826.724
20	623.657	4.826.637
21	623.838	4.826.556
22	624.033	4.826.511
23	624.228	4.826.466
24	624.384	4.826.378
25	622.685	4.826.181
26	622.745	4.826.043
27	622.805	4.825.905
28	622.927	4.825.815
29	623.068	4.825.737
30	623.270	4.825.699
31	623.438	4.825.610

A devandita declaración de impacto ambiental establece que o promotor previamente ao inicio das obras, deberá presentar unha documentación adicional, que inclúe, entre outros documentos, unha proposta de resituación dos aeroxeradores 15, 16, 32, 33, 34,35, 36 e 37 e das súas infraestruturas asociadas. Unha vez presentada a devandita documentación polo promotor, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental informa con data do 29 de decembro de 2003 que as posicións definitivas dos aeroxeradores 15 e 16, son as definidas polas seguintes coordenadas UTM:

Aeroxerador	UTM Y	UTM Y
15	623.045	4.827.083
16	623.147	4.826.973

Renunciando o promotor a instalación dos aeroxeradores 32 ao 37.

Décimo segundo.-Con data 24 de outubro de 2003, unha vez detectados erros no certificado de dominio mineiro emitido pola Delegación Provincial do 22 de setembro de 2003, suspéndese o prazo de formulación de alegacións ata a emisión dun novo certificado de dominio mineiro pola Delegación Provincial de Lugo, sobre os dereitos mineiros da zona do Parque Eólico Buio.

Décimo terceiro.-O 30 de outubro de 2003, a Delegación Provincial informa de que non existe limitación para a imposición de servidume de paso das parcelas 1 a 43, ambas inclusive, incluídas na relación de bens afectados presentada polo peticionario, afectadas polo proxecto de execución citado.

Décimo cuarto.-Por Resolución do 31 de outubro de 2003 da Delegación Provincial, someteuse a información pública a declaración de utilidade pública, en concreto, do parque eólico de Buio, para os efectos previstos no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e do Decreto 302/2001, do 25 de outubro, polo que se regula a enerxía eólica en Galicia, publicándose no BOP de Lugo nº 266, do 19 de novembro de 2003, no *Diario Oficial de Galicia* nº 223, do 17 de novembro de 2003, no *Boletín Oficial del Estado* nº 275, do 17 de novembro de 2003, nos xornais *El Progreso* do 17 de novembro de 2003 e *La Voz de Galicia* do 18 de novembro de 2003, na Delegación Provincial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio de Lugo e nos concellos do Valadouro, Viveiro, Cervo e Xove.

Durante o período de información pública presentáronse as seguintes alegacións:

1. Ricardo Azcarate Amador, en nome e representación de *Explotaciones Cerámicas Españolas, S.A.*, no seu escrito do 29 de novembro de 2003, alega que a empresa recibe notificación individual cun prazo para formular alegacións de 15 días, en contradición coa información pública da declaración de utilidade pública que outorga un prazo de 30 días, o que constitúe unha infracción legal e unha contradición da propia administración, e isto supón infracción do ordenamento xurídico que leva consigo a nulidade do acto administrativo e solicita que se anule a notificación recibida e emita unha nova co prazo de 30 días.

2. Ricardo Azcarate Amador, en nome e representación de *Explotaciones Cerámicas Españolas, S.A.*, alega, no seu escrito do 30 de decembro de 2003, o seguinte:

a) A administración procede a someter a información pública a declaración de utilidade pública do Parque Eólico Buio co obxecto de proceder á urxente ocupación para efectos expropiatorios dos bens e dereitos afectados polo parque con infracción do vixente sistema de legalidade.

b) A administración incorre nunha infracción de procedemento, ao establecer que a aprobación de utilidade pública do parque leva consigo, sen máis, a súa prevalencia sobre os dereitos mineiros da súa representada, sen un previo procedemento.

c) Que os dereitos mineiros teñen a utilidade pública, por lei, e que estes son anteriores ao parque eólico; que explotan un recurso mineral (caolín) que está declarado materia prima prioritaria; que a Administración na información pública comete unha vulneración da lei e unha quebra do principio de seguranza xurídica.

d) A Administración inicia un procedemento expropiatorio sen que a empresa beneficiaria se puxese en contacto con carácter previo coa súa sociedade representada.

e) Impedíuselle á súa sociedade representada tomar vista completa do expediente administrativo, descoñecendo a solvencia económica, técnica e financeira do promotor, así como os criterios seguidos pola administración para considerar a suficiencia do promotor; tendo soamente acceso a un documento que considera insuficiente.

f) Os dereitos mineiros afectados polo parque eólico de Buio son incompatibles coa infraestrutura eólica prevista nas cuadrículas afectadas, limitando de forma moi grave a continuidade da explotación mineira Monte Castelo.

g) A autorización e declaración de utilidade pública do parque supón unha limitación material e absoluta á continuación do xácigo Monte Castelo, nas cuadrículas mineiras afectadas. Supón a perda dos gastos directos en que incorren, a súa representada, para a busca e aproveitamento de mineral en cada un dos permisos de investigación transformados en concesións de explotación; perda dos gastos de I+D de novos produtos e procesos; perda de gastos de comercialización dos caolíns procedentes das súas novas reservas en cada un dos dereitos afectados; perda de gastos medios estatísticos da localización de xácigos.

h) A declaración do parque supón consecuencias para o medio social e económico, debido á importancia da minería do caolín para o interese nacional, a importancia do emprego xerado pola empresa que representa, a falta de subministración do caolín que xeraría ás empresas da zona, que suporía primar a tecnoloxía estranxeira en detrimento da tecnoloxía nacional da empresa que representa, a empresa que representa é de composición accionarial nacional e o promotor eólico estranxeiro, diferente composición da conta de resultados entre promotor eólico e empresa mineira representada.

i) A Administración incorreu en erros graves de procedemento que supoñen a nulidade de actuacións por infracción do procedemento administrativo.

j) A Administración mostra unha desigual vontade ao tramitar con menos celeridade os dereitos mineiros.

k) Existe un conflito de intereses, iniciando a Administración un procedemento expropiatorio sen ter en conta que o único interese público existente é o da minaría, que ten a utilidade pública por lei sen ter que ser declarada. De declararse a utilidade pública do parque eólico, en ningún caso podería supor unha limitación no exercicio da actividade mineira desenvolvida. A Comunidade Autónoma non pode aplicar medidas sectoriais que produzan un prexuízo ao interese xeral, que representa o caolín, porque a súa valoración corresponde ao Estado.

l) A declaración de utilidade pública do parque eólico non pode afectar, na base da Constitución Española, a dereitos adquiridos con anterioridade á dita declaración, limitando ou minguando o seu contido. Un recorte ou limitación da utilidade públi-

ca da minaría suporía a vulneración de varios preceptos constitucionais.

m) A limitación nos dereitos da empresa representada suporía a indemnización por responsabilidade patrimonial da Administración de todos os danos e prexuízos sufridos.

Solicitando a non declaración de utilidade pública do parque eólico na súa actual situación por incompatibilidade cos dereitos mineiros; se se declarase a utilidade pública do parque eólico, que esta non leva consigo a prohibición de realizar traballos mineiros; e con carácter subsidiario aos anteriores, proceda a Administración a indemnizala súa representada de toda limitación ou redución que a dita declaración leve consigo no seu patrimonio, na contía suficiente.

3. José Luis Sastre Pascual, nome de *Turberas del Buyo y del Gistral, S.A.*, alega, no seu escrito do 19 de decembro de 2003, o seguinte:

a) Que o parque eólico citado afecta a unha concesión mineira, da cal é titular a súa empresa, sendo incompatible con esta, opóndose á declaración de utilidade pública do parque eólico, considerando prevalecente o dereito mineiro.

b) No caso de declararse prevalecente no parque eólico, deberase indemnizar convenientemente a empresa que representa.

c) No caso de outorgar a declaración de utilidade pública ao parque eólico, a execución do proxecto, debería estar condicionada á autorización á empresa que representa da previa extracción do mineral de turba existente nas zonas afectadas, durante o prazo de doce anos. No caso de que non fose posible conceder o dito prazo, habería que indemnizar á súa empresa polo sobrecusto que significaría a rápida explotación do mineral existente. E no caso de non autorizarse a explotación do dito mineral, igualmente debería indemnizarse á súa representada.

4. Javier Perdices Yubero, en nome de *Turberas del Buyo y del Gistral, S.A.*, alega, no seu escrito do 22 de decembro de 2003, o seguinte:

a) A súa representada ten outorgada unha concesión de explotación denominada Turberas de Buyo nº 3.585, afectada pola instalación do parque eólico.

b) Que é indiscutible a incompatibilidade do parque eólico coa concesión mineira da súa representada, tendo o outorgamento da dita concesión de explotación implícita a declaración de utilidade pública.

c) O seu desacordo coa Resolución do 31 de outubro de 2003 pola que se somete a información pública a solicitude de declaración de utilidade pública do parque eólico, por canto pretende dar a entender que o citado proxecto debe prevalecer sobre calquera outra actividade, esquecendo a preexistencia duns dereitos mineiros que xa teñen outorgada con anterioridade a declaración de utilidade pública.

d) O mineral soamente se pode aproveitar no lugar onde se atopa, mentres que os aeroxeradores do parque eólico se poden situar en zonas próximas coa mesma intensidade de vento, polo que procede a instalación do parque eólico cun trazado alternativo, que non afecte a concesión mineira da súa representada.

e) No caso de declararse a utilidade pública do parque eólico con posterioridade, deberíase declarar que a utilidade pública prevalecerá.

f) No caso de declararse a utilidade pública do parque eólico e prevalencia deste sobre a concesión mineira, a empresa promotora deberá indemnizar convenientemente por danos e perdas á súa representada.

g) Propón a celebración dunha reunión para estudar a modificación do proxecto do parque eólico de tal forma que non afecte as zonas sen explotar e permitir a explotación acelerada do xácigo mineiro existente na zona, antes da instalación do parque eólico.

Solicita a denegación da solicitud de declaración de utilidade pública do parque eólico, por ser incompatible coa actividade mineira, e para o caso de que sexa outorgada a declaración, que se incoe o correspondente expediente para determinar a prevalencia, e que previamente a calquera decisión se convoque unha reunión entre a súa representada e o promotor eólico encamiñada á adopción de medidas que poidan facer compatibles ambas as actividades.

5. Javier Fernández Otero, no seu escrito do 5 de decembro de 2003, alega que o predio denominada Alto da Costa Vela foille doado aos seus fillos Andrés e Jaime Fernández Carbajales.

6. M<sup>a</sup> del Carmen Candía Cabaleiro, no seu escrito do 20 de decembro de 2003, alega que a parcela catastral 391 do polígono 71, en Burgo de Trasbar, da parroquia de Castelo (Cervo), que aparece como pertencente ao monte veciñal en man común de Burgo de Trasbar, é da súa propiedade.

7. Veciños e comuneiros do monte veciñal de Viacampa, no concello do Valadouro, no seu escrito do 27 de decembro de 2003, manifestan que non sería preciso expropiar o dereito de propiedade dos predios afectados e mostran a súa vontade de negociar unha renda xusta co promotor eólico.

Décimo quinto.-Con data 7 de novembro de 2003 a Delegación Provincial emite un novo informe sobre os dereitos mineiros afectados polo parque eólico de Buio.

Décimo sexto.-Con data 14 de xaneiro de 2004, vólvese a abrir por parte da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, un período de presentación de alegacións, en cumprimento do trámite de audiencia previsto no artigo 84 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, co obxecto de determinar a compatibilidade ou incompatibilidade da

actividade de produción de enerxía eléctrica no parque eólico denominado Buio coa explotación dos recursos minerais existentes no ámbito territorial afectado. As partes presentaron durante o prazo establecido para o efecto as alegacións e xustificacións que consideren pertinentes.

Décimo sétimo.-Con data 7 de abril de 2004, a Subdirección Xeral de Recursos Minerais, examinado o expediente, emite informe.

O citado informe manifesta textualmente:

Informe sobre o expediente de compatibilidade entre o Parque Eólico Buio e diversos dereitos mineiros da provincia de Lugo.

1. Antecedentes.

Durante a tramitación do parque eólico de Buio, da titularidade de *Eurovento, S.L.*, detectouse a posible interferencia das actuacións pretendidas neste proxecto coas previstas para outros dereitos mineiros solicitados e/ou existentes na zona, polo que esta Dirección Xeral abriu, o 14 de xaneiro de 2004, trámite de compatibilidade con audiencia das partes interesadas, para proceder a determinar a compatibilidade ou incompatibilidade dos diferentes traballos.

A Sección de Minas da Delegación Provincial desta consellería en Lugo emite, o 7 de novembro de 2003, informe sobre a afección do Parque Eólico Buio ao dominio mineiro da súa provincia, resultando o seguinte:

Concesións de explotación:

-Turberas do Buyo nº 3.585.

-Aumento a Turberas do Buyo nº 3.594.

-Segunda ampliación nº 5.111.

Todas elas da titularidade de *Turberas de Buyo y del Gistral, S.A.*

Concesións da explotación en tramitación:

-Segunda ampliación a Acibro nº 5.804.

-Cuarta ampliación a Acibro nº 5.806.

-Cuarta ampliación a Acibro fracción segunda nº 5.806.2.

Todas elas da titularidade de *Explotaciones Cerámicas Españolas, S.A.* (ECESA)

Permisos de investigación outorgados:

-Primeira ampliación a Acibro nº 5.803.

-Segunda ampliación a Acibro nº 5.804.

-Cuarta ampliación a Acibro nº 5.806.

-Cuarta ampliación a Acibro fracción segunda nº 5.806.2.

Todos eles da titularidade de ECESA.

Permisos de investigación en tramitación:

-Cobo nº 6.011.

-Ferreira nº 6.013.

ambos tamén da titularidade de ECESA.

A realización deste informe toma como base a reacción de dereitos anteriores, examinándose ademais das alegacións presentadas polas partes dentro do trámite de audiencia, os seguintes documentos:

-Expediente e proxectos do Parque Eólico Buió.

-Expedientes, proxectos e, se for o caso, plans de labores dos dereitos mineiros afectados.

## 2. Resumo dos proxectos e alegacións presentadas.

Vanse resumir neste epígrafe os proxectos e alegacións de cada unha das sociedades implicadas.

*Eurovento, S.L.*

O proxecto inicial do Parque Eólico Buió ten as seguintes características:

Características técnicas do parque:

Nº de aeroxeradores: 37.

Potencia unitaria por aeroxerador: 1.300 kW.

Aeroxeradores: Bazán-Bonus 1,3 MW.

Potencia total instalada: 48,1 MW.

Produción neta anual prevista: 129,8 GWh.

Investimento previsto: 6.082.526.340 ptas.

Despois da tramitación ambiental, e como consecuencia dela, o promotor renuncia á instalación dos aeroxeradores do 32 ao 37, polo que o parque eólico quedará constituído por 31 dos 37 aeroxeradores previstos cunha potencia total instalada de 40,3 MW.

Características técnicas da infraestrutura de xeración, transformación e interconexión:

-31 centros de transformación de 1.600 kVA de potencia unitaria e reacción de transformación 0,69/30 kV, para conectar un xerador en cada un deles, situado no interior da torre do aeroxerador, e coa correspondente aparellaxe de seccionamento, manobra e protección.

-Liñas subterráneas de evacuación de enerxía eléctrica de alta tensión (30 kV) que conectan os centros de transformación coa subestación de Buió. A subestación de Buió conéctase coa rede eléctrica na subestación de Boimente mediante a liña aérea de 132 kV.

-Liñas subterráneas de comunicación de fibra óptica entre os aeroxeradores e a subestación transformadora.

-Subestación de Buió para a transformación a tensión de rede de 132 kV, con dous transformadores de 50 MVA e reacción 132/30 kV para servizo dos parques eólicos Buió, Gamoide e Riobó.

Alegacións.

Resúmense a seguir as alegacións referentes á interferencia dos traballos programados polas dis-

tintas partes e determinantes para a compatibilidade ou incompatibilidade que se suscita.

Valora a compatibilidade diferenciando cuatro grupos:

### A. Permisos de investigación solicitados:

-Dada a localización xeográfica das dúas solicitudes, e que se reflicte no plano que adxunta, a incidencia do parque eólico coas citadas solicitudes é nula.

-Tal e como se afirma no informe técnico elaborado pola empresa *Estudios de Geología Aplicada, S.L.*, que tamén anexa, no seu caso o labor investigador ou de prospección mineira para os efectos de determinar o posible recurso resulta totalmente compatible coa propia instalación eólica.

### B. Permisos de investigación outorgados:

-Estes permisos de investigación, unha vez deducidas as cuadrículas correspondentes ás solicitudes de paso a concesión, en ningún caso afectan especialmente as instalacións do parque eólico, unha vez que se localizan á marxe da limitación perimetral do citado parque eólico, polo que a compatibilidade resulta evidente.

### C. Solicitudes de paso a concesión:

-Polo que respecta á solicitude de paso a concesión nº 5.806.2 denominada Cuarta ampliación a Acibro fracción segunda a súa localización en nada afecta a posible explotación conxunta de ambos os aproveitamentos.

-Canto ás solicitudes nº 5.804 e nº 5.806, encóntranse afectadas por 6 aeroxeradores (do 4 ao 9) e por 2 aeroxeradores (10 e 11) respectivamente.

Os aeroxeradores nº 17 e 18, aínda que fóra do área da solicitude nº 5.806, sitúanse a unha distancia de 15 m do perímetro.

-Baseándose no informe técnico presentado pola empresa *Estudios de Geología Aplicada, S.L.* conclúe que ningunha das áreas de interese mineiro tanto preferentes como secundarias coincide coas liñas de aeroxeradores proxectadas, polo que a compatibilidade e coexistencia de ambos os dereitos é perfectamente viable.

-Canto á situación xeográfica da subestación de transformación de enerxía eléctrica que figura no proxecto de execución, e que se sitúa no extremo norte do perímetro da área de explotación definida pola propia ECESA para o permiso nº 5.804, do informe técnico que se xunta derívase que, das numerosas observacións realizadas no campo, así como as prospeccións de investigación propostas no citado informe, exclúe a existencia de mineral racionalmente explotable e, polo tanto, o prexuízo para os dereitos mineiros derivados da instalación da citada subestación, nesta localización, sería absolutamente nulo.



## D. Concesións de explotación outorgadas.

## -Concesión da explotación nº 3,585:

A pesar da proximidade de catro aeroxeradores, isto non fai incompatible ambos os aproveitamentos, senón que, ao contrario, poden coexistir sen problema ningún, no espazo e no tempo, dado que o exercicio da actividade mineira, beneficio de turba, pode exercitarse sen problema nin menoscabo para o parque eólico, podendo levarse a cabo ata o límite do dominio mineiro aínda que se atopen próximos aos aeroxeradores mencionados.

## -Concesións da explotación nº 3.594 e 5.111:

A localización destas concesións en nada afectan as instalacións eólicas programadas, polo que a respectiva compatibilidade queda fóra de toda dúbida, resultando evidente.

*Turberas del Bujo y del Gistral, S.A.*

## Características da súa explotación:

*Turberas de Bujo y del Gistral* na súa concesión de explotación beneficia unha camada de turba recuberta polo solo vexetal. A explotación realízase a ceo aberto, efectuándose a arrinca mediante escavadora frontal que parte *in situ* a camada en pequenos tacos, que se cargan en camións basculantes para transportalos e estendelos en parvas de oureo; cando a humidade da turba se reduce ao 50%, cárganse e xúntase para o seu posterior tratamento en instalación.

## Alegacións:

Resúmense a seguir as alegacións referentes á interferencia dos traballos programados polas distintas partes e determinantes para a compatibilidade ou incompatibilidade que se suscita.

-A extracción de mineral de turba que se extrae das súas concesións de explotación atópase claramente afectada pola localización das instalacións do parque, polo que a instalación deste é incompatible coa actividade mineira desenvolvida.

-A extracción do mineral soamente pode levarse a cabo no lugar en que se encontra en contraposición coa instalación dos aeroxeradores, que se poden executar noutras zonas próximas coa mesma intensidade de vento.

-Solicita a modificación do trazado do proxecto de forma que afecte as zonas sen explotar e, se for o caso, permitir a explotación acelerada do xácigo mineiro existente na zona, para poder extraer a maior parte posible de mineral existente, antes da instalación do parque eólico.

*Explotaciones Cerámicas Españolas, S.A.* (ECE-SA).

## Descrición do proxecto:

Despois de realizar unha investigación para pór de manifesto recurso suficiente de caolín, pretende coas súas solicitudes de concesión derivar o desenvolvemento dun proxecto de explotación en dúas

áreas, unha en cada solicitude de concesión, nas cales cubíronse reservas. As cuadrículas que non son obxecto de solicitude de concesión foron prorrogadas para continuar coa investigación.

Canto aos permisos de investigación en tramitación, despois de localizar indicios de caolín en diferentes áreas, proxecta a investigación das cuadrículas solicitadas, que se desenvolverán durante un período de tres anos, para descubrir caolín susceptible de aproveitamento racional.

## Alegacións:

Resúmense a seguir as alegacións referentes á interferencia dos traballos programados polas distintas partes e determinantes para a compatibilidade ou incompatibilidade que se suscita.

-Os dereitos mineiros afectados forman parte dunha única estrutura que constitúe o xácigo denominado Montecastelo onde se detectaron e cuantificaron reservas mineiras, o que permitiu ir definindo a disposición estrutural, a contía e a calidade das reservas de caolín acollidas en diferentes áreas.

-Os dereitos mineiros afectados polo Parque Eólico Bujo, son incompatibles coa infraestrutura eólica prevista nas cuadrículas afectadas, limitando, e de forma moi grave, a continuidade do xácigo mineiro Montecastelo.

-Presenta plano da afección dos seus dereitos mineiros do Parque Eólico Bujo.

-Grave e serio prexuízo para a empresa por deixar de dispor destas importantes reservas de caolín, que garantan a continuidade do xácigo Montecastelo e, por tanto, a propia ECESA, polo custo que representan os investimentos realizados e polos beneficios que se deixan de percibir, derivados da explotación das novas reservas descubertas.

-Limitación dunha actividade altamente competitiva e de vital importancia para a industria nacional, xeradora dun importante número de postos de traballo.

## 3. Conclusións.

Examinados os expedientes, proxectos e documentación asociados a eles conclúese, a xuízo da que suscribe, o seguinte en relación aos diferentes dereitos mineiros afectados:

Dereitos mineiros de *Turberas del Bujo y del Gistral, S.A.*

Dentro da superficie dos dereitos mineiros de *Turberas del Bujo y del Gistral, S.A.* non existe infraestrutura eólica, con excepción dunha vía e foxo eléctrico que se pretende usar no proxecto eólico. No último plan de labores presentado polo titular do dereito mineiro e aprobado pola manifestación, este manifesta a existencia de reservas na área afectada, polo que, a execución dos labores do proxecto eólico mencionados serían incompatibles co futuro aproveitamento mineiro.

Dereitos mineiros de ECESA.

Canto á solicitude de concesión derivada Cuarta ampliación a Acivro fracción segunda nº 5.806.2, afecta a poligonal do parque pero non a infraestrutura eólica, polo que ambas as actuacións serían compatibles.

A solicitude de concesión derivada Segunda ampliación a Acibro nº 5.804 atópase afectada pola subestación de Buio, os aeroxeradores do 4 ao 9 (segundo denominación de proxecto) e a súa infraestrutura asociada, vía-foxo eléctrico e foxo eléctrico. Sen embargo, da análise do proxecto mineiro presentado, conclúese que as únicas interferencias existentes cos labores proxectados se refiren á subestación, aos aeroxeradores nº 4 e nº 5, a vía-foxo eléctrico superposto á zona de explotación e ao tramo de foxo eléctrico que une os aeroxeradores situados ao oeste da zona prevista de explotación cos do leste, comprendido dentro da dita zona. Para estes casos, os traballos programados son incompatibles.

Polo que respecta á solicitude de concesión de explotación derivada Cuarta ampliación a Acibro nº 5.806, aínda que o seu perímetro se atope afectado polos aeroxeradores nº 10 e 11 e por un foxo eléctrico, a única interferencia existente cos labores previstos polo titular dos dereitos mineiros na súa solicitude de concesión sería o foxo eléctrico, sendo polo tanto, para este caso incompatibles os traballos. Polo que respecta aos aeroxeradores 10 e 11 os traballos serían compatibles.

As solicitudes de permisos de investigación Ferreira nº 6.013 e Cobo nº 6.011, afectan a poligonal do parque pero non a infraestrutura eólica, polo que ambas as actuacións serían compatibles.

A situación anterior repítese para os permisos de investigación outorgados relacionados nos antecedentes e tamén da titularidade de ECESA, polo que os traballos para desenvolver serían tamén compatibles.

Décimo oitavo.-Con data 23 de abril de 2004, José Manuel Pazo Paniagua, en nome e representación de *Eurovento, S.L. Unipersonal*, alegando problemas técnicos, renuncia á instalación dos aeroxeradores nº 4 e 5 do citado proxecto.

É todo o que se informa, salvo mellor criterio, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-A Consellería de Innovación, Industria e Comercio é competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de Autonomía de Galicia; a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, o Decreto 36/2001, polo que se establecen os órganos competentes para a resolución dos procedementos de autorización de instalacións eléctricas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia; o Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo; Decreto 132/1982, do 4 de novembro; Decreto 82/2004, do 23 de abril, de modificación

do Decreto 223/2003, do 11 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Innovación, Industria e Comercio; Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro; Real decreto 436/2004, do 12 de marzo, polo que se establece a metodoloxía para a actualización e sistematización do réxime xurídico e económico da actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial; Decreto 205/1995, do 6 de xullo; e Decreto 302/2001, do 25 de outubro, xa citados.

Segundo.-Á vista das alegacións presentadas, da contestación dada a elas por parte da empresa promotora e do resto de documentación que consta no expediente, cabe manifestar que:

1. Canto á alegación presentada no trámite de competencia por parte de *Turberas del Bujo y del Gistral, S.A.*, considérase esta extemporánea xa que a dita fase do procedemento só se refire á documentación que é necesario presentar para realizar a información pública para efectos de solicitar proxectos en competencia.

2. Canto ás alegacións da *Asociación Forestal Ourensana*, maniféstase o seguinte:

-O proxecto de execución do parque eólico recibiu informe favorable, con data 12 de xullo de 2001, da delegación provincial.

-Non se abre trámite de prevalencia de utilidade pública con montes veciñais en man común, xa que durante o trámite de información pública non houbo alegacións por parte das comunidades de montes veciñais en man común que están finalmente afectadas polo proxecto; presentando o promotor escrito con data 21 de xaneiro de 2004 onde desiste da continuación do expediente expropiatorio da comunidade de montes en man común de Vilacampa, dado que, por exixencias da declaración de impacto ambiental do parque eólico, non é posible a instalación dos aeroxeradores sobre terreos desta comunidade; e escrito do 22 de abril de 2004 onde manifesta ter acordo coas comunidades de montes en man común de Santa María de Rúa e Burgo de Trasbar.

-As alegacións de carácter urbanístico serán consideradas no momento de proceder á resolución da aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal.

-As alegacións de tipo ambiental foron consideradas na elaboración da preceptiva declaración de impacto ambiental.

3. Canto ás alegacións do Concello de Viveiro, maniféstase que as alegacións de carácter urbanístico serán consideradas no momento de proceder á resolución da aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, e que as alegacións de tipo ambiental foron consideradas na elaboración da preceptiva declaración de impacto ambiental.

4. Canto ás alegacións do Concello de Cervo, maniféstase que esta autorización se outorga sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións,

licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

5. Canto ás alegacións presentadas por parte de *Turberas del Bujo y del Gistral, S.A.*, maniféstase o seguinte:

-O capítulo VII do Decreto 302/2001, do 25 de outubro, recolle o procedemento da apertura de trámite de compatibilidade de utilidades públicas.

-Canto á resolución sobre a compatibilidade ou incompatibilidade da actividade de produción de enerxía eléctrica no parque eólico denominado Buio cos dereitos mineiros existentes no ámbito territorial, esta consellería acepta o informe da Subdirección Xeral de Recursos Mineiros de data de 7 de abril de 2004, e que serve de motivación a esta presente resolución neste extremo ao incorporarse ao seu texto, tal e como establece o artigo 89.5º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

-A declaración de utilidade pública do parque eólico faise en virtude dos artigos 52 e 54 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

-De conformidade co capítulo III do título II de Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, será determinado o prezo xusto dos bens ou dereitos expropiados, podendo a empresa promotora eólica e o titular do dereito mineiro a quen se refira a expropiación, convir coa adquisición dos bens ou dereitos que son obxecto daquela libremente e por mutuo acordo en calquera momento antes da fixación definitiva do prezo xusto.

6. Canto as alegacións presentadas por *Explotaciones Cerámicas Españolas, S.A.*, cabe manifestar o seguinte:

-Aínda que na notificación individual que se realiza para o afectado polo dito parque eólico, faise constar 15 días de prazo para efectuar alegacións, as ditas alegacións seguen sendo válidas mentres se realicen dentro do período de información pública de 30 días, non implicando a nulidade do acto administrativo de notificación individual.

-Con respecto a posibles erros e omisións no texto da resolución de información pública, tómase nota deles e procédese á súa emenda.

-De conformidade co capítulo III do título II de Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, será determinado o prezo xusto dos bens ou dereitos expropiados, podendo a empresa promotora eólica e o titular do dereito mineiro a quen se refira a expropiación convir na adquisición dos bens ou dereitos que son obxecto daquela libremente e por mutuo acordo en calquera momento antes da fixación definitiva do prezo xusto.

-O interesado, poderá examinar o expediente relativo ao citado parque eólico, en calquera momento, de acordo co artigo 35 e 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, formulando petición individuali-

zada dos documentos que se desexe consultar e obter copia dos documentos contidos nel.

-Canto á resolución sobre a compatibilidade ou incompatibilidade da actividade de produción de enerxía eléctrica no parque eólico denominado Buio cos dereitos mineiros existentes no ámbito territorial, esta consellería acepta o informe da Subdirección Xeral de Recursos Mineiros de data do 7 de abril de 2004, e que serve de motivación a esta resolución neste extremo ao incorporarse ao texto dela, tal e como establece o artigo 89.5º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

-A declaración de utilidade pública do parque eólico faise en virtude dos artigos 52 e 54 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

7. Con respecto á alegación de Javier Fernández Otero, sobre os posibles erros na titularidade de dereitos afectados pola instalación do proxecto, cabe dicir que a empresa beneficiaria tomará razón delas, non obstante, será durante o levantamento de actas previas á ocupación, acto a que será oportunamente convocado, no momento en que pode demostrar a titularidade, achegando a documentación acreditativa necesaria.

8. Con respecto á alegación de M<sup>a</sup> del Carmen Candía Cabaleiro, sobre os posibles erros na titularidade de dereitos afectados pola instalación do proxecto, cabe dicir que a empresa beneficiaria tomará razón delas, non obstante, será durante o levantamento de actas previas á ocupación, acto a que será oportunamente convocado, o momento en que pode demostrar a titularidade, presentando a documentación acreditativa necesaria.

9. Canto á alegación dos veciños e comuneiños do monte veciñal de Vilacampa, no concello do Valadouro, cómpre manifestar que o promotor eólico, en escrito de data 21 de xaneiro de 2004, desistiu da continuación do expediente expropiatorio no que a esta comunidade se refire, dado que, por exixencias da declaración de impacto ambiental do parque eólico, non é posible a instalación dos aeroxeradores sobre terreos desta comunidade.

Terceiro.-Se ben existen solicitudes de concesións mineiras de ECESA, en tramitación, coincidentes na mesma superficie espacial co parque eólico, os plans de labores previstos pola empresa mineira non se manifestan simultaneamente no tempo coas obras do parque eólico, polo que, tendo en conta o prexuízo económico e a dificultade técnica de elaborar unha variante do trazado dos foxos de cableado eléctrico subterráneo e vías de acceso a aeroxeradores por parte do promotor eólico, considérase que o promotor eólico poderá executar as obras do tendido eléctrico subterráneo e vías de acceso na localización prevista, se ben deberá modificar o seu trazado no momento oportuno, trasladándoo á zona que xa fora explotada, de tal modo que esta poida continuar adiante coa explotación do recurso mineral, ao considerar preva-  
lecente este último.

No caso das concesións mineiras de *Tuberas del Buyo y del Gistral* ante a dificultade técnica e prexuízo económico de realizar unha variante do trazado dos foxos de cableado eléctrico subterráneo e vías de acceso aos aeroxeradores, considérase que estes deben permanecer na situación prevista, todo iso tendo en conta a pequena área afectada sobre o total da concesión mineira, debendo polo tanto, prevalecer o parque eólico.

Cuarto.-No expediente instruído para o efecto cúmprense os trámites regulamentarios. Así mesmo, a instalación e o seu proxecto de execución reúnen todos os requisitos técnicos exixibles.

Esta consellería, de acordo co que antecede e no exercicio das competencias que ten atribuídas,

#### RESOLVE:

1. Autorizar a *Eurovento, S.L.* a instalación dos equipamentos electromecánicos do parque eólico denominado Buio, constituído por 29 aeroxeradores de 37.7 MW de potencia, que se situarán nos Concellos do Valadouro, Viveiro, Cervo e Xove.

2. Aprobar o proxecto de execución da citada instalación.

3. Recoñecer a esa instalación a condición de instalación acollida ao réxime especial do Real decreto 2818/1998, do 23 de decembro, e incluía no grupo b.2) do artigo 2 do dito real decreto.

4. Declarar a utilidade pública en concreto das instalacións do Parque Eólico Buio, o que leva implícita a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados e implica a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 (BOE nº 351, do 17 de decembro).

5. Declarar a compatibilidade do permiso de investigación e solicitude de concesión mineira nº 5.806.2 de ECESA co parque eólico.

6. Declarar a compatibilidade da solicitude de concesión mineira nº 5.806 de ECESA coa localización dos aeroxeradores nº 10 e 11, e mellora de vías existentes.

7. Declarar a prevalencia da solicitude de concesión mineira nº 5806 de ECESA, na superficie de afección dos foxos de tendido eléctrico subterráneo, que conectan os aeroxeradores nº 10-11 co 7, cos labores previstos polo titular do dereito mineiro na súa solicitude de concesión, non obstante o promotor eólico poderá executar as obras do citado tendido eléctrico subterráneo, ben que deberá modificar o seu trazado no momento oportuno, trasladándoo á zona que xa fora explotada por ECESA, de tal modo que esta poida continuar adiante coa explotación do recurso mineral.

8. Declarar a prevalencia da solicitude de concesión mineira nº 5.804 de ECESA, na localización dos aeroxeradores nº 4 e 5 e da subestación de Buio cos labores previstos polo titular do dereito mineiro

na súa solicitude de concesión, debendo o promotor axustar as posicións de transformación e liña, e o edificio que conforma a subestación de Buio, para que a totalidade das súas instalacións se sitúe fóra do perímetro da área de explotación mineira solicitada por ECESA.

9. Declarar a prevalencia da solicitude de concesión mineira nº 5.804 de ECESA, na superficie de afección dos foxos de tendido eléctrico subterráneo, que conectan o aeroxerador nº 7 cos nº 10-11, 1 e subestación, e vías de acceso aos aeroxeradores cos labores previstos polo titular do dereito mineiro na súa solicitude de concesión, non obstante, o promotor eólico poderá executar as obras do tendido eléctrico subterráneo e vías de acceso, ben que deberá modificar o seu trazado no momento oportuno, trasladándoo á zona que xa fora explotada por ECESA, de tal modo que esta poida continuar adiante coa explotación do recurso mineral.

10. Declara a compatibilidade da solicitude de concesión mineira nº 5.804 de ECESA, coa localización dos aeroxeradores nº 6, 7, 8 e 9, así como coas vías de acceso e foxos de cableado subterráneo de interconexión destes.

11. Declarar a prevalencia do parque eólico sobre as concesións mineiras de titularidade de *Tuberas del Buyo y del Gistral, S.A.*, en relación co tramo de foxo de cableado subterráneo eléctrico e vial que une o aeroxerador 25 co vial-foxo que continúa ata o aeroxerador nº 16.

12. Declarar a compatibilidade do parque eólico coas solicitudes de permiso de investigación nº 6.011 e 6.013 e o permiso de investigación outorgado nº 5.803 de titularidade de ECESA.

Todo iso de acordo coas condicións seguintes:

Primeira.-*Eurovento, S.L.* para os efectos de garantir o cumprimento das súas obrigas, deberá constituír, no prazo dun mes contado desde o outorgamento desta autorización, unha fianza de 731.134,39 euros, importe do 2% do orzamento que figura no expediente, para garantir o cumprimento das súas obrigas, conforme o disposto no artigo 15 do citado Decreto 205/1995, do 6 de xullo.

A dita fianza constituirase na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, en calquera das formas sinaladas no artigo 11, número 3 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, e será devolta unha vez sexa formalizada a acta de posta en marcha das instalacións.

Segunda.-As instalacións que se autorizan terán que ser realizadas de acordo coas especificacións e planos que figuran no proxecto presentado pola empresa, cun orzamento de 36.556.719,56 euros.

Terceira.-Para introducir modificacións nas instalacións que afecten datos básicos do proxecto, será necesaria a autorización previa desta Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas. Así mesmo, dentro das súas respectivas competencias, a Dele-

gación Provincial poderá autorizar as modificacións de detalle do proxecto que resulten procedentes, debendo comunicar a esta dirección xeral todas as resolucións que dite en aplicación da dita facultade.

Cuarta.-O prazo para a posta en marcha das instalacións que se autorizan será de dezaoto meses, contados a partir da data de ocupación dos terreos.

Unha vez construídas as instalacións autorizadas, a Delegación Provincial inspeccionará a totalidade das obras e montaxes efectuadas e verificará o cumprimento dos compromisos contraídos por *Eurovento, S.L.* no seu plan eólico.

Quinta.-Como requisito necesario para a aplicación á citada instalación do réxime especial, o promotor deberá inscribirla mesma no Rexistro de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica en Réxime Especial da Comunidade Autónoma de Galicia, creado pola orde da Consellería de Industria e Comercio do 5 de xuño de 1995 (DOG nº 135, do 14 de xullo), para o que acreditará o cumprimento das condicións previstas no artigo 12 do Real decreto 2818/1998, do 23 decembro, presentando a documentación que figure nas instrucións que dite esta dirección xeral en desenvolvemento da dita orde. O parque conectarase co sistema centralizado que para o réxime especial estableza, se for o caso, a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

Sexta.-Con carácter previo á posta en marcha das instalacións, o órgano competente verificará o cumprimento dos condicionados impostos nesta resolución e na declaración de impacto ambiental do 20 de outubro de 2003, así como daquelas que no seu día se emitan conforme o disposto no artigo 7.1º do Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación do impacto ambiental para Galicia (DOG nº 188, do 25 setembro).

Sétima.-O parque eólico que se autoriza reunirá no seu momento os requisitos que se recollan no procedemento de operación que propoña o operador do sistema.

A tal fin o titular da instalación deberá adecuala ao dito procedemento nun prazo de 6 meses desde a entrada en vigor.

Oitava.-A Administración reserva para si o dereito de deixar sen efecto esta autorización por calquera das causas establecidas no artigo 34 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, sobre réxime de instalacións, ampliación e traslado de industrias en xeral (BOE nº 176, do 25 de xullo), por incumprimento das condicións impostas ou por calquera outra causa excepcional que o xustifique.

Novena.-Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra esta resolución, que é definitiva en vía administrativa, cabe interpor, se for o caso, recurso potestativo de reposición de acordo co establecido no artigo 116 da Lei 30/1992, modificado pola Lei 4/1999, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir da citada data, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

P.D. (Orde 21-1-2003, DOG nº 17, do 27 de xaneiro)

Jesús Vázquez San Luis

Secretario xeral da Consellería de Innovación, industria e comercio

*Resolución do 18 de maio de 2004, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se somete a información pública o proxecto sectorial L.A.T. 66 kV Parque Eólico Serra da Loba-Sub. Sidegasa, declarado como de incidencia supramunicipal por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 5 de maio de 2004.*

O Consello da Xunta de Galicia acordou na súa reunión do 5 de maio de 2004, declarar o proxecto L.A.T. 66 kV Parque Eólico Serra da Loba-Sub. Sidegasa, promovido pola empresa *Gamesa Energía, S.A.*, como de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia.

Polo tanto, en cumprimento do disposto no artigo 13.2º do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, segundo o cal os plans ou proxectos que o Consello de la Xunta de Galicia declare como de incidencia supramunicipal se someterán por un prazo mínimo dun mes aos trámites de información pública, mediante o correspondente anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior circulación na Comunidade Autónoma e de audiencia aos concellos afectados polo plan ou proxecto,

#### RESOLVE:

Someter a información pública o proxecto L.A.T. 66 kV Parque Eólico Serra da Loba-Sub. Sidegasa, declarado como de incidencia supramunicipal por acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 5 de maio de 2004, polo prazo dun mes contado a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Os interesados disporán do citado prazo dun mes para examinareno o proxecto sectorial na Dirección

Xeral de Industria, Enerxía e Minas e nos concellos de Aranga e Curtis, e presentar ante esta dirección xeral as alegacións que consideren pertinentes.

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2004.

Ramón Ordás Badía

Director xeral de Industria, Enerxía e Minas

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

*Aviso do 28 de abril de 2004, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se anuncia a toma de posesión provisional dos predios da zona de concentración parcelaria de Cereixo e de Carnés (Vimianzo-A Coruña).*

Rematada a publicación do acordo de concentración parcelaria da zona de Cereixo e de Carnés (Vimianzo-A Coruña) e non excedendo o número de recursos presentados e pendentes de resolver do seis por cento dos titulares das explotacións, nin representando os reclamantes máis do dez por cento da superficie concentrada, a Dirección Xeral de Infraestruturas Agrarias, resolveu dar posesión provisional dos novos predios. A toma de posesión é obrigatoria para todos os interesados e enténdese, sen prexuízo das rectificacións que procedan como consecuencia dos recursos que prosperen (artigo 44 da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro). No caso de que algún propietario non permita a toma de posesión dos predios de substitución, no prazo indicado, será obxecto, logo do apercibimento, de compulsión directa, tal e como establece o artigo 45 da antedita lei.

Os interesados poderán reclamar ante esta delegación provincial, sita na praza Luís Seoane, s/n, 6º andar da Coruña presentando ditame pericial, sobre diferenzas superiores ao dous por cento entre a cabida real dos novos predios e o que conste no expediente de concentración, no prazo de sesenta días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do presente aviso no *Diario Oficial de Galicia* (artigo 46 da Lei de concentración parcelaria para Galicia).

Para os efectos oportunos establécense os seguintes prazos de toma de posesión:

a) Labradío sen colleita pendente, prados e pastos: o día seguinte ao da publicación deste aviso no *Diario Oficial de Galicia*.

b) Os restantes predios, no momento de seren retiradas as colleitas que estivesen pendentes de recolección no día antes citado.

c) En relación coas árbores existentes nos predios recoméndase, na medida do posible, chegar a un acordo entre contribuínte e adxudicatario. En caso contrario, poderán ser retiradas polos propietarios das parcelas de achega no prazo de oito meses contados desde a publicación do presente aviso no *Diario Oficial de Galicia*, logo da petición á Xefatura do Servizo de Montes e Industrias Forestais do preceptivo permiso e o informe favorable do Servizo de Conservación da Natureza, da Consellería de Medio Ambiente, no caso de seren especies autóctonas protexidas. Transcorrido o referido prazo entenderase que pertencen ao propietario do novo predio.

A Coruña, 28 de abril de 2004.

Jesús Collar Urquijo  
Delegado provincial da Coruña

### CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

*Resolución do 25 de maio de 2004 pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto, por concurso e trámite urxente, da obra de restauración e ordenación dos espazos exteriores nas illas de San Simón e San Antón, 2ª fase, Redondela (Pontevedra).*

A Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, unha vez cumpridos os trámites administrativos correspondentes, resolveu anunciar o concurso que a seguir se cita:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: obras.

b) Descrición do obxecto: restauración e ordenación dos espazos exteriores nas illas de San Simón e San Antón, 2ª fase, Redondela (Pontevedra).

c) Prazo de execución: oito (8) meses.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma de adxudicación: concurso público.

## 4. Orzamento base de licitación.

Importe total: dous millóns seiscentos vinte mil oitocentos noventa e nove euros con catorce céntimos (2.620.899,14 €), IVE incluído.

## 5. Garantías.

a) Provisional: non se exige.

b) Definitiva: 4% do importe de adxudicación.

6. Obtención de documentación e información: o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto de obras poderán ser examinados no Servizo de Obras e Contratación (teléfono 981 54 48 23), da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e nas delegacións provinciais durante o prazo de presentación de proposicións, desde as 9.00 ás 14.00 horas, e solicitarse no teléfono 981 58 89 38.

Tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da internet:

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.jsp?N=3903>.

## 7. Requisitos específicos do contratista.

-Clasificación do contratista: grupo C, subgrupo 5, categoría f; grupo K, subgrupos 6 e 7, categoría e.

## 8. Presentación de ofertas.

a) Data límite de presentación: antes das 14.00 horas do décimo terceiro día natural a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

b) Documentación que hai que presentar: a exixida na cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación de proposicións: efectuarase no rexistro xeral da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, en sobres pechados en horario de 9.00 a 14.00 horas. Se as proposicións se cursan por correo haberá que atermos ao previsto na cláusula 6.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

d) Admisión de variantes: non se admiten.

## 9. Apertura das proposicións.

a) Entidade: Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (sala de xuntas), San Caetano s/n, Santiago de Compostela.

b) Data e hora: a partir das 11.00 horas do oitavo día natural seguinte ao do remate do prazo de admisión de proposicións. No caso de que coincida en sábado ou festivo, a apertura realizarase o día hábil seguinte.

## 10. Gastos do anuncio: por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2004.

P.D. (Orde 15-12-1997)

Andrés González Murga

Secretario xeral da Consellería de Cultura,  
Comunicación Social e Turismo

## CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

*Resolución do 24 de maio de 2004, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se anuncia concurso, por procedemento aberto e trámite de urxencia, para proceder á contratación con carácter de contrato administrativo especial dos servizos de cafetería en centros dependentes desta delegación provincial.*

De conformidade co establecido na Orde do 7 de febreiro de 2003, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

Esta delegación provincial, unha vez cumpridos os trámites administrativos correspondentes, anuncia a licitación dos seguintes servizos:

## 1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Delegación Provincial de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Xestión Económica.

## 2. Obxecto do contrato: servizos de cafetería.

a) Número de servizos e lugar en que están situados:

Centro Social de Bouzas, Recheo de Bouzas s/n. 36208 Vigo.

Centro Social de Teis, r/ Buenos Aires, 14. Vigo.

Casa do Mar de Cambados. Avda. do Peirao, 12. Cambados.

b) Prazo de execución: 1 ano, prorrogable por períodos anuais.

## 3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urxente, procedemento aberto por concurso.

## 4. Orzamento base de licitación: o canon mínimo de explotación:

Servizo de cafetería: 60 € anuais.

## 5. Garantía provisional: non se exige.

## 6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Delegación Provincial de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo, Concepción Arenal, 8. 2ª planta. 36201 Vigo. Teléfono: 986 81 76 31 e 986 81 76 33. Fax: 986 81 76 64.

b) Data límite de obtención de documentos e información: ata o día de finalización do prazo de presentación de ofertas. Todos os días laborais excepto sábados, dende as 9.00 ás 14.00 horas.

## 7. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: non se exige.

b) Outros requisitos: solvencia económica, financeira e técnica. Os licitadores acreditarana en calquera das formas previstas na Lei de contratos das administracións públicas.

8. Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: no prazo de 10 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG. No caso de que o devandito día coincida en domingo ou festivo, a data límite será o primeiro día hábil seguinte.

b) Documentación que cómpre presentar: a indicada no punto 5 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: Rexistro da Delegación Provincial de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, rúa Concepción Arenal, 8. 36201 Vigo. Tamén poden enviarse por correo segundo se establece no punto 5.2.2. do prego de cláusulas administrativas.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: 3 meses dende a data de apertura das proposicións.

## 9. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Delegación Provincial de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais de Pontevedra en Vigo.

b) Data: décimo día natural seguinte ao do final do prazo de presentación de propostas. No caso de que o devandito día coincida en sábado, domingo ou festivo, celebrarase o primeiro día hábil seguinte.

c) Hora: 9.00 horas.

10. Gastos do anuncio: o importe deste anuncio será por conta dos adxudicatarios.

Vigo, 24 de maio de 2004.

Joaquín Macías Sánchez  
Delegado Provincial de Pontevedra

## EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS

*Resolución do 25 de maio de 2004 pola que se anuncia a información pública do anteproxecto de abastecemento aos concellos de Cervo e Burela, Cervo e Burela (Lugo), de clave OH.227.315/ex.*

Aprobado tecnicamente pola Resolución do 3 de maio de 2004, do presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos da Consellería de

Medio Ambiente da Xunta de Galicia, o anteproxecto de abastecemento aos concellos de Cervo e Burela, Cervo e Burela (Lugo), de clave OH.227.315/ex, sométese ao trámite de información pública durante un período de vinte días, contados a partir do día seguinte ao da derradeira publicación deste anuncio, co fin de que, os que o estimen oportuno, poidan presentar os escritos de alegacións que consideren convenientes ante este ente público.

Este anuncio será obxecto de publicación no BOE, *Diario Oficial de Galicia*, BOP de Lugo, en tres xornais e nos concellos afectados.

Os bens e dereitos afectados polas obras, así como os seus titulares, figuran no anteproxecto. As ditas afeccións e as obras están cofinanciadas nun 70% polo fondo Feder da Unión Europea.

O que se fai público para os efectos do coñecemento xeral do anteproxecto e do previsto na Lei de expropiación forzosa e o seu regulamento, estando o anteproxecto á disposición na Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (rúa Dr. Maceira, 18-baixo, 15706 Santiago de Compostela, A Coruña) e nos concellos de Cervo e Burela (Lugo).

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2004.

Emilio García Gallego  
Presidente da Empresa Pública de Obras  
e Servizos Hidráulicos

## ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

*Cédula do 11 de maio de 2004 pola que se notifica resolución de procedemento administrativo sancionador do expediente 10/2004, devolta polo servizo de correos porque intentada a notificación non se puido efectuar.*

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, (BOE nº 285 do 27 de novembro) modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, (BOE nº 112, do 14 de xaneiro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícaselle ao denunciado, cos datos persoais e último domicilio coñecido que no anexo se mencionan, mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a resolución de procedemento administrativo sancionador por presunta infracción da Lei 27/1992, do 24 de novembro (BOE nº 283, do 25 de novembro), de portos do Estado e da mariña mercante, en relación co artigo 17 do Regulamento de servizo e policía dos portos aprobado por OM do 12 de xuño de 1976, por non ser posible a notificación a través do servizo de correos.



O órgano competente para a resolución do expediente, de acordo coa tipificación e contía da sanción, e, en virtude do disposto no artigo 39.1º A) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo (DOG nº 146, do 1 de agosto), é a directora do ente público.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante o Consello de Administración do ente público Portos de Galicia (artigo 107 en relación co artigo 114 da Lei 30/1992). O prazo para a súa interposición será dun mes (artigo 115 da Lei 30/1992).

Transcorrido o devandito prazo, a resolución sancionadora devirá firme e executiva, e deberase facer efectivo o importe da sanción na conta número 2080-0155-18-400177739 da entidade *Caixanova*, empregando o modelo impreso que se facilitará nos servizos centrais de Portos de Galicia, e presentándoo en calquera entidade bancaria, dentro dos prazos establecidos no artigo 20 do Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.

De non facelo así, procederase ao seu cobramento pola vía de constrinximento prevista no devandito real decreto, segundo o establecido no artigo 97 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

E para que conste e lles sirva de notificación, e en cumprimento do disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2004.

Ana Isabel Calzadilla Bouzón  
Directora

#### ANEXO

Expediente: Sanc. 10/2004.  
Matrícula: PO0387AZ.  
Denunciante: celador do porto.  
Denunciado: Martín Pereira Iglesias.  
Último enderezo coñecido: Rúa Gruncheiras, 58. 36940-Cangas. Pontevedra.  
Feito denunciado: estacionamento en zona prohibida con sinal vertical e horizontal, fronte ao aparcadoiro do porto deportivo.  
Data: 19-5-2003.  
Hora: 9.40 h.  
Porto: Cangas.  
Precepto infrinxido: artigo 114.1º a) Lei 27/1992. Artigo 17. O.M. 12-6-1976.  
Precepto sancionador: artigo 120. Lei 27/1992.  
Sanción proposta: 90.15 euros.

*Cédula do 11 de maio de 2004 pola que se notifica resolución de procedemento administrativo sancionador do expediente 05/2004, devolta polo servizo de correos porque intentada a notificación non se puido efectuar.*

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro (BOE nº 285, do 27 de novembro), modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE nº 112, do 14 de xaneiro), de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícase ao denunciado, cos datos persoais e último domicilio coñecido que no anexo se mencionan, mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a resolución de procedemento administrativo sancionador por presunta infracción da Lei 27/1992, do 24 de novembro (BOE nº 283, do 25 de novembro), de portos do Estado e da mariña mercante, en relación co artigo 17 do Regulamento de servizo e policía dos portos aprobado pola Orde ministerial do 12 de xuño de 1976, por non ser posible a notificación a través do servizo de correos.

O órgano competente para a resolución do expediente, de acordo coa tipificación e contía da sanción, e, en virtude do disposto no artigo 39.1º A) do Decreto 227/1995, do 20 de xullo (DOG nº 146, do 1 de agosto), é a directora do ente público.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante o Consello de Administración do ente público Portos de Galicia (artigo 107 en relación co artigo 114 da Lei 30/1992). O prazo para a súa interposición será dun mes (artigo 115 da Lei 30/1992).

Transcorrido o devandito prazo, a resolución sancionadora devirá firme e executiva, e deberá facerse efectivo o importe da sanción na conta número 2080-0155-18-400177739 da entidade *Caixanova*, empregando o modelo impreso que se facilitará nos servizos centrais de Portos de Galicia, e presentándoo en calquera entidade bancaria, dentro dos prazos establecidos no artigo 20 do Real decreto 1684/1990, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.

De non facelo así, procederase ao seu cobramento pola vía de constrinximento prevista no devandito real decreto, segundo o establecido no artigo 97 da vixente Lei 30/1992, do 16 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

E para que conste e lles sirva de notificación, e en cumprimento do disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico

das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2004.

Ana Isabel Calzadilla Bouzón  
Directora do ente público Portos de Galicia

### ANEXO

Expediente: Sanc. 05/2004.

Matrícula: 0470BCZ.

Denunciante: celador do porto.

Denunciada: Nieves Brañas Iglesias.

Último enderezo coñecido: rúa Gaviota, 26-5 A, 36205 Vigo (Pontevedra).

Feito denunciado: estacionamento fronte ao peche do aparcadoiro do porto deportivo impedindo a circulación.

Data-hora-porto: 13-5-2003; 16.15 h; Cangas.

Precepto infrinxido: artigo 114.1º a) da Lei 27/1992; artigo 17 da Orde ministerial do 12-6-1976.

Precepto sancionador: artigo 120 da Lei 27/1992.

Sanción proposta: 90,15 euros.

## INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

*Resolución do 25 de maio de 2004 pola que se anuncia concurso aberto para a adquisición de 250 vivendas en fase de proxecto en diversas localidades de Galicia-2004.*

Cumpridos os trámites regulamentarios no correspondente expediente administrativo, o Instituto Galego da Vivenda e Solo anuncia a seguinte contratación polo sistema de concurso aberto.

Obxecto:

Adquisición de 250 vivendas en fase de proxecto en todos os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orzamento:

Dezasete millóns cincocentos mil euros (17.500.000 €).

Sistema de adxudicación:

Concurso aberto.

Garantía provisional:

Mil cincocentos oito euros con vinte e tres céntimos (1.508,23 €) por vivenda nas ofertas correspondentes á área xeográfica 1 e mil catrocentos cincuenta e tres euros con trinta e catro céntimos (1.453,34 €) por vivenda nas ofertas correspondentes á área xeográfica 2, que supón o 2% do prezo máximo dunha

vivenda de 90 m<sup>2</sup> con garaxe de 25 m<sup>2</sup> e rocho de 6 m<sup>2</sup>.

No caso de vivendas unifamiliares, a garantía provisional será de mil seiscientos cincuenta e nove euros con cinco céntimos (1.659,05 €), nas ofertas correspondentes á zona territorial 1 e de mil cincocentos noventa e oito euros con sesenta e sete céntimos (1.598,67 €), nas ofertas correspondentes á zona territorial 2.

Documentación de interese para os licitadores:

Os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán nesta contratación estarán de manifesto e á disposición dos interesados para o seu exame durante o prazo de presentación de proposicións no rexistro da sede dos servizos centrais do IGVS (polígono das Fontiñas, Área Central, s/n, Santiago de Compostela), desde as nove (9.00) ás catorce (14.00) horas, de luns a venres.

Ademais, a dita documentación estará á disposición dos interesados na copistería *Copy Estudio*, da rúa Nova, 19-20 (Galerías) en Santiago de Compostela, e co teléfono de contacto nº 981 59 33 85.

Tamén se poderá obter os pregos relativos a esta contratación a través de internet no enderezo: <http://www.xunta.es/contratación/resultado.asp?N=3904>.

Modelo de proposicións:

A proposición económica deberá formularse estritamente conforme o modelo que se xunta no anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares.

Prazo de presentación de proposicións:

As proposicións presentaranse, nos días e horas hábiles, no antedito rexistro no prazo máximo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. De coincidir o último día en sábado ou festivo o prazo para a presentación de proposicións rematará o primeiro día hábil seguinte. Cando a proposición se envíe por correo o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante telegrama ou fax (981 54 16 00) no mesmo día.

Apertura de proposicións:

A apertura das proposicións admitidas será realizada pola mesa de contratación, reunida en acto público na sala de xuntas da sede dos servizos centrais do IGVS, ás dez (10.00) horas do undécimo (11) día natural a partir do seguinte ao da finalización do prazo de presentación de proposicións. Se este día coincidise en sábado ou festivo, a mesa reunirase o primeiro día hábil seguinte á mesma hora.

Documentos que deben achegar os licitadores:

Serán os indicados na cláusula sétima do prego de cláusulas administrativas particulares.

**Anuncio:**

O importe dos anuncios da licitación será por conta dos adxudicatarios.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2004.

P.D. (Resolución 6-4-1995)  
José Antonio Redondo López  
Director xeral do Instituto Galego  
da Vivenda e Solo

*Cédula do 3 de maio de 2004, da Área Provincial de Pontevedra, polo que se notifica a Manuel Rodríguez Boubeta o inicio do expediente de desafiuzamento por non ocupación, acordado no expediente de desafiuzamento administrativo (expediente DO-021/03).*

De conformidade cos artigos 59 e 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación persoal no último domicilio coñecido, emprázase o interesado que se sinala no anexo para ser notificado por comparecencia, na cal se lle dará coñecemento do contido íntegro do acto que se notifica.

A comparecencia deberá efectuarse ante o órgano de tramitación, Sección de Inspección e Sancións do Instituto Galego da Vivenda e Solo, situado na r/ Alcalde Hevia, número 7, 36071 Pontevedra, nun prazo de diez días contados desde o seguinte ao da publicación desta cédula.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Andrés Iglesias López  
Xefe da Área Provincial de Pontevedra

**ANEXO**

Expediente: PO-832 (expte. desaf.: DO-021/03).  
Cta.: 67.

Nome: M. Rodríguez Boubeta.

Enderezo: rúa Camiño Maceiras, número 32, baixo-C, blq. E, ptal. 46 en Vigo, Pontevedra.

Indicación do contido do acto que se notifica: acordo de inicio do procedemento administrativo de desafiuzamento por non ocupación, e por falta de pagamento, contra Manuel Rodríguez Boubeta e demais ocupantes da vivenda de promoción pública, identificada como expediente PO-832 cta. 67.

Recursos: contra este acordo, que non é susceptible de recurso, o interesado dispón dun prazo de quince días, que se contarán a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, para presentar cantas alegacións, documentos ou informacións considere convenientes e, de ser o caso, para propor proba concretando os medios de que pretenda valerse.

**INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO**

*Anuncio do 6 de maio de 2004 polo que se emprazan os interesados para seren notificados por comparecencia.*

De conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, despois de intentada a notificación por dúas veces, emprázanse os interesados que se sinalan no anexo para seren notificados por comparecencia.

Os actos foron adoptados polo presidente do Instituto Galego de Consumo.

A comparecencia deberá efectuarse, no prazo de dez días contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio, ante os servizos centrais do Instituto Galego de Consumo, con enderezo na praza de Europa, nº 10, A-2º (pol. As Fontiñas) de Santiago de Compostela, en horario das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o dito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte ao do vencemento do prazo sinalado para comparecer.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2004.

Víctor Tello Calvo  
Presidente do Instituto Galego de Consumo

**ANEXO**

Interesado: *Asociación Informacu Pontevedra.*

Acto notificado: vixencia no Rexistro de Organizacións de Consumidores e Usuarios de Galicia.

Interesado: *Asociación de Consumidores y Usuarios La Defensa de Ferrol.*

Acto notificado: vixencia no Rexistro de Organizacións de Consumidores e Usuarios de Galicia.

Interesado: *Asociación de Mulleres Progresistas pola Igualdade de Consumidores e Usuarios de Lugo.*

Acto notificado: vixencia no Rexistro de Organizacións de Consumidores e Usuarios de Galicia.

Interesado: *Asociación para a Defensa de Usuarios e Consumidores de Lugo.*

Acto notificado: vixencia no Rexistro de Organizacións de Consumidores e Usuarios de Galicia.

**b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE BARRO**

*Anuncio da aprobación inicial do Plan Parcial SU-R-3 en Santo Antoniño-Perdecanaí.*

O Pleno do Concello de Barro, en sesión que tivo lugar o 12 de maio de 2004, adoptou acordo de

aprobación inicial do Plan Parcial SU-R-3 en Santo Antoniño-Perdecanaí, do que é promotor o Concello de Barro.

De conformidade co establecido no artigo 86 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, exponse ao público o documento e o expediente administrativo para os efectos de que os interesados formulen as alegacións que coiden oportunas.

Lugar: secretaría do concello.

Horario de consulta: das 9.00 ás 15.00 horas de luns a venres, e das 9.00 ás 14.00 horas os sábados.

Prazo: un mes e medio, contado a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Barro, 21 de maio de 2004.

José Antonio Landín Eirín  
Alcalde

*Anuncio da aprobación inicial do Plan Parcial SU-R-4 en Santo Antoniño-Perdecanaí.*

O Pleno do Concello de Barro en sesión que tivo lugar o 12 de maio de 2004, adoptou acordo de aprobación inicial do Plan Parcial SU-R-4 en Santo Antoniño-Perdecanaí, do que é promotor o Concello de Barro.

De conformidade co establecido no artigo 86 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, exponse ao público o documento e o expediente administrativo para os efectos de que os interesados formulen as alegacións que coiden oportunas.

Lugar: secretaría do concello.

Horario de consulta: das 9.00 ás 15.00 horas de luns a venres, e das 9.00 ás 14.00 horas os sábados.

Prazo: un mes e medio, contado a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Barro, 21 de maio de 2004.

José Antonio Landín Eirín  
Alcalde

## CONCELLO DE CAMBRE

*Anuncio de poxa de inmovible público patrimonial.*

O Concello de Cambre incoou expediente de contratación para o alleamento por poxa de inmovible patrimonial, (planta baixa da esquerda, local que ocupa a planta primeira, segunda, terceira e aproveitamento baixo-cuberta, e dereito de voo), sito en Freande, nº 16 (Cambre).

Tipo mínimo de licitación: 313.200 euros, IVE incluído.

O anuncio de licitación publicouse no BOP nº 112, do 19 de maio, do ano que andamos.

Os interesados poderán obter información e consultar os pregos e plano no Depramento de Contratación, no primeiro andar da casa do concello, presentar alegacións aos pregos no de oito días, e obter copias na páxina web <http://www.cambre.org/publicaciones>

O prazo para presentar as proposicións e demais documentación será de quince días naturais a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Cambre, 20 de maio de 2004.

P.D. (Resolución alcaldía 26-6-2003)  
Andrés Rafael López Arcay  
Concelleiro delegado de Urbanismo, Facenda e Réxime Interior

*Anuncio de poxa de obras.*

O Concello de Cambre incoou expediente de contratación para a adxudicación por poxa da obra que a seguir se relaciona, incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal e de Rede Viaria Local 2004:

Renovación tramos da rede de abastecemento municipal en Amil e outros, ano 2004: orzamento: 347.156,83 euros, IVE incluído.

Os anuncios de licitación publicáronse no BOP nº 115, do 22 de maio deste ano.

Os interesados poderán obter información e consultar os pregos e os proxectos no Departamento de Contratación, no primeiro andar da casa do concello.

O prazo para presentar as proposicións e demais documentación será de trece días naturais a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Cambre, 24 de maio de 2004.

P.D. (Resolución alcaldía 26-6-2003)  
Augusto Rey Moreno  
Concelleiro delegado de Infraestruturas, Transportes, Seguridade Cidadá e Protección Civil

## CONCELLO DE CURTIS

*Anuncio de concurso.*

Anúnciase a contratación por concurso con procedemento aberto da obra denominada remodelación r/ Martínez Pardo, 1ª fase, incluída no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencias Municipal e Rede Viaria local do ano 2004.

Orzamento: 103.176,93 euros.

Garantía definitiva: 4% do prezo da adxudicación.

Prego e proxectos: rexerá o prego de condicións-tipo aprobado pola deputación provincial o 15 de xullo de 2002, publicado no BOP nº 205, 6-9-2002. Pode ser examinado na secretaría do concello, durante o prazo de presentación de proposicións e en horario de 9.00 ás 13.00 horas.

Presentación de proposicións: no rexistro xeral de entrada de documentos do concello, desde as 9.00 ás 13.00 horas, dentro do prazo dos vinte e seis días naturais seguintes, contados desde o día seguinte ao da última publicación, en dous sobre pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación exixida na cláusula 12 do prego de condicións.

Apertura de proposicións: en acto público ás 12.00 horas do quinto día hábil seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de proposicións. (De ser sábado trasladaríase ao primeiro día hábil seguinte).

Lugar de presentación: rexistro do Concello de Curtis, praza de España, nº 1, 15310 Teixeira.

Anuncios: o adxudicatario virá obrigado a pagar todos os gastos de publicación de anuncios de licitación e adxudicación no xornal ou diarios oficiais.

Curtis, 30 de abril de 2004.

Javier F. Caínzos Vázquez  
Alcalde

## CONCELLO DE GONDOMAR

*Anuncio.*

Consonte o acordado pola Xunta de Goberno Local na súa xuntanza do 4 de maio pasado, sométese a información pública polo prazo de 20 días o borrador do convenio urbanístico subscrito o pasado 13 de abril de 2004 en relación á execución do planeamento no ámbito territorial do polígono 18 no núcleo urbano de Gondomar, entre *Promociones José Fajo, S.L.* e o Concello de Gondomar, ao abeiro do previsto no artigo 237 da Lei 9/2002, do 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Gondomar, 7 de maio de 2004.

J. Carlos Silva Mariño  
Alcalde

## CONCELLO DE MEAÑO

*Anuncio.*

Convócase concurso para a adxudicación da subministración de equipamento interpretativo e mobiliario do Pazo de Lis para Museo da Muller Labrega,

incluído no proxecto rede turismo cultural/SPI-E.29 pertencente á iniciativa comunitaria Interreg IIIA transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, conforme os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que se consideran parte integrante do contrato:

Entidade adxudicadora: Concello de Meaño. Dependencia na que se tramita o expediente: Secretaría-Intervención. Número de expediente: 1/2004. Órgano: Xunta de Goberno Local.

Obxecto do contrato: a subministración de equipamento interpretativo e mobiliario do Pazo de Lis para o Museo da Muller Labrega, conforme as características que figuran no prego de prescricións técnicas que se unen como anexo ao expediente e ao prego de cláusulas administrativas. A proposición afectará a totalidade do obxecto do contrato. Lugar de entrega: Museo da Muller Labrega (Pazo de Lis) As Covas, Meaño. Prazo de entrega: 90 días naturais contados a partir da sinatura do contrato.

Base ou tipo de licitación: o orzamento total do contrato que servirá de base de licitación ascende a un total de 42.297,94 €, IVE, gastos de transporte, instalación e posta en funcionamento incluídos.

Capacidade para contratar: poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten solvencia económica, financeira e técnica ou profesional nos termos dos artigos 16 e 17 do TRLACP e non estean afectados por ningunha das circunstancias que enumera o artigo 20 como prohibitivas para contratar.

Garantías: provisoria: equivalente ao 2% do orzamento de licitación e poderá ser constituída en calquera das formas reguladas no art. 35 do TRLCAP. Definitiva: será do 4% do importe de adxudicación. O período de garantía fíxase como mínimo nun ano desde a entrega da subministración.

Presentación de proposicións: lugar e prazo: presentaranse no rexistro xeral do concello (rúa Campo da Feira, nº 1 Meaño, CP 36968). Teléfono: 986 74 71 02) en horario de 9.00 a 13.30 horas no prazo de 13 días naturais contados a partir do día seguinte da publicación do último anuncio de licitación no BOP ou DOG; segundo as formalidades previstas na cláusula 7 do prego de cláusulas administrativas particulares. Unha vez presentada a proposición non poderá ser retirada e o licitador está obrigado a mantela polo prazo de mes e medio.

Criterios que servirán de base para a adxudicación da subministración: os establecidos na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Apertura de proposicións: a mesa de contratación reunirase ás 13.00 horas do martes, xoves ou venres inmediatos ao terceiro día hábil seguinte ao da data de remate de presentación de proposicións.

Tramitación, procedemento e forma. Tramitación: urxente, procedemento: aberto, forma: concurso.

Obtención de información e documentación: Concello de Meaño (r/ Campo da Feira nº 1, Meaño). Teléfono: 986 74 71 02. Fax: 986 74 73 91.

Meaño, 19 de maio de 2004.

Jorge Domínguez Rosal  
Alcalde

*Anuncio.*

Convócase concurso para a adxudicación da subministración de sistemas de seguridade, multimedia e equipos informáticos do Pazo de Lis para Museo da Muller Labrega, incluído no proxecto rede turismo cultural T/SP1.E80 pertencente á iniciativa comunitaria Interreg IIIA transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal, conforme os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que se consideran parte integrante do contrato:

Entidade adxudicadora: Concello de Meaño. Dependencia na que se tramita o expediente: Secretaría-Intervención. Número de expediente: 2/2004. Órgano: Xunta de Goberno Local.

Obxecto do contrato: a subministración de equipamento de sistemas de seguridade, multimedia e equipos informáticos do Pazo de Lis para o Museo da Muller Labrega, conforme as características que figuran no prego de prescricións técnicas que se unen como anexo ao expediente e ao prego de cláusulas administrativas. A proposición afectará a totalidade do obxecto do contrato. Lugar de entrega: Museo da Muller Labrega (Pazo de Lis) As Covas, Meaño. Prazo de entrega: 90 días naturais contados a partir da sinatura do contrato.

Base ou tipo de licitación: o orzamento total do contrato que servirá de base de licitación ascende a un total de 97.235,99 €, IVE, gastos de transporte, instalación e posta en funcionamento incluídos.

Capacidade para contratar: poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten solvencia económica, financeira e técnica ou profesional nos termos dos artigos 16 e 17 do TRLCAP e non estean afectados por ningunha das circunstancias que enumera o artigo 20 como prohibitivas para contratar.

Garantías: provisoria: equivalente ao 2% do orzamento de licitación e poderá ser constituída en calquera das formas reguladas no art. 35 do TRLCAP. Definitiva: será do 4% do importe de adxudicación. O período de garantía fíxase como mínimo nun ano desde a entrega da subministración.

Presentación de proposicións: lugar e prazo: presentaranse no rexistro xeral do concello (rúa Campo da Feira, nº 1 Meaño, CP 36968). Teléfono: 986 74 71 02) en horario de 9.00 a 13.30 horas no prazo de 13 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do último anuncio de licitación no BOP ou no DOG; segundo as for-

malidades previstas na cláusula 7 do prego de cláusulas administrativas particulares. Unha vez presentada a proposición non poderá ser retirada e o licitador está obrigado a mantela polo prazo de mes e medio.

Criterios que servirán de base para a adxudicación da subministración: os establecidos na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Apertura de proposicións: a mesa de contratación reunirse ás 13.00 horas do martes, xoves ou venres inmediatos ao terceiro día hábil seguinte ao da data de remate de presentación de proposicións.

Tramitación, procedemento e forma. Tramitación: urxente, procedemento: aberto, forma: concurso.

Obtención de información e documentación: Concello de Meaño (r/ Campo da Feira nº 1, Meaño). Teléfono: 986 74 71 02. Fax: 986 74 73 91.

Meaño, 19 de maio de 2004.

Jorge Domínguez Rosal  
Alcalde

**CONCELLO DE MIÑO**

*Anuncio de contratación de obra.*

Concurso, con procedemento aberto e trámite de urxencia, para a contratación da obra de recuperación do patrimonio etnográfico da auga fase 1.

1. Entidade adxudicadora.

Concello de Miño.

2. Obxecto do contrato.

Execución da obra de recuperación do patrimonio etnográfico da auga fase 1.

3. Tramitación.

Urxente, concurso público con procedemento aberto.

4. Tipo de licitación.

89.342,67 euros.

5. Garantías.

Provisional: 1.786,85 euros.

Definitiva: 4% do importe da adxudicación.

6. Prazo de execución.

Once meses (11).

7. Obtención da documentación e información.

a) Lugar e prazo: Concello de Miño (A Coruña). Avenida Xeneralísimo, 98, 15630 Miño. Teléfono: 981 78 20 06. Fax: 981 78 31 75. No prazo de 13 días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

b) Prego de cláusulas administrativas: o publicado pola Deputación Provincial da Coruña, no BOP nº 205, do 6 de setembro de 2002.

**8. Requisitos específicos do contratista.**

Os sinalados no prego de cláusulas administrativas.

**9. Presentación de ofertas.**

a) Lugar de presentación: Casa do Concello, avenida Xeneralísimo, 98 (Miño), oficinas xerais, rexistro de entrada. No horario de 9.00 a 14.00 horas, agás os sábados que será de 11.00 a 13.00 horas.

b) Prazo: trece (13) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, DOG e un dos diarios de maior tirada na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Documentación: a exixida no prego de condicións.

**10. Apertura de plicas.**

Na casa do concello, ás 12.00 horas do quinto día hábil seguinte ao do remate do prazo para a presentación de proposicións. Se este día resultase ser sábado, trasladarase ao seguinte día hábil.

**11. Gastos.**

Serán de conta do adxudicatario todos os gastos que se orixinen.

Miño, 20 de maio de 2004.

P.D. (Decreto 201/2003, 7 de novembro)  
José María Laya Carril  
Primeiro tenente de alcalde

**CONCELLO DE VIVEIRO***Anuncio de contratación.*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Viveiro aprobou o día 19 de abril de 2004 as bases para a contratación da subministración que a seguir se relaciona:

**1. Obxecto.**

Este prego ten por obxecto a adquisición conxunta, mediante o sistema de leasing (arrendamento financeiro), dun tractor e unha rozadora para os servizos municipais deste concello.

**2. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

**3. Tipo de licitación.**

O prezo que servirá de base á licitación ascende a 45.000 €.

**4. Garantía.**

a) Provisoria: novecentos euros (900 €).

b) Definitiva: 4% do importe da adxudicación.

**5. Obtención de documentación.**

O prego de cláusulas administrativas e prescricións técnicas estarán ao dispor de todos os interesados no Negociado de Urbanismo e Contratación, sito nos claustros de San Francisco, avda. de Cervantes, s/n, en horario de 8.00 a 15.00 horas.

**6. Prazo de presentación das proposicións.**

15 días naturais seguintes á publicación do anuncio no último dos boletíns oficiais (DOG e BOP). No caso de que o día décimo quinto coincida en sábado, domingo ou festivo, entenderase o prazo prorrogado ata o día laborable seguinte.

**7. Gastos pola conta do adxudicatario.**

Os dos anuncios que xere, os preparatorios e os de formalización do contrato.

Os tributos estatais, autonómicos e locais que deriven do contrato.

**8. Máis información.**

Teléfono: 982 56 20 47, en horario 8.00 a 15.00.  
Fax: 982 56 31 56. Correo electrónico: viveiro@fegamp.es

Viveiro, 26 de abril de 2004.

Melchor Roel Rivas  
Alcalde

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO***Anuncio de contratación.*

Por medio da presente resolución convócase concurso para a contratación das seguintes obras e conforme as características que se sinalan a seguir:

Obra	Orzamento contrata	Prazo execución	Clasificación exixida
Nº 351 P.O.L. 2004 Cervantes. Saneamento e depuración de Vilaver na canca do río Vilaver	110.000	9 meses	Grupo E) Subgrupo 1) Categoría c)
Nº 352 P.O.L. 2004 A Fonsagrada. Rede de saneamento e estación depuradora en Lamas de Moreira e Carracedo	180.000	4 meses	Grupo E) Subgrupo 1) Categoría d)
Nº 353 P.O.L. 2004 Guitiriz. Mellora da estación de tratamento de auga potable de Parga	124.867,85	4 meses	Grupo E) Subgrupo 1) Categoría d)
Nº 354 P.O.L. 2004 O Incio. Abastecemento de auga á parroquia de Laiosa	164.000	10 meses	Grupo E) Subgrupo 1) Categoría c)
Nº 357 P.O.L. 2004 Monforte de Lemos. Abastecemento de auga ao parque de bombeiros e conexións coa rede de Monforte de Lemos	70.000	3 meses	Non se exixe
Nº 358 P.O.L. 2004 Muras. Traída augas a Pena da Leira, Cabana, Freán e barrio de Carelle Pequeno	180.275	4 meses	Grupo E) Subgrupo 1) Categoría d)
Nº 362 P.O.L. 2004 Palas de Rei. Saneamento, abastecemento e depuración en Meixide e San Xulián (terminación)	179.301,88	6 meses	Grupo E) Subgrupo 1) Categoría c)

## Características:

1. Entidade adxudicadora.

a) Deputación Provincial de Lugo.

b) Dependencia: Servizo de Plans e Contratación.

2. Obxecto do contrato.

A execución das obras sinaladas ao comezo do anuncio.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación.

O que se sinala ao comezo do anuncio.

5. Garantías.

a) Provisional: o 2% sobre o orzamento do contrato.

b) Definitiva: o 4% sobre o importe de adxudicación.

Ambas as dúas fianzas deberán constituírse na Tesourería Provincial.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Deputación Provincial de Lugo.

b) Domicilio: rúa San Marcos, s/n.

c) Localidade e código postal: Lugo, 27001.

d) Teléfono: 982 26 00 78.

e) Fax: 982 26 01 67.

f) Data límite de obtención da documentación: ata o día anterior ao remate do prazo de presentación.

7. Requisitos específicos do contratista.

Clasificación: a que se sinala no encabezado (de ser exíxible).

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 13 días naturais contados desde o día seguinte á publicación do presente edicto, no *Diario Oficial de Galicia*, se o último día coincide en domingo ou festivo, o día seguinte.

b) Documentación que hai que presentar: a sinalada no prego de condicións baixo a rúbrica «Contido de proposicións».

c) Lugar de presentación: rexistro xeral de 10.00 a 14.00 horas.

1. Entidade: deputación.

2. Domicilio: rúa San Marcos, s/n.

3. Localidade e código postal: Lugo, 27001.

d) Prazo durante o cal o licitador está obrigado a manter a súa oferta: 3 meses.

e) Non se admiten variantes ao proxecto aprobado, agás no prazo de execución.

Exixirase rigorosamente o cumprimento do prazo de execución ofertado polo contratista e o seu incumprimento dará lugar á resolución do contrato.

f) A verificación de poderes farase especificamente para o presente concurso.

9. Apertura de ofertas.

a) Entidade: deputación.

b) Domicilio: rúa San Marcos, s/n.

c) Localidade: Lugo.

d) Data: o cuarto día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación, agás os sábados.

e) Hora: ás 12.00 horas.

10. Outras informacións.

Nos teléfonos indicados.

11. Gastos de anuncios.

Correrán por conta dos adxudicatarios.

12. Financiamento.

As obras do programa operativo local, obxectivo 1 que figuran nesta relación financiáronse nun 70% con fondos Feder da Unión Europea.

Lugo, 14 de maio de 2004.

Francisco Cacharro Pardo

Presidente da Deputación Provincial de Lugo

Faustino Martínez Fernández

Secretario da Deputación Provincial de Lugo

### c) OUTROS ANUNCIOS

#### **SOCIEDADE DE IMAXE E PROMOCIÓN TURÍSTICA DE GALICIA, S.A.**

*Anuncio do 25 de maio de 2004 polo que se anula a convocatoria dunha praza de persoal laboral fixo.*

Na tramitación do procedemento para a cobertura da praza de auxiliar administrativo para a oficina de turismo da Coruña (ref. 2 AUX-CO) producíronse vicios substanciais, polo que procede anular a convocatoria publicada no DOG nº 95, do 19 de maio de 2004.

Santiago de Compostela, 25 de maio de 2004.

Pedro Capó Martínez

Director xerente de *Turgalicia, S.A.*